

**Monstros e seres fantásticos, un imaxinario fundador
na construción da imaxe do Oriente**

Lorena Pazos Romero

**Dissertação de Mestrado em História - Área de Especialização em
História Medieval**

Dezembro do 2017

Dissertação apresentada para cumprimento dos requisitos necessários à obtenção do grau de Mestre em História Medieval, realizada sob a orientação científica da Prof.^a Doutora Maria de Lurdes Rosa e o Doutor Paulo Esmeraldo Catarino Lopes.

Sumario

Sumario.....	4
Agradecementos	7
Resumo	9
Abstract.....	10
Índice de abreviaturas	11
Introdución.....	12
1. Estado da arte, fontes e metodoloxía	14
1.1. Estado da arte.....	14
As marabillas e os monstros	14
Os libros de viaxes medievais.....	16
- O Postcolonialismo e o rexeitamento do Orientalismo	18
A expansión medieval de Europa	21
O papel do monstruoso e do marabilloso na construción da imaxe do Oriente ..	23
1.2. Fontes.....	26
1.3. Metodoloxía	34
2. O monstro na Idade Media	37
2.1. O peso da Antigüidade.....	37
2.2. O pensamento cristián acerca do monstro e as razas monstruosas	38
2.3. Os monstros e o seu universo: o marabilloso.....	41
3. Oriente e o Medievo	43
3.1. Asia na visión do mundo.....	43
3.2. O redescubrimento do Oriente	44
4. Oriente, terra de monstros: o imaxinario dun espazo, un espazo de imaxinación	48
4.1. África	48
Exipto	49
Etiopía.....	52
4.2. Próximo Oriente.....	53
Babilonia.....	54
Serra de Armenia	56
Cidade de Saba	57
Yemen.....	58
Reino de “Cadelis”	58

4.3. A India	59
4.3.1. O reino do Preste Xoán: a outra India	63
O Mar Areoso	66
Un animal fabuloso do reino: os odouches	66
O reino das amazonas	66
A cidade dos xigantes	67
As illas dos xigantes	68
A illa das mulleres con pedras preciosas dentro dos ollos	68
A illa na que as mulleres teñen serpes no corpo	69
Illa da árbore do Sol e a Lúa	69
A illa dos ulidores de mazás	70
4.4. O océano Índico e o seu espazo insular	70
Sumatra	72
Illas Andamán e Nicobar	73
Illa de Ormuz	74
Illa de Xava	75
Illa de “Chana”	75
Illa de “Tracoda”	75
Illa de Ceilán	76
As illas de Mandeville	76
As illas Macho e Femia	79
Illa de Madagascar	80
4.5. Asia Central	81
A Amazonia	82
A Bactria	83
Tanguiquina	84
Samarcanda	85
4.6. A China	85
4.7. A Tartaria	88
5. Monstros e marabillas: o papel dos libros de viaxe na imaxe do Oriente	91
5.1. A alteridade	91
5.2. As razas monstruosas femininas	93
5.3. O marabilloso en tres séculos de libros de viaxes	94
5.4. A extraordinaria diversidade dos monstros	96
5.5. Un continente diferente pero coñecido	97

5.6. Un Oriente de contrastes: do medo á admiración	101
6. Conclusións	103
7. Índice de mapas	106
8. Bibliografía.....	107
Fontes.....	107
Estudos.....	108
9. Anexo: Base de datos de monstros nos libros de viaxes	118

Agradecementos

Hoxe que está acabando unha das etapas máis importantes da miña vida, ésta do mestrado, de profundo crecemento persoal e intelectual, non podo evitar lembrarme do verán do 2015. Despois de catro anos obtiven o meu grao en historia e souben que era ese o momento de seguir loitando polo que realmente quería, por dedicarme á investigación neste marabilloso mundo que é o da historia medieval. Chegara o tempo de enfrontarme a novos retos nunha universidade e cidade diferentes, de avanzar, de creer en min e de vivir novas experiencias, e sei que non me arrepentirei nunca desa decisión.

O meu primeiro agradecemento, como non podía ser doutra maneira, é para os meus orientadores: a Profesora Doutora María de Lurdes Rosa, do Departamento de Historia da FCSH/UNL; e o Doutor Paulo Esmeraldo Catarino Lopes, investigador do Instituto de Estudos Medievais (IEM) e Centro de Historia d'Aquém e d'Além-Mar (CHAM), ambos Unidades de Investigación da FCSH-NOVA. Desde o primeiro día que iniciamos esta viaxe por terras fantásticas, a vosa guía, axuda e comprensión foi incondicional. Grazas por ensinarme cómo se debe facer un traballo de investigación, por deixarme escoller cando houbo que facelo, por animarme a pensar e criticar, por escoitar as miñas ideas e valoralas, foran boas ou malas, e grazas, sobre todo, por facer isto con todo o cariño e apoio do mundo. En verdade, non podería ter escollido a mellores persoas e investigadores para acompañarme neste camiño.

Outra persoa tamén indispensable neste mundo académico, e neste tempo adicado á tese de mestrado, é o meu mentor e amigo, José Carlos Bermejo Barrera, Catedrático de Historia Antiga da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Debo agradecerche que foras a primeira persoa que viu en min un futuro como historiadora, que me aconsellou sinceramente e que me ofreceu todo o apoio que necesitase en calquera momento. Sen dúbida, eres para min o exemplo do que un historiador debe ser. Grazas por escoitarme, por entenderme, por preocuparte e por axudarme tanto coa túa experiencia académica e persoal.

Agradezo tamén aos meus colegas e amigos, españois e portugueses, por compartir comigo coñecementos, opinións e consellos, e amosarme cómo a colaboración sempre é a mellor opción. O noso entusiasmo de xóvenes medievalistas fai que as charlas sexan sempre enriquecedoras e divertidas.

Tamén debo agradecerlle ás miñas amigas, en especial a Goretti, o seu apoio, cariño e por ser as mulleres fortes, independentes e loitadoras que me inspiran e acompañan neste mundo que sempre é un pouco máis difícil para nós.

E por último, pero quizais o agradecemento máis importante, é para os meus pais, aos que admiro profundamente. Sodes o exemplo de que todo se pode lograr con traballo e esforzo. Grazas por ensinarme a andar polo mundo con respecto e educación e por apoiar sempre as miñas decisións, aínda que non sempre fosen as máis sensatas.

Carballo, 5 de decembro de 2017

A presente tese de mestrado foi defendida em provas públicas no dia 27 de febreiro de 2018, perante un tribunal que tivo como argüente principal e presidenta, respectivamente, ás profesoras Ana Maria Rodrigues e Maria João Branco. A preparación da versión definitiva deste traballo beneficiouse moito dos comentarios, preguntas e suxestións de ambas, e por iso lles manifesto aquí o meu profundo agradecemento.

Carballo, 7 de abril de 2018

Resumo

Esta tese pretende recrear a imaxe marabillosa do Oriente que se difunde na Península Ibérica nos séculos finais da Idade Media. Para cumprir tal cometido, estúdanse os monstros e seres fantásticos recollidos nos libros de viaxes que exploraban o continente asiático. Os relatos de viaxes escollidos son aqueles que chegaron a circular na Península desde finais do século XIII a principios do XVI.

En primeiro lugar, analizarase a figura do monstro, o concepto de Asia no Medievo europeo e a redescuberta do Oriente na Idade Media. Estes capítulos son necesarios para comprender despois tanto as características coma a importancia da relación entre o monstro e este territorio, e poder analizalos desde a perspectiva da Europa medieval.

Despois, seguindo as diferentes rexións de Asia, estúdanse os monstros que se atopan nos libros de viaxes medievais seleccionados, coas súas características e os lugares nos que se sitúan. En cada un destes territorios, farase unha pequena introdución de posibles mitos anteriores e despois agrúpanse os monstros segundo o seu emprazamento concreto, que pode ser real ou imaxinario. Desta maneira podemos ver qué panorama monstruoso se crea para cada lugar, e ter así unha imaxe completa do continente, ao mesmo tempo que de cada rexión.

Por último, e o obxectivo final, é analizar qué datos nos aporta esta imaxe monstruosa dos libros de viaxes sobre o Oriente, qué é o que define este panorama marabillosa: as diferencias entre os relatos analizados, patróns que segue ou datos únicos e excepcionais. Desta forma, indícarase cales destes datos nos aportan información sobre o Oriente, tanto sensacións que se poida transmitir sobre o territorio (medo, fascinación...) como pistas que nos poidan dar sobre as xentes dese lugar. Tamén se destacarán aqueles conceptos que traspasan os libros de viaxes e acaban por arraigar na sociedade do momento, coma a alteridade ou o “home salvaxe”.

Palabras chave: monstros; marabillosa; libros de viaxe; Oriente; Península Ibérica.

Abstract

This thesis tries to recreate the marvelous image of the Orient that spread throughout the Iberian Peninsula during the last centuries of the Middle Ages. In order to do this, we will study the monsters and fantastic creatures that appeared in travel literature that explored Asia. We will focus our attention on travel texts that circulated in the Iberian Peninsula from the fourteenth to the sixteenth centuries.

First, we need to analyze the concept of a monster, the conceptions about Asia held in medieval Europe and the re-discovery of the East in the Middle Ages. These chapters are necessary to understand both the characteristics and the importance of the relationship between monsters and this region, and be able to analyze them from the perspective of medieval Europe.

Secondly, we will study the characteristics of monsters found in the selected travel texts in different regions of Asia and the places in which they are mentioned. In each region, there will first be an introduction to some possible older myths and then the monsters will be grouped according to their specific location in space, which could be real or imaginary. This way, we can see the topography of monsters created for each region, which will allow us to have a complete picture of the continent as well as each region within.

Lastly, the ultimate objective is to analyze what kind of information about the East does this landscape of monsters derived from travel literature give us, and what defines this marvelous landscape: the differences between different tales, tropes or the unique and exceptional details. In this manner, we will see how these devices give us information about the East, both about the feelings that are communicated about a territory (fear, fascination...) and clues that they can give us about the peoples of these places. Also, it will be important to highlight concepts that go beyond travel texts and became ingrained within society of that time, such as alterity or the “wild man.”

Keywords: monsters; marvelous; travel literature; Orient; Iberian Peninsula.

Índice de abreviaturas

MP: *O libro das marabillas do mundo*¹ de Marco Polo (1295)

PO: *Relación de viaxe*² de Odorico de Pordenone (1330)

MA: *As Viaxes*³ de Jean de Mandeville (1356)

CO: *Libro del conocimiento de todos los reinos*⁴ (1350/finais do s. XIV)

CLA: *Embajada a Tamorlán*⁵ de Ruy González de Clavijo (1406)

PT: *Andanças e Viajes*⁶ de Pero Tafur (1454-1457)

NV: *O livro de Nicolao Veneto*⁷ (1502)

IN: *O libro do Infante don Pedro de Portugal*⁸ de Gómez de Santiesteban (1515)

¹ Valentim Fernandes, ed., *O Livro de Marco Paulo, O Livro de Nicolao Veneto, Carta de Jeronimo de Santo Estevam*, Fac-símile. Lisboa: Biblioteca Nacional, 1922. Publícase por primeira vez no 1295, pero utilizo esta edición do 1502, a primeira impresa que chega á Península.

² Fray Odorico de Pordenone, “Viaje,” in *La India Y El Catay. Textos de La Antigüedad Clásica Y Del Medievo Occidental*, ed. Juan Gil. Madrid: Alianza Universidad, 1995, pp. 433–510.

³ Jean Mandeville, *Libro de Las Maravillas Del Mundo*, ed. Pilar Liria Montañés. Zaragoza: Caja de Ahorros de Zaragoza, Aragón y Rioja, 1979.

⁴ María Jesús Lacarra, María del Carmen Lacarra Ducay, and Alberto Montaner, eds., *Libro Del Conosçimiento de Todos Los Rregnos et Tierras et Señorios Que Son Por El Mundo, et de Las Señales et Armas Que Han*. Zaragoza: Diputación de Zaragoza, CSIC, 1999.

⁵ Ruy González de Clavijo, *Embajada a Tamorlán*, ed. Francisco López Estrada. Madrid: Castalia, 1999.

⁶ Pero Tafur, *Andanças E Viajes*, ed. Miguel Ángel Pérez Priego. Sevilla: Fundación José Manuel Lara, 2009.

⁷ Valentim Fernandes, ed., *O Livro de Marco Paulo, O Livro de Nicolao Veneto, Carta de Jeronimo de Santo Estevam*, Fac-símile. Lisboa: Biblioteca Nacional, 1922.

⁸ Elena Sánchez Lasmariás, “Edición Del Libro Del Infante Don Pedro de Portugal, de Gómez de Santiesteban,” *Memorabilia* 11 (2008): 1–30.

Introdución

No presente traballo preténdese recrear a imaxe marabillosa do Oriente que se forma na Península Ibérica a partir dos libros de viaxes medievais difundidos neste territorio entre os séculos XIV e XVI. Dentro desta imaxe fabulosa, o que se estuda son os seres monstruosos que se sitúan neste continente, agrupados segundo a rexión na que se atopan, creando polo tanto unha imaxe concreta para cada unha destas divisións. Ao mesmo tempo, non se debe olvidar aplicar unha perspectiva global, ambas deben combinarse.

Sendo este o obxectivo global deste traballo, cómpre facer previamente un estudo do papel dalgúns libros de viaxes medievais na construción da imaxe de Oriente. Para este fin, é importante ter en conta a difusión das fontes seleccionadas, así coma o recorrido das viaxes que nelas se relatan. Non se pretende facer un estudo literario completo destas obras, pero sí recoller aqueles datos que poidan ser de utilidade. Nestas fontes, débense seleccionar os monstros e analizar as orixes de cada un, o seu significado no mundo medieval, características principais e lugar onde se lles sitúa, xunto con outros datos que poidan ser pertinentes. Os detalles que acompañan cada un destes seres poden ser de grande importancia para despois relacionalos entre eles ou descubrir simboloxías que non resaltan nunha primeira lectura.

Despois desta recollida de información, o texto final estrutúrase en cinco capítulos. Un primeiro capítulo dedicarase a requisitos formais: o estado da arte, o estudo das fontes e a metodoloxía a seguir. O segundo e o terceiro capítulo dedicaranse a dous temas fundamentais para comprender os datos que se expoñerán despois: *O monstro na Idade Media* e *o Oriente no Medievo*. O cuarto capítulo, titulado *Oriente, terra de monstros: o imaxinario dun espazo, un espazo de imaxinación*, será o máis extenso e estruturarase en torno a un roteiro imaxinario por Asia que siga os lugares onde se atopan os monstros nas diferentes fontes, tentando desta maneira levar ao lector polo recorrido marabillosa de Oriente que os viaxeiros crearon cos seus relatos. En definitiva, non se analizan só os monstros, se non que tamén se da prioridade á súa relación co espazo no que se atopan e cómo as súas características poden ir cambiando, cal pode ser a influencia deste espazo no propio monstro e viceversa. O quinto capítulo, *Monstros e marabillas: o papel dos libros de viaxe na imaxe do Oriente*, tratará de recoller os resultados desta tese e de crear a imaxe fabulosa do Oriente a través dos datos que nos aportan os monstros, as fontes que os describen e o entorno no que se sitúan. Por último, como anexo, engádese

a base de datos de monstros sobre a que se escribiu este traballo, que inclúe o seu nome, descrición, localización e fonte na que se atopa. Ésta elaborouse despois da búsqueda en tódalas fontes utilizadas dos monstros ou razas monstruosas pertinentes, e agora queda a disposición para futuras investigacións sobre o tema.

Con este traballo amosarase cómo o Oriente se revela neste momento como lugar marabilloso por excelencia. Destacan a concentración de episodios e seres fantásticos, moitos agrupados en reinos tamén marabillosos e que se representan nos mapas occidentais, sendo o caso máis representativo o do reino do Preste Xoán. Os monstros son a expresión máis destacada de todo este ambiente fabuloso, e cómo tal adquirirán un protagonismo especial nos relatos de todos estes viaxeiros que se deciden a explorar este novo continente.

1. Estado da arte, fontes e metodoloxía

1.1. Estado da arte

Á hora de abordar este traballo, resulta difícil facer un estado da arte que non acabe sendo parcial pola amplitude de temas e de problemáticas que se poderían abordar. Para lograr revisar a bibliografía pertinente dunha maneira o máis completa posible, decidín clasificala en catro temáticas: o estudo das marabillas e dos monstros medievais, os libros de viaxes, a expansión medieval e o papel do monstruoso e do marabilloso na construción da imaxe do Oriente.

As marabillas e os monstros

A obra máis completa ata o momento, probablemente, sobre os monstros nas narrativas de viaxe é a de Claude Kappler “Monstruos, demonios y maravillas a fines de la Edad Media” (1980)⁹. Nela, trata do monstro como idea e as relacións deste coa xeografía e coas viaxes, reflexiona sobre a noción do monstro ao longo da historia e tamén fai unha tipoloxía moi minuciosa deste nos libros de viaxe medievais. Ao mesmo tempo, fala de marabillas e de tópicos relacionados como a busca do paraíso, e apela ao monstro como un ser esencialmente visual cuxo mundo, o seu terreo natural, é o dos viaxeiros. É unha obra de referencia obrigada por tratar do monstro desde diversas aproximacións e pola clasificación tan completa e específica, aínda que deixa de lado os monstros noutro tipo de literatura.

No 1981, John Block Friedman publica a súa obra “The Monstruous Races in Medieval Art and Thought”¹⁰ na que deixa a un lado as clasificacións e os monstros en xeral para limitarse ás razas monstruosas -razas de homes que por características físicas ou culturais se clasifican como monstros- e as súas representacións na arte e o pensamento medieval. Nesta obra reflexiona sobre as orixes e funcións deste tipo de monstros: afirma que son froito da vontade dos deuses e por iso forman parte da natureza, fala de razas monstruosas nobres e outras desprezables e tamén repasa a clasificación destas razas de homes con respecto ao home medieval, entre outros tópicos.

Pero, sen dúbida, unha obra esencial e moi importante para comprender a noción de marabilla no mundo medieval, e polo tanto, aos monstros, é a obra de Jacques Le Goff

⁹ Claude Kappler, *Monstruos, Demonios Y Maravillas*, Madrid: Akal, 2004. Primeira ed.: 1980.

¹⁰ John Block Friedman, *The Monstruous Races in Medieval Art and Thought*, New York: Syracuse University Press, 2000.

“Lo maravilloso y lo cotidiano en el Occidente Medieval”(1985)¹¹. A diferenca das obras anteriores, máis descritivas, nesta obra propónse unha nova interpretación. Para Le Goff, a definición do maravilloso non é a mesma para nós que para os homes da Idade Media. O que corresponde ao noso “maravilloso” é a palabra en plural “mirabilia”. Actualmente enténdese por unha categoría do espírito ou da literatura, pero para eles era un universo de obxectos, un conxunto de cousas antes que unha categoría.¹²

No 1993, aparece a obra de Claude Lecouteux, “Les Monstres dans la pensée médiévale européenne : essai de présentation”¹³. Nesta obra, o autor fai unha análise dos monstros segundo as posibles orixes e divídeos entre homes e animais monstruosos, analizando en cada categoría só os principais. Dirixe as súas investigacións cara o ámbito europeo, non tanto cara o exterior. Segundo o autor, o monstro só existe cando aparece na realidade ou en forma gráfica, mentres que cando só se describe a imaxinación non se acaba de crear a imaxe.¹⁴ Con esta afirmación semella non estar de acordo coa realidade maravillosa dos monstros que describira Le Goff, na que os monstros existían de por si no pensamento. Ademais, tamén afirma que este mundo onírico e o monstro adquirirían máis importancia en tempos difíciles para permitir á xente evadirse da súa realidade, aínda que en ningún momento desaparecen de todo do imaxinario.¹⁵

Tamén hai lugar para visións máis filosóficas e teóricas coma a de David Williams en “Deformed discourse: The Function of the Monster in Mediaeval Thought and Literature”¹⁶ (1996). Nesta obra, tenta explicar a función conceptual do monstro na cultura medieval como a expresión simbólica dunha tradición filosófica baseada na teoloxía negativa de Pseudo-Dionisio, o Areopagita. O centro desta teoría - Deus supera o coñecemento humano por completo e pode ser coñecido só polo que non é- convertírase nun modo de pensar xeneralizado no período medieval, que concibe o intelecto humano como o poder de refacer na súa propia imaxe tódolos coñecemento que quere entender, polo menos parcialmente.¹⁷

¹¹ Jacques Le Goff, *Lo Maravilloso Y Lo Cotidiano En El Occidente Medieval*, Barcelona: Gedisa, 2008. Primeira edición: 1985.

¹² *Ibid.*, p.10

¹³ Claude Lecouteux, *Les Monstres Dans La Pensée Médiévale Européenne*, Paris: Presses de l'Université de Paris-Sorbonne, 1993.

¹⁴ *Ibid.*, 7.

¹⁵ *Ibid.*, 141–43.

¹⁶ David Williams, *Deformed Discourse: The Function of the Monster in Mediaeval Thought and Literature*, Exeter, Devon: McGill-Queen's University Press, 1996.

¹⁷ *Ibid.*, 5.

Tendo como referente a súa obra anteriormente nomeada, Lecouteux publica “Au-delà du merveilleux. Essai Sur Les Mentalités Du Moyen Âge”¹⁸ (1998). Neste caso, tenta explicar as marabillas segundo o vocabulario, analizando diferentes textos literarios. Define as marabillas dentro do marabilloso cristián, na literatura de entretemento e na científica (“savant”), e tenta seguir a súa evolución durante a Idade Media.

Aínda que este conxunto de obras fora revisado ou se lle tivera engadido outra información posteriormente, seguen vixentes e sendo obras de referencia á hora de facer un estudo considerable sobre os monstros. Parecen ser o primeiro paso, imprescindible, para achegarnos a este mundo.

Máis recentemente Joaquín Rubio Tovar, especialista en literatura medieval e filoloxía románica, achéganos aos monstros desde un punto de vista cultural no seu artigo “Monstruos y seres fantásticos en la literatura y el pensamiento medieval”¹⁹(2006). Estuda a presenza do monstro na Idade Media, o imaxinario, o marabilloso, as reflexións do momento acerca deles, a “alteridade” e conclúe dicindo que a súa existencia é un fenómeno que se move nun terreo que non é a irrealidade nin a materialidade propiamente dita, polo que segue a idea do marabilloso marcada por Le Goff.²⁰

En resumo, pódese dicir que en materia de monstros non se reflexionademasado sobre a súa función ou a súa natureza ata a obra de Le Goff. A súa explicación do marabilloso será a seguida por case tódolos estudos posteriores, excepto o de David Williams, que propuxo unha explicación a este mundo fabuloso totalmente novedosa. Tamén se debe mencionar que existen moitos máis estudos recentes que falan sobre os monstros, pero que son máis ben unha descrición das súas características, non hai propostas metodolóxicas novas ou aportes reseñables en canto á súa natureza.

Os libros de viaxes medievais

Un dos primeiros estudos sobre os libros de viaxes, e de lectura obrigada para comprender este xénero literario na Idade Media, é o de Jean Richard, “Les récits de voyages et des pèlerinages” (1981)²¹ na que establece o que son os libros de viaxe e a súa

¹⁸ Claude Lecouteux, *Au-Delà Du Merveilleux, Essai Sur Les Mentalités Du Moyen Âge*, Paris: Presses de l'Université de Paris-Sorbonne, 1998.

¹⁹ Joaquín Rubio Tovar, “Monstruos Y Seres Fantásticos En La Literatura Y Pensamiento Medieval,” in *Poder Y Seducción de La Imagen Románica*, ed. Joaquín Rubio Tovar, Aguilar de Campoo: Universidad de Alcalá de Henares, 2006.

²⁰ Ibid. p. 150

²¹ Jean Richard, “Les Récits de Voyages et de Pèlerinages,” in *Typologie Des Sources de Moyen Age Occidental*, Turnhout: Brépols, 1981.

tipoloxía, e que desde ese momento será a obra de referencia obrigada para todos os que analicen este tipo de fontes. Para este autor, a dificultade de estudar este tipo de libros reside en que tenden a ser moi variados. É un xénero multiforme, que vai desde as guías destinadas aos viaxeiros, sobre todo aos peregrinos e mercadores, pasando polas cartas e relacións de embaixadores e misioneiros, as historias de expedicións afastadas, de aventureiros, e algúns de carácter netamente xeográfico. O obxecto non está identificado, os lectores non son os mesmos e as características da redacción varían en función dos requisitos.²² Desta maneira, o autor clasifica os libros do xénero en sete variacións: as guías de peregrinación e relatos, os relatos de cruzados e expedicións afastadas, os relatos de embaixadores e misioneiros, os relatos de exploradores e aventureiros, as guías de mercadores e as viaxes imaxinarias.²³

Seguidamente, nos anos 80 e 90 aparecen unha serie de estudos principalmente literarios que pretenden abordar os libros de viaxe desde este paradigma. Aínda que non sexan estudos especificamente históricos, seguen sendo moi necesarios xa que para entender estes relatos e o que se plasma neles tamén temos que ter claro as súas características formais. Entre o conxunto de textos deste tipo, algúns exemplos a nomear son os seguintes.

Pérez Priego no seu artigo “Estudio literario de los libros de viajes medievales”²⁴ (1984) céntrase propiamente en definir as características literarias que definen os libros de viaxes medievais. Para el, neste tipo de literatura séguese un itinerario, un cuadro cronolóxico e unha orde espacial. As “mirabilia” son unha parte moi especial dos libros e a narración é lineal e continuada con un protagonista que case sempre é o narrador. Rubio Tovar no seu libro “Libros españoles de viajes medievales”²⁵ (1986) fai un estudo tamén centrado nas características dos textos pero máis prolongado e sobre libros peninsulares. Por outro lado, o artigo “Lectura e investigación de los libros de viajes medievales”²⁶ (1991) de Eugenia Popeanga achégase a estas fontes reflexionando sobre a maneira de abordalas e propón combinar o enfoque histórico co literario, utilizar unha metodoloxía derivada do estruturalismo e do enfoque semiótico.

²² Ibid., 8.

²³ Ibid., 15–36.

²⁴ Miguel Ángel Pérez Priego, “Estudio Literario de Los Libros de Viajes Medievales,” *Revista de Filología* 1 (1984): 217–39.

²⁵ Joaquín Rubio Tovar, *Libros Españoles de Viajes Medievales*, Madrid: Taurus, 1986.

²⁶ Eugenia Popeanga, “Lectura E Investigación de Los Libros de Viajes Medievales,” *RFR, ANEJO 1*, 1991, 9–26.

Obras a destacar tamén son as de Juan Gil, tanto “En demanda del Gran Khan. Viajes a Mongolia en el siglo XIII”²⁷ (1990) como “La India y el Catay. Textos de la Antigüedad Clásica y del Medievo Occidental”²⁸ (1995). Ambas son antoloxías pero dedican un espazo amplo a seguir o contexto histórico destes libros de viaxe e dan tamén unha información de tódolos autores e as súas biografías. Persegue o mesmo obxectivo que os traballos anteriores: o estudo do texto e as súas circunstancias de produción, pero non o seu contido.

- O Postcolonialismo e o rexeitamento do Orientalismo

Co cambio de século, aparece unha nova corrente historiográfica chamada o “postcolonialismo”, que se propón reivindicar a Idade Media como unha época coas súas propias normas e características, que non está illada, se non que se entrelaza cos outros períodos temporais. Tamén reivindica unha Europa heteroxénea e con distintas categorías mentais que as actuais, que se poden manifestar á hora de referirse a xente doutras razas; e invita a pensar fóra do cristianismo. Estas premisas semellan poñen en valor os libros de viaxes por ser a proba das interconexións de Europa co resto do mundo e con outras razas e culturas.²⁹

Tamén estes novos influxos historiográficos repercuten no tratamento dos textos históricos. Agora son tratados desde unha dobre perspectiva: histórica e literaria. Seguindo estas premisas, as obras máis recentes céntranse por un lado en aspectos máis técnicos e da filoloxía, como definir qué son os libros de viaxe e cómo se viron influídos polas circunstancias históricas, e por outro lado, en analizar as informacións das viaxes para facerse unha idea de cómo puideron ser os encontros entre un e outro mundo. Ambas perspectivas complementáanse aportándonos información tanto da forma como do contido destes relatos.

No ano 2000, o traballo de Rubiés, “Travel Writing as a Genre: Facts, Fictions and the Invention of a Scientific Discourse in Early Medieval Europe”³⁰ afirma que a categoría de “literatura de viaxes” é máis xeral que a de “literatura do descubrimento e da expansión” e pode ser definida como un corpo variado de escritura que, sexa real ou

²⁷ Juan Gil, *En Demanda Del Gran Kan. Viajes a Mongolia En El Siglo XIII*, Madrid: Alianza Editorial, 1990.

²⁸ Juan Gil, *La India Y El Catay - Textos de La Antigüedad Clásica Y Del Medievo Occidental*, Madrid: Alianza Editorial, 1995.

²⁹ Jeffrey Jerome Cohen, ed., *The Postcolonial Middle Ages*, New York: St. Martin’s Press, 2000, 4–6.

³⁰ J.-P. Rubiés, “Travel Writing as a Genre: Facts, Fictions and the Invention of a Scientific Discourse in Early Medieval Europe,” *Journeys* 1, 2000.

ficticia, toma a viaxe como a condición indispensable da súa produción. A viaxe non ten que ser necesariamente o tema, nin sequera un elemento estrutural, só que os relatos aparecen co acto de viaxar. Describe este tipo de literatura como un “xénero de xéneros”, xa que a variedade de tipos de literatura definidos polos seus diferentes propósitos e convencionalismos comparten a viaxe como condición esencial de produción.³¹ Así mesmo, pregúntase acerca da intencionalidade deste tipo de textos na Idade Media e analiza o caso de Mandeville. Noutro traballo deste autor, máis amplo, “Travel and Ethnology in the Renaissance. South India through European Eyes, 1250-1625”³² (2000) analiza os libros de viaxes á India desde o punto de vista histórico asumindo a Idade Media e a Idade Moderna case coma un período conxunto neste tipo de literatura.

Jan Borm tamén incide nos conceptos da literatura de viaxes no seu artigo “Defining Travel: On the Travel Book, Travel Writing and Terminology” (2004)³³ e engade que este tipo de relatos parecen non pertencer a ningún xénero en particular, pero ao mesmo tempo iso non lle impide ser un xénero en si mesmo³⁴.

Lisa Lampert-Weissig no seu libro “Medieval Literature and Postcolonial Studies” (2010)³⁵ analiza a literatura medieval desde os chamados estudos postcoloniais. Esta nova aproximación caracterízase porque se intenta desafiar a xeografía eurocéntrica e os paradigmas temporais e criticar as hexemonías e desigualdades culturais.³⁶ Polo tanto, trátase de pensar nos pobos alleos a Europa desde unha perspectiva non colonialista, tentando definir o que foi o chamado Orientalismo e alonxarse del.

Como traballo que pode pechar estas reflexións filolóxicas debemos nomear a Kim Phillips e o seu artigo “Travel, Writing and the Global Middle Ages” (2016)³⁷. Neste artigo fálanos tanto dos libros de viaxes como das propias viaxes e exploracións. Describe a literatura de viaxes medieval como unha narración razoablemente extensa ou informe que intenta describir viaxes e/ou rexións a certa distancia, longa ou curta, desde o fogar

³¹ Ibid., 6.

³² J.-P. Rubiés, *Travel and Ethnology in the Renaissance. South India through European Eyes, 1250-1625*, Cambridge: Cambridge University Press, 2000.

³³ Jan Borm, “Defining Travel: On the Travel Book, Travel Writing and Terminology,” in *Perspectives on Travel Writing*, Glenn Hopper and Tim Youngs (ed.), Ashgate: Aldershot, 2004.

³⁴ Ibid., 13–14.

³⁵ Lisa Lampert-Weissig, *Medieval Literature and Postcolonial Studies*, Edinburgh: Edinburgh University Press, 2010.

³⁶ Ibid., 3–4.

³⁷ Kim M. Phillips, “Travel, Writing and the Global Middle Ages,” *History Compass* 14/3 (2016): 81–92.

do viaxeiro. Propón tamén a categoría de “escritor-viaxeiro”. Este é un home ou muller que escribe un texto como consecuencia de ter viaxado, ou directamente fai que se escriba a través dun colaborador, que pode ou non poñelo a el ou poñerse a si mesmo no centro da historia. Esta categoría está ocupada sobre todo por diplomáticos, misioneiros, mercadores e sobre todo peregrinos e non se destacan polo feito de que viaxaron, se non porque decidiron, ou foron animados, a deixar constancia disto.³⁸A autora destaca tamén o interese dos últimos anos nesta “globalización” medieval e o concepto do outro.

Por outro lado e paralelamente a estes traballos, outros estudos deixan máis de lado os aspectos formais para centrarse nas informacións que nos aportan os textos, tentando velos coma as únicas testemuñas daqueles viaxeiros que chegaban a terras descoñecidas e do proceso de descuberta do mundo medieval destes novos pobos, das súas costumes. Axúdanse en moitos casos da antropoloxía e a etnografía para analizar qué información aportan os libros de viaxes sobre as novas terras que se descubren. A maioría dos autores que escriben neste momento tamén manifestan o seu desacordo co Orientalismo de Edward Said (1978), probablemente desde a perspectiva postcolonialista, da que xa se falou. Estes autores non están de acordo no paradigma de Said de que os europeos vían aos orientais como bárbaros e inmorais, sobre todo os musulmáns. Deféndese agora un pensamento medieval europeo máis alonxado destes estereotipos, que xurdirían mais ben na época moderna, e búscase a proba nos relatos de viaxes medievais.³⁹

O artigo “European clerical envoys to the Mongols: Reports of Western merchants in Eastern Europe and Central Asia, 1231-1255”⁴⁰ (1996) de Gregory G. Guzman recolle as impresións dos clérigos que pertencían a embaixadas enviadas aos mongois, analízase a información que estes aportan e as repercusións que puideron ter nos lectores que tiñan acceso aos textos. A información que se tiña neste momento sobre os mongois era a que estes relatos aportaban, o que os fai moi valiosos.

Shirin A. Khanmohamadi aproxímase aos libros de viaxe desde a etnografía en “In Light of Another’s Word. European Ethnography in the Middle Ages”⁴¹ (2014). Nesta

³⁸ Ibid., 82.

³⁹ Lucy K. Pick, “Edward Said, Orientalism and the Middle Ages,” *Medieval Encounters* 5, no. 3 (1999): 265–71.

⁴⁰ Gregory G. Guzman, “European Clerical Envoys to the Mongols: Reports of Western Merchants in Eastern Europe and Central Asia, 1231-1255,” *Journal of Medieval History* 22, nº 1 (1996): 53–67.

⁴¹ Shirin A. Khanmohamadi, *In Light of Another’s Word. European Ethnography in the Middle Ages*, Philadelphia: Pennsylvania Press, 2014.

obra, o autor identifica aos libros de viaxe como etnografías, só que no lugar de denominarse como tal utilizaríanse os termos itinerario, viaxes ou descrición. Estes escritos etnográficos abarcarían textos xeográficos, cosmográficos, libros de peregrinaxe, das cruzadas e libros de misionarios, entre outros, xa que entrarían nesta categoría todos aqueles que inclúsen descrições dos modales, costumes, cultura e relixión de estranxeiros. Desta maneira crearíase un conxunto de tratados etnográficos tardomedievais marcados por un distintivo panorama: unha profunda franqueza cara perspectivas e voces alternativas; especial atención aos límites e perigos de adoptar un punto de vista únicamente europeo ou da cristiandade latina na interacción coa diversidade cultural que se atopan; e as queixas continuas polas experiencias incómodas que teñen que vivir os europeos ao atoparse palabras e visións do mundo extrañas. Esta apertura e atracción cara voces non cristianas nun xénero sobre estranxeiros certamente desafia a imaxe dunha Idade Media europea illada e inherentemente xenofóbica.⁴²

Por último, Kim M. Phillips publica “Before Orientalism. Asian Peoples and Cultures in European Travel Writing, 1245-1510”⁴³(2014). Analiza os libros de viaxes para falar dos diferentes aspectos das culturas asiáticas segundo estes, reivindicando a importancia destes textos e desde unha perspectiva de “antes do Orientalismo”. Para a autora, neste xénero non se asume a superioridade de quen os escribe, excepto en temáticas de relixión, nin intenta xustificar a conquista, polo que a Idade Media non entraría dentro do Orientalismo de Edward Said.⁴⁴

A expansión medieval de Europa

No ano 1970, Verlinden na súa obra “The Beginnings of Modern Colonization” establece unha continuidade nos procesos de colonización desde a Antigüidade ata á Época Moderna, sen apenas diferenzas entre a medievalidade e a modernidade. Aínda que non se nomea a expansión como tal sí que se analiza o que sería unha forma dentro desta: a colonización. As Cruzadas serían o perfecto exemplo dunha Idade Media que se expande, que coloniza, fronte a outras visións clásicas dunha Idade Media pechada e estática, e o autor compara este caso co que será a colonización de América.⁴⁵

⁴² Ibid., 2–3.

⁴³ Kim M. Phillips, *Before Orientalism. Asian Peoples and Cultures in European Travel Writing, 1245-1510*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press, 2014.

⁴⁴ Ibid., 200.

⁴⁵ Charles Verlinden, *The Beginnings of Modern Colonization*. New York: Cornell University, 1970, IX–XIII.

Nos anos noventa, amplíase esta visión e aparecen unha serie de traballos que comezan a pensar no mundo medieval coma unha época de expansión. Primeiro dentro da propia Europa, e despois ata o leste, Asia, e que acabará coa expansión cara o Oeste, a chegada a América. Podemos relacionar novamente este movemento co postcolonialismo. A expansión medieval iría da man da nova xeografía proposta por esta corrente: non existirían fronteiras, só zonas fronteirizas con múltiples centros e Asia, África ou o Medio Oriente non serían rexións secundarias xulgadas polos estándares europeos, se non que todos participarían dun sistema mundial.⁴⁶

Michel Mollat é o iniciador desta idea coa súa obra “Los exploradores del siglo XIII al XVI. Primeras miradas sobre nuevos mundos”⁴⁷ (1990). Agrupados segundo as rutas que seguen, vai describindo que exploradores foron os que transitaron por cada unha delas (Catay, África, América...) e tamén recolle as reaccións destes ante o que se van atopando: novas paisaxes, novas divisións do mundo. Intenta facer unha reflexión sobre as reaccións que poderían ter estes viaxeiros ante os novos descubrimentos. Utiliza só os testemuños destes exploradores para analizar a súa contribución ás percepcións que se forman destas novas terras, primeiro no mundo medieval e despois na Idade Moderna coa expansión a América.

No ano 1994, J. R.S. Phillips publica a súa obra “La expansión medieval de Europa”⁴⁸. Neste texto comeza a analizar desde os inicios da Idade Media calespuideron ser os factores que levaron á exploración medieval doutros lugares. Sinala a Italia e o comercio como principais impulsores desta “apertura”.⁴⁹ A partir de mediados do século XIII o comercio aumenta moito e son Nicolo e Maffeo Polo, precisamente italianos, os primeiros que chegan a Oriente.⁵⁰ Como conclusión, sinala que a expansión do s. XV sería inconcibible sen os datos anteriormente recollidos en Oriente. Esta é unha nova fase, non un comezo.⁵¹

Paul Zumthor en “La medida del mundo” (1994) pretende reconstruír o espazo medieval desde o fogar, seguindo coa cidade, a apertura a novos mundos mediante a viaxe e os espazos alleos, a Terra, o universo, e o máis alá. En canto ao Oriente e as grandes

⁴⁶ Jerome Cohen, *The Postcolonial Middle Ages*, 7.

⁴⁷ Michel Mollat, *Los Exploradores Del Siglo XIII Al XVI: Primeras Miradas Sobre Nuevos Mundos*, México: Fondo de Cultura Económica, 1990.

⁴⁸ J. R. S. Phillips, *La Expansión Medieval de Europa*, Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1994.

⁴⁹ *Ibid.*, 132.

⁵⁰ *Ibid.*, 136.

⁵¹ *Ibid.*, 298.

viaxes que o poñen en contacto con Europa, o autor destaca cómo isto supón un gran impacto para a sociedade medieval do momento. Descubren todo un mundo novo que difire moito do que lles resultaba familiar, e é esta a razón pola que o outro se identifica co afastado, e o aquí nega o alá, e nos espazos máis afastados, máis diferentes, atópase o monstro.⁵² Este marabilloso que se atopan en Asia trasladarase despois a América, ás “Indias occidentais”.⁵³

Por último, no 2004 débese revisar a obra de Baschet “La civilisation féodale. De l'an mil à la colonisation de l'Amérique”⁵⁴, estudo no que fai un amplo análise da cristiandade feudal e das estruturas fundamentais desta sociedade. Para o autor, unha das características máis orixinais do feudalismo foi a de “conciliar un arraigo local moi forte cunha lóxica universal non menos poderosa”. Desta maneira o feudalismo crearía unha dinámica que conduciría ao crecemento interno pero tamén á expansión externa, sen os lastres que suporía unha estrutura política imperial, construída en torno a unha lóxica máis pendente do poder central e os territorios que se anexan. A Igrexa sería a peza clave na creación dun espazo europeo de intercambio e dotado dunha unidade continental.⁵⁵

Como vemos, o conxunto destas obras desbota a idea dunha Idade Media inmóbil e con fronteiras pechadas para falarnos dun tempo de exploracións e de intercambios con outras culturas que é tan válido e digno de estudo coma o que o continuará despois na Modernidade. A Europa Medieval semella, segundo estas visións, disposta a coñecer outros territorios e a manter contacto coas xentes que alí habitan, a observar e aprender do diferente.

O papel do monstruoso e do marabilloso na construción da imaxe do Oriente

Preséntanse neste apartado unha serie de obras que estudan os monstros situados no Oriente e cal é a importancia deste ámbito monstruoso nos textos que os recollen e nos lectores que teñen acceso a eles.

Unha das primeiras obras escritas sobre os monstros no leste é a do historiador da arte R. Wittkower, “Marvels of the East. A Study in the History of Monsters” (1942)⁵⁶.

⁵² Paul Zumthor, *La Medida Del Mundo*. Madrid: Cátedra, 1994, 248–59.

⁵³ *Ibid.*, 246.

⁵⁴ Jérôme Baschet, *La Civilización Feudal. Europa Del Año Mil a La Colonización de América*, México: FCE, Embajada de Francia en México, 2009.

⁵⁵ *Ibid.*, 579–84.

⁵⁶ Rudolf Wittkower, “Marvels of the East: A Study in the History of Monsters,” *Journal of the Warburg and Courtauld Institutes* V, 1942: 159–97.

Desde a Antigüidade, o autor recolle as aparicións dos monstros que procedían ou se situaban no leste na literatura, máis concretamente centrándose na India ata a Idade Media e principios da Idade Moderna. Para el, as marabillas condicionan a visión da India durante dous mil anos.⁵⁷ Os relatos de viaxes fan que esta imaxe sexa a da terra das marabillas e as razas fabulosas ata os séculos XV e XVI, que é cando comezan a cambiar, aínda que dunha maneira moi lenta. A maioría dos viaxeiros eran letrados, coñecían os autores clásicos, tratados, novelas e viran nos mapas os países maravilhosos aos que estaban viaxando, e polo tanto, a súa imaxinación estaba repleta de historias de marabillas e milagros desde pequenos. Atopábanse cos monstros porque realmente crían que existían. Segundo Wittkower, estas informacións de viaxes reais ou imaxinarias influenciaron a ciencia e a literatura en Europa e ata o século XIV aínda se cría na existencia de razas fabulosas en Asia. Cando se comeza a repudiar esta historia, simplemente trasládanse estes monstros a lugares inexplorados do planeta.⁵⁸

Seguindo o estudo dos libros de viaxes, pero neste caso dos que se sitúan no Oriente, o artigo de Anca Crivat-Vasile “*Mirabilis Oriens: fuentes y transmisión*”⁵⁹ (1994) analiza as fontes que falan de Oriente como lugar de marabillas desde a Antigüidade, e afirma que o maravilloso situado máis alá dos límites xeográficos coñecidos revélase mediante a lectura dos relatos medievais de viaxes. Estes converterán este tópico, a *mirabilis oriens*, en obrigatorio á hora de escribir dos confíns do mundo.⁶⁰ En comparación con Wittkower, Crivat-Vasile resalta a importancia do maravilloso nos libros de viaxes e a actitude dos autores ante el, pero non se pregunta cal puido ser a influencia no público ao que se transmitía estas viaxes ou no pensamento máis alá da literatura.

Outra aproximación máis recente aos monstros no leste, que segue o modelo da de Wittkower, atopámola no artigo de Maria Adelina Amorim “Viagem e “mirabilia”: monstros, espantos e prodíxios”⁶¹ (2002). Neste texto fai un repaso da historia dos monstros en Oriente desde as Cruzadas, sobre todo na perspectiva da literatura de viaxes, incluíndo os condicionantes da súa produción, e as viaxes e marabillas que aquí se

⁵⁷ Ibid., 159.

⁵⁸ Ibid., 194–97.

⁵⁹ Anca Crivat-Vasile, “*Mirabilis Oriens: Fuentes Y Transmisión*,” *Revista de Filología Románica* 11–12 (1994).

⁶⁰ Ibid., 471.

⁶¹ Maria Adelina Amorim, “Viagem E Mirabilia: Monstros, Espantos E Prodíxios,” in *Condicionantes Culturais Da Literatura de Viagens - Estudos E Bibliografias*, ed. Fernando Cristóvão (coord.) (Coímbra: Almedina, 2002), 126–81.

descobren. Os viaxeiros buscaban un “mundo novo”, un lugar idealizado, máis alá do mundo visible. Estaban convencidos da existencia de marabillas, sorprendidos anticipadamente, saían en busca delas e todo o insólito ou estraño que tivese a natureza ou o home destas terras, aumentaba a curiosidade e o espanto. Para a autora, habería dúas posibles influencias das marabillas na imaxe do Oriente. Por un lado, un sistema de representacións do “diferente”⁶² que axudaría a construír unha imaxe por veces negativa, xa que os viaxeiros foron tamén divulgadores de preconceitos, coma o do home salvaxe, con características físicas horrendas, propias da monstruosidade. Esta sería unha manifestación clara de que a noción de “nós” fronte aos “outros” era unha constante nos textos de viaxes, que se perpetuaría.⁶³ Por outro lado, parece que este deslumbramento polo marabilloso se reaviva nun sentimento de compensación polos tempos difíciles que o Occidente atravesara, xa que a viaxe representa o espello para un mundo diferente cheo de novidades e hipotéticos paraísos terreaís.⁶⁴ Polo tanto, en contraposición aos autores anteriores, Amorim fai unha valoración do marabilloso na imaxe do Oriente máis completa, e pretende comprender cales foron as consecuencias tamén a longo prazo desta imaxe, coma no caso do tópico do home salvaxe.

Jana Valtrová publica no 2010 o artigo “Beyond the Horizons of Legends: Traditional Imagery and Direct Experience in Medieval Accounts of Asia”⁶⁵. Neste, analiza os escritos de misioneiros en Oriente desde un punto de vista principalmente etnográfico: a imaxe que teñen formada antes de chegar a estes territorios, como describen os encontros cos estraños, e como os plasman despois nos seus textos. Céntrase sobre todo en tres tópicos recorrentes deste tipo de literatura, e os tres forman parte do marabilloso: a busca do Paraíso na Terra, o Preste Xoán, e as razas monstruosas. En canto á imaxe de Oriente, tamén resalta a importancia do “Outro” e da diferenza: os autores describen un mundo completamente novo e con sucesos fabulosos antes descoñecidos. Por outro lado, reivindica o papel das narracións que os habitantes de Asia lles contaban aos viaxeiros, xa que estas axudaron a formar o imaxinario de Oriente e non só as visións occidentais foron plasmadas nestes relatos. Dentro destas informacións que os locais lle terían proporcionado aos viaxeiros, tamén estarían motivos míticos.⁶⁶ Polo tanto, esta

⁶² Ibid., 132.

⁶³ Ibid., 151.

⁶⁴ Ibid., 138.

⁶⁵ Jana Valtrová, “Beyond the Horizons of Legends: Traditional Imagery and Direct Experience in Medieval Accounts of Asia,” *Numen* 57/2 (2010): 154–85.

⁶⁶ Ibid., 177–79.

autora compara as reaccións dos diferentes viaxeiros ante o descoñecido pero tamén se para a pensar cómo estas reaccións levan a crear nos seus textos a imaxe do Outro, influenciada polas narracións dos orientais. O marabilloso xoga un papel importante neste imaxinario, como queda implícito no artigo ao ser obxecto de análise tres motivos marabillosos.

En conclusión, é nestas dúas últimas obras onde se destaca o papel do marabilloso na imaxe do Oriente: arredor das marabillas constrúese outro mundo cheo de sucesos fabulosos no que os seus habitantes caracterízanse por ser diferentes e sobre os que se transmiten determinados preconceptos que logo permanecerán no imaxinario dos occidentais. Nas anteriores obras, a de Wittkower e a de Amorim, destácase a importancia do marabilloso nos coñecementos sobre o Oriente xa que ata o século XIV críase realmente que as razas monstruosas poboaban Asia, feito que se plasmou en mapas e enciclopedias.

1.2. Fontes

As fontes que decidín utilizar no meu traballo son os libros de viaxes medievais. Aínda que existen diferentes maneiras de clasificalos e describilos, como se viu anteriormente no estado da arte, escollín a definición de Phillips no seu último artigo sobre o tema para definir o meu obxecto de estudo por ser a máis completa e precisa ao mesmo tempo. Polo tanto, a literatura de viaxes é unha narración razoablemente extensa ou informe que intenta describir viaxes e/ou rexións a certa distancia, longa ou curta, desde o fogar do viaxeiro. O relato representa unha experiencia de primeira man ou de “segunda”, é dicir, aínda que o rexistro da viaxe e lugar non sexan escritos pola propia man do viaxeiro, o autor falou con el ou liu as súas notas da viaxe.⁶⁷

Sendo un dos meus obxectivos averiguar o impacto da literatura de viaxes na Península, escollín entre as miñas fontes aqueles libros de viaxes producidos neste espazo así como aqueles europeos dos que teño constancia que foron difundidos neste territorio. Probablemente outros manuscritos teñan chegado dos que non se conservan copias, pero ao non contar con ningún testemuño que o confirme foron descartados. En canto ás edicións dos textos cos que vou traballar, tentei por un lado escoller aquelas máis fiables e con máis información sobre o texto, e por outro, escollín aquelas ás que podía acceder cunha certa facilidade.

⁶⁷ Phillips, “Travel, Writing and the Global Middle Ages,” 82.

Nun contexto de mellora no comercio, reactivación das viaxes coas Cruzadas e a explosión mongol xunto coa elección, no 1243, do Papa Inocencio IV, os contactos entre Oriente e Occidente reavívanse e comezan a circular eclesiásticos enviados polo Pontífice para coñecer aos mongois⁶⁸. Despois destes primeiros contactos, comerciantes e viaxeiros de todo tipo comezan tamén a explorar Asia con outros destinos e descubrindo outras terras. A partir destas experiencias producíranse unha serie de relatos que serán os libros de viaxes medievais a Oriente.

*O libro das marabillas do mundo de Marco Polo (1295)*⁶⁹

Un dos primeiros en recorrer o Oriente é o máis famoso comerciante medieval, Marco Polo. Nacido e morto en Venecia, comeza a súa viaxe por Asia no 1271 xunto co seu pai e o seu tío, ambos comerciantes, e tras vivir largo tempo na China, retorna 25 anos despois. É neste momento, no 1295, cando se supón que Marco Polo foi capturado durante unha batalla naval entre Venecia e Xénova e feito prisioneiro. Aquí coñece a un escritor chamado Rusticiano de Pisa e dítalle as súas aventuras: nace así a súa obra *O Libro das marabillas do mundo* tamén chamado *Divisament dou Monde* ou *Il Milione* (1295), que foi amplamente difundido polo Occidente Medieval. As primeiras traducións ibéricas tiveron lugar no territorio catalán-aragonés: unha catalana, elaborada entre o 1350 e o 1390; unha aragonesa, realizada entre 1377 e o 1396 e unha retrotradución francesa. Na súa versión impresa tradúcese ao portugués no 1500, da man de Valentim Fernandes, e no 1503 ao castelán da man de Rodrigo Fernández de Santaella y Córdoba.⁷⁰ Despois dunha breve descrición dos venecianos, das viaxes e as condicións da volta, nesta obra descríbense os países da Asia Central e do imperio do Khan nun relato que ten forma de itinerario, con direccións e o número de días de viaxe. Interésase por todo: o número de habitantes, a súa relixión, as súas costumes, os recursos de cada país, as cidades e os seus monumentos. Tamén amosa admiración cara o Khan, a súa persoa, as súas virtudes, e a excelencia do seu goberno.⁷¹ Non é un relato no que abunde o marabilloso máis extraño, pois cando se introducen as marabillas aparecen mais ben en forma de homes salvaxes ou de monstros confundidos con animais.

⁶⁸ Zumthor, *La Medida Del Mundo*, 231–35.

⁶⁹ Fernandes, *O Livro de Marco Paulo, O Livro de Nicolao Veneto, Carta de Jeronimo de Santo Estevam*.

⁷⁰ Marco Polo, *Libro de Las Maravillas Del Mundo*, ed. Manuel Carrera Díaz. Madrid: Cátedra, 2008, 57–58.

⁷¹ Christiane Deluz, “Marco Polo (1254-1324),” *Encyclopedia of the Middle Ages*. James Clarke & Co, 2000, p. 905.

Relación de viaxe de Odorico de Pordenone (1330) ⁷²

Xa no século XIV, o misioneiro franciscano Odorico de Pordenone inicia a súa viaxe cara a China no 1322 para unirse ao arcebispo Giovanni de Montecorvino. Pasando polo sur de Persia, norte de Arabia, actual Iraq e a India, visita ao bispo Andrés de Perusa en Zaitón e chega á capital mongol Daidu no 1325. Odorico asistiu a Montecorvino durante tres anos; retornou despois da morte deste (1328) para buscar máis misioneiros para a China, e é aquí cando dita as peripecias da súa viaxe en Udine en maio do 1330. ⁷³ A súa *Relación de viaxe* foi traducida ao francés por Jean le Long no 1351, ⁷⁴ e chega a España entre os anos 1374 e 1378 por petición de Don Joan, Infante de Aragón. ⁷⁵ No texto entremézclanse marabillas con datos sobre todo tipo de costumes ou xentes que se atopan en Asia. Os elementos fantásticos forman parte da realidade, o discurso non cambia para describilos.

As Viaxes de Jean de Mandeville (1356) ⁷⁶

A mediados do século XIV atopámonos con outro dos viaxeiros máis célebres, Jean de Mandeville, aínda que se dubide de se realmente realizou esas viaxes. As *Viaxes de Mandeville*, escritas no 1356, foron lidas e difundidas inmediatamente. Traducións do orixinal foron feitas en latín, inglés, alemán e holandés no século XIV, e no século XV a obra xa fora traducida a tódalas linguas faladas en Europa, incluído o gaélico. No caso do territorio ibérico, puido ter chegado xa no 1380 unha tradución francesa ás mans de Don Xoán de Aragón (futuro Xoán I), aínda que hoxe en día a primeira versión en español que se conserva é do século XV. ⁷⁷

Ademais do seu nome, é difícil de discernir quen foi o autor en realidade. A tradición sitúao escribindo o seu libro en Liège e morrendo alí no 1372. O libro revela que o nivel de cultura do autor é o dun laico cunha ampla educación, capaz de ler latín

⁷² Fray Odorico de Pordenone, “Viaje,” in *La India Y El Catay. Textos de La Antigüedad Clásica Y Del Medievo Occidental*, ed. Juan Gil. Madrid: Alianza Universidad, 1995, 433–510.

⁷³ *Ibid.*, 433–35.

⁷⁴ Hugh D. Walker, “Odoric of Pordenone,” *Trade, Travel and Exploration in the Middle Ages. An Encyclopedia*, Garland Publishing, 2000, 457.

⁷⁵ Outro historiador suxire que puido circular xa pola Península no ano 1360, pero non está comprobado. Eugenia Popeanga, “El Relato de Viajes de Odorico de Pordenone,” *Revista de Filología Románica* 9 (1992): 41.

⁷⁶ A edición que utilizo como fonte é Jean Mandeville, *Libro de Las Maravillas Del Mundo*, ed. Pilar Liria Montañés. Zaragoza: Caja de Ahorros de Zaragoza, Aragón y Rioja, 1979.

⁷⁷ Ana Pinto, ed., *Los Viajes de Sir John Mandeville*, Madrid: Catedra, 2001, 30–35.

con algunha mala tradución e de facer uso dunha boa biblioteca.⁷⁸ Preséntase un itinerario a Terra Santa desde Inglaterra a Constantinopla e despois a través das illas mediterráneas ata Xerusalén. Tamén chama a atención do lector o seu descubrimento das terras, países e illas máis alá: Etiopía, India, China, os dominios do Gran Khan, as illas do océano Índico coas súas fabulosas xentes e fauna, e o non menos fabuloso reino do Preste Xoán. Trátase dunha viaxe imaxinaria, e polo tanto as refundicións doutras obras son constantes e tamén a abundancia de marabillas e de acontecementos ou lugares fantásticos, que proveñen tanto de outros libros de viaxes, da Biblia ou de obras clásicas. As obras clásicas, sobre todo a de Plinio, son unha das súas influencias principais, como podemos ver no caso das razas monstruosas mencionadas, que son moi abundantes no texto, máis que os animais monstruosos.

*Libro del conocimiento de todos los reinos (1350/finais do s. XIV)*⁷⁹

Contemporáneo de Mandeville é o autor do *Libro del conocimiento de todos los reinos*, que describe tamén unha viaxe imaxinaria. Nas primeiras liñas deste relato o autor di que naceu no reino de Castela no 1305 e non engade ningún outro dato persoal. Tradicionalmente, fálase de que o autor podería ser franciscano, o que parece discutible, xa que en ningún momento se descubre no texto información que nos faga pensar isto. Tamén resulta difícil precisar exactamente a data da súa escritura, pois parte das noticias históricas identificables abarcan ata a primeira metade do século XIV, o que levou ao seu primeiro editor, Jiménez de la Espada, a datar a obra en torno ao 1350. Sen embargo, un estudo detido do texto lévanos a retrasar a data ata finais do século XIV, ao ver que se mencionan algúns sucesos posteriores a 1385. Sen ningunha explicación acerca dos motivos que o levaron a emprender a viaxe, o autor inicia a descrición dos seus itinerarios cunha narración extremadamente sucinta. A descrición dos países acostuma limitarse á mención das principais cidades, montañas, ríos ou illas e os escudos dos reinos. O relato enriquecese coa mención ao marabilloso medieval que se sitúa principalmente nos confíns da terra, en Catay e na Tartaria.⁸⁰

⁷⁸ Christiane Deluz, “Mandeville, John (Died 1372?),” *Encyclopedia of the Middle Ages*, James Clarke & Co, 2000, 898-899.

⁷⁹ María Jesús Lacarra, María del Carmen Lacarra Ducay, and Alberto Montaner, eds., *Libro Del Conocimiento de Todos Los Rregnos et Tierras et Señorios Que Son Por El Mundo, et de Las Señales et Armas Que Han*. Zaragoza: Diputación de Zaragoza, CSIC, 1999.

⁸⁰ Lacarra Ducay, M^a Jesús, “El “Libro del conocimiento de todos los reinos del mundo”: la lectura sapiencial de un libro de viajes imaginarios”, *Memorabilia: boletín de literatura sapiencial* [en liña], 2000, nº 4. [data de consulta: 28/12/2016]. Disponible en: <<http://parnaseo.uv.es/Memorabilia/Lacarra.htm>>

*Embajada a Tamorlán*⁸¹ de Ruy González de Clavijo (1406)

O embaixador Ruy González de Clavijo relata na súa obra *Embajada a Tamorlán* a viaxe da embaixada de Enrique III desde Castela ata o reino de Tamorlán (1386-1405), caudillo que lograra reunir un imperio moi extenso e poderoso na Asia Central e cuxa capital era Samarcanda. A viaxe ten lugar entre os anos 1403 e 1406 e parten do Mediterráneo cruzando os reinos das costas, despois polo empobrecido imperio de Bizancio e o de Turquía, e chegan por terra desde Trebisonda ata o poderío de Tamorlán, cuxa capital era Samarcanda. Como cabeza da expedición elíxese a Ruy González de Clavijo, cabaleiro de familia madrileña e autor da obra, probablemente impulsada polo propio Enrique III. O relato configúrase basicamente como un diario de viaxe no que se vai contando o que sucede cada día, os viaxeiros contan as súas anécdotas, dificultades, etc. Cando chegan á corte, sí que relatan o que ven e o trato que lles da Tamorlán, o señor desas terras, e describen o seu imperio como cheo de riquezas e con súbditos de moi diferentes orixes.⁸² As marabillas que se introducen parecen anécdotas ou historias insertas no texto sen máis; hai un cambio importante respecto aos libros de viaxes anteriores, nos que o peso do marabilloso era moi relevante: este relato é un informe no que os detalles marabillosos se incorporan case sen pretendelo, quizais como consecuencia da herdanza dos libros de viaxes anteriores.

*Andanças e Viajes*⁸³ de Pero Tafur (1454-1457)

As *Andanças e Viajes* de Pero Tafur, pola súa parte, conteñen o relato dunha viaxe por Europa e o Próximo Oriente de tres anos de duración –entre 1436 e 1439- narrado en primeira persoa por un fidalgo andaluz. A súa redacción debemos situala despois de 1453, e aínda que non se da testemuño do momento preciso no que se elabora o texto, varias referencias deste sitúan entre 1454 e 1457 a data da súa redacción. Descríbense na obra varias viaxes distintas, sendo o que corresponde a Oriente aquel que ten lugar entre maio de 1438 e o mesmo mes do ano seguinte.⁸⁴ Nesta viaxe, Tafur só chega ata Caffa, que estaba neste momento en mans de comerciantes europeos, e aquí decide, vendo o

⁸¹ Ruy González de Clavijo, *Embajada a Tamorlán*, ed. Francisco López Estrada. Madrid: Castalia, 1999.

⁸² Francisco López Estrada, “Ruy González de Clavijo. La Embajada a Tamorlán. Relato Del Viaje Hasta Samarcanda Y Regreso (1403-1406),” *Arbor* CLXXX, 711 (2005): 515–35.

⁸³ Pero Tafur, *Andanças E Viajes*, ed. Miguel Ángel Pérez Priego. Sevilla: Fundación José Manuel Lara, 2009.

⁸⁴ Francisco Javier Villalba Ruiz de Toledo, “El Viaje de Don Pero Tafur (1436-1439),” *Arbor* CLXXX, 2005: 537–38.

“salvaxismo” das xentes non continuar a súa viaxe máis cara o leste⁸⁵. Desta maneira, aínda que non chegue a recorrer o continente, os seus actos transmiten medo e que o perigo estaría esperando por el máis alá. As marabillas non son abundantes nas súas descrições, que se centran máis nas xentes e nas descrições da paisaxe e animais, aínda que hai excepcións. O autor vai contando en primeira persoa as súas aventuras e con quen se atopa no seu camiño, persoas concretas. A nivel de marabillas podemos comparalo co libro anterior, pois hai unha diminución na cantidade destes elementos, e tampouco parecen ser elementos fabulosos como tal, se non anécdotas ou curiosidades.

O libro de Nicolao Véneto⁸⁶ (1502)

Xa a finais da Idade Media chegan á Península, da man de Valentim Fernandes dous relatos, italianos aínda que remodelados por el, dos que non se coñece moi ben a súa orixe: a *Carta de Jeronimo de Santo Estevam* e o *Livro de Nicolao Veneto*⁸⁷ (ambos publicados no 1502, xunto co libro de Marco Polo). No caso da *Carta de Jeronimo de Santo Estevam*, está datada no primeiro de setembro de 1499 e descoñécese cal pode ser a carta orixinal aínda que probablemente estivera escrita en italiano. É un relato sucinto no que non aparecen marabillas, aínda que se menciona a personaxe do Preste Xoán, polo que se volve a insistir outra vez na súa existencia.

O *livro de Nicolao Veneto*⁸⁸ é a primeira tradución a lingua vulgar do cuarto libro da *Historia de varietate fortunae*, levada a cabo por Valentim Fernandes no 1502.⁸⁹ Este tratado escrito en latín e elaborado entre 1431-1448 dedícase ao erudito e protector das humanidades que foi o papa Nicolás V, e foi redactado durante o pontificado do predecesor deste, Euxenio IV, polo secretario apostólico Poggio Bracciolini (1380-1459). A obra está composta de catro libros, e o último libro é o que na súa maior parte está integrado pola recompilación de informacións que o veneciano Nicolo dei Conti lle

⁸⁵ Pero Tafur, *Andanças E Viajes*, ed. Marcos Jimenez de la Espada. Madrid: Centro, 1999, 146.

⁸⁶ *O Livro de Marco Paulo, O Livro de Nicolao Veneto, Carta de Jeronimo de Santo Estevam*, Fac-símile. Lisboa: Biblioteca Nacional, 1502 .

⁸⁷ Ambos relatos en: *O Livro de Marco Paulo, O Livro de Nicolao Veneto, Carta de Jeronimo de Santo Estevam*, Fac-símile. Lisboa: Biblioteca Nacional, 1502 .

⁸⁸ É o propio Fernandes o que introduce dúas novidades respecto ao texto de Poggio. En primeiro lugar, aínda que traduce integralmente o libro cuarto de *De varietate fortunae* -que inclúe os datos conseguidos mediante tres informadores: Nicolo dei Conti, un mensaxeiro nestoriano e a delegación de Etiopía- só ten en conta o relato que ocupa a parte máis extensa do texto, ignorando ao propio autor, Poggio. En segundo lugar, é o editor o que introduce a idea de que o papa Euxenio IV lle impuxera ao veneciano, como penitencia pola súa abxuración do cristianismo, ditar ao seu secretario a súa relación de viaxes. Anca Crivat-Vasile, “El Viaje de Nicolo Dei Conti En Los Relatos de Pero Tafur Y Poggio Bracciolini,” *Revista de Filología Románica* 13 (1997): 241.

⁸⁹ *Ibid.*, 238.

contara ao secretario apostólico sobre Asia Central e a India.⁹⁰ Este cuarto libro publicouse baixo o título *India recognita* pola iniciativa de Christoforo de Bollate, senador do duque de Milán, en 1492, obra que é probable que teña seguido Valentín Fernandes.⁹¹ As marabillas que De Conti introduce son numerosas e, algunhas veces, únicas, no sentido en que non parece que sexan refundicións de outras obras. O seu recorrido céntrase na India e nas illas do arredor. Neste caso, ao contrario que nos libros do século XIV peninsulares, o relato de De Conti sí que incorpora o marabilloso e estes elementos son unha parte fundamental do seu texto, polo que parece continuar a tradición de Mandeville.

*O libro do Infante don Pedro de Portugal*⁹² de Gómez de Santiesteban (1515)⁹³

A última das fontes é *O libro do Infante don Pedro de Portugal*, relato de viaxes que ten coma protagonista ó Infante don Pedro (1392-1449), fillo de João I e Felipa de Lancaster; irmán de Henrique o Navegante e propulsor dos descubrimentos portugueses. Aínda que as viaxes que se relatan por todo o mundo parece que foron totalmente inventadas,⁹⁴ inspiráranse na viaxe real que esta personaxe levou a cabo por Europa, partindo de Portugal no 1425 e que se alargou uns tres anos.

Circulou como obra de carácter popular, proba disto son as 113 edicións xenuínas que se teñen atopado.⁹⁵ Aínda que a primeira edición impresa se sitúa entre o 1512 e 1519 en Sevilla,⁹⁶ existen diferentes teorías que afirman que a obra tería sido escrita a mediados do século XV. Harvey L. Sharrer será o primeiro que fale desta posibilidade ó afirmar que existía unha longa interpolación da obra do Infante en *Las bienandanzas e fortunas* (1471-1476), crónica universal compilada polo cabaleiro Lope García de Salazar. Polo tanto, o texto tiña que estar posto en circulación antes desta data.⁹⁷ Máis recentemente, destaca a teoría de Fernanda Durão Ferreira na obra “Gomes de Santo Estêvão e o Livro de D. Pedro” (2000), na que afirma que o autor podería ser o abade D. Gomez e sitúa a escrita da obra no 1455, ou polo menos, entre o 1449 e o 1459, ano da morte do suposto

⁹⁰ Ibid., 231–33.

⁹¹ Ibid., 235.

⁹² Sánchez Lasmarías, “Edición Del Libro Del Infante Don Pedro de Portugal, de Gómez de Santiesteban.”

⁹³ Utilizo esta data de referencia por ser a data do primeiro libro impreso que se conserva, aínda que existe controversia sobre o momento da súa escrita, que explico a continuación.

⁹⁴ Carmen Mejía, “El Libro Del Infante Don Pedro de Portugal: Estudio Crítico Y Problemas de Transmisión,” *Revista de Filología Románica* 15 (1998): 221–23.

⁹⁵ Margarida Sérvulo Correia, *As Viagens Do Infante D. Pedro*. Lisboa: Gradiva, 2000, 38–51.

⁹⁶ Fernanda Durão Ferreira, *Gomes de Santo Estêvão E O Livro de D. Pedro*. Palmela: Contraponto, 2000, 14.

⁹⁷ Harvey L. Sharrer, “Evidence of a Fifteenth-Century *Libro Del Infante Don Pedro de Portugal* and Its Relationship to the Alexander Cycle,” *Journal of Hispanic Philology* I (1976-1977): 85–98.

autor.⁹⁸ No ano 2000 tamén se publica a obra de Margarida Sérvalo Correia “As viagens do Infante Don Pedro”, que tamén se debe ter en conta xa que fai unha análise pormenorizada do contido da obra, así como do contexto no que esta se produce.⁹⁹

En canto ás características do texto, o carácter marabilloso da viaxe refléxase en todo momento. Un exemplo claro é cando o Infante e a súa comitiva van a Noruega nuns dromedarios que van tan rápido e fan tanto ruído que os homes perderían o sentido se non taponaran os oídos.¹⁰⁰ Comezan o seu recorrido en Asia entrando por Babilonia e cruzan o continente ata chegar a Sonterra, a terra das amazonas, que xa forma parte do reino do Preste Xoán. Despois visitan a cidade dos xigantes, e por último, reúnense co Preste, quen lle da unha carta para Poniente cunha descrición do seu reino.

A modo de observación, podemos dicir que os libros de viaxes analizados de finais do século XIII e do século XIV, é dicir, o *Libro das Marabillas* de Marco Polo, o *Itinerarium* de Odorico de Pordenone e o *Libro das Marabillas* de Jean de Mandeville son relatos que incorporan o marabilloso dunha maneira natural e habitual, inspirándose en fontes antigas pero ó mesmo tempo asómbranse de moitas cousas que se atopan no camiño. A finais do s. XIV, o *Libro do Conosçimento* supón xa un cambio respecto aos anteriores, pois as descrições son bastante sucintas e parece mais ben que se van mencionando os lugares no camiño, aínda que o marabilloso tamén aparece, en menor cantidade que nos anteriores.

No século XV, o marabilloso comeza a diluírse aínda máis nos libros de viaxes peninsular de *Embajada a Tamorlán* de González de Clavijo e *Andanças e viajes* de Pero Tafur. Os elementos fantásticos que se atopan son reducidos e veñen de observacións reais, moi poucas veces se inspiran en fontes antigas. En cambio, no relato de Niccoló dei Conti, que se publica orixinalmente entre o 1431 e o 1448 -aínda que chegue á Península no 1502- o fabuloso aparece de maneira recorrente e case de forma aleatoria na viaxe, non importa demasiado o lugar no que se atope. As inspiracións clásicas son moi claras e tamén a refundición doutras obras, ao igual que na obra de Mandeville.

Por último, o *Libro do Infante* ten un carácter claramente imaxinario e marabilloso, xa para empezar observámolo no seu destino: o reino do Preste Xoán. Nos

⁹⁸ Fernanda Durão Ferreira, *Gomes de Santo Estêvão E O Livro de D. Pedro*. Palmela: Contraponto, 2000, 16–30.

⁹⁹ Margarida Sérvalo Correia, *As Viagens Do Infante D. Pedro*. Lisboa: Gradiva, 2000.

¹⁰⁰ Sánchez Lasmariás, “Edición Del Libro Del Infante Don Pedro de Portugal, de Gómez de Santisteban,” 13–14.

seus capítulos danse unha sucesión de marabillas sen importar tampouco a súa ubicación e reinterpretándoas en moitos casos para entrar dentro dos cánons cristiáns e medievais.

1.3. Metodoloxía

En canto á análise dos textos, pretendo aplicar as novidades metodolóxicas que introduce o chamado “novo medievalismo”: a corrente postmodernista aplicada aos estudos medievais. O postmodernismo agrupa un conxunto de epistemoloxías e metodoloxías que postulan a necesidade de acercarse aos documentos como textos, non como simples fontes neutras, pois ponse en dúbida a crenza anterior de que o achegamento ao pasado debe ser racional e obxectivo. Esta renovación temática e epistemolóxica da disciplina histórica a partir dos anos setenta tivo unha repercusión moi notable no campo do medievalismo, e a partir dos anos oitenta, sobre todo no ámbito norteamericano, convertiuse nun campo de experimentación no que os científicos sociais buscaron renovar a súa metodoloxía.

Segundo estas novas tendencias, o medievalista xa non recupera estrictamente o pasado, se non as imaxes de si mesmo que o pasado produce, as súas improntas. Preténdese agora aplicar un tratamento poliédrico das crónicas medievais, nas que interesa tanto o real coma o imaxinario, o verídico coma o ficcional, o expresado e o silenciado, e polo tanto a opacidade e a inestabilidade do coñecemento histórico aumentan notablemente. O novo medievalismo convértese nunha ciencia non dos feitos se non dos discursos ou, como moito, da codificación dos feitos.¹⁰¹

Así mesmo, algunhas destas novas correntes denuncian que a disciplina académica do medievalismo quedara aprisionada por unha serie de técnicas –como a diplomática, a paleografía ou a edición de textos- que asegurarían un procedemento adecuado desde o punto de vista formal, pero non garantirían o acceso á realidade do pasado. Por isto, sen olvidar estas técnicas, o medievalista ten que ter en conta que os documentos conteñen unha ideoloxía, unha intencionalidade, reflexan en sí mesmos unha lectura do mundo e requiren unha interpretación crítica.

En definitiva, o texto contén significacións múltiples e débese tratar desde unha perspectiva pluridisciplinar –o que da lugar a que aumente considerablemente o diálogo interdisciplinar no medievalismo nos últimos vinte anos. O estudo destes documentos

¹⁰¹ Jaume Aurell, “El Nuevo Medievalismo Y La Interpretación de Los Textos Históricos,” *Hispania* LXVI, nº 2 (2006): 811–14.

medievais require, polo tanto, unha dobre perspectiva: histórica e literaria, e propónse un estudo ao “terceiro nivel”, complementando a labor da edición e fixación dos textos (primeiro nivel) e a labor de contextualización (segundo nivel). O terceiro nivel de interpretación basearíase na aplicación de novas correntes epistemolóxicas provintes da antropoloxía, a lingüística e a socioloxía.

Os medievalistas fixan agora a atención en novos aspectos das crónicas que foron considerados residuais como poden ser as ficcionalidades como manifestacións dun período determinado, os silencios das narracións ou as repeticións como resultado dunha intencionalidade reactivada. Tamén resaltan que os textos son un constituínte da realidade en si mesma, produto e axente dunha sociedade (función pasiva e activa).¹⁰²

Aplicando estas directrices aos meus textos - para empezar ao escoller o marabilloso, algo inmaterial, como tema principal - pretendo combinar unha abordaxe literaria e o estudo do contexto histórico, cuestionando cal é a labor destes libros de viaxes no seu tempo, qué mentalidade ou pensamento representan e ao mesmo tempo, qué repercusións tiveron as súas publicacións nos seus lectores. Xunto con estas cuestións, tamén será importante preguntarse polos silencios nas fontes.

Xa que o obxecto de estudo principal da tese son os monstros, decidín crear unha base de datos¹⁰³ sobre eles, para poder acceder á información recollida facilmente, pero sen impedirme mirar aos textos en conxunto. Os campos nos que se organizou a base de datos foron os seguintes:

- O nome do monstro, tal como aparece no texto ou cun nome que se lle atribúe para distinguilo facilmente do resto.
- A descrición literal do monstro nos diferentes textos, xunto con posibles datos anexos que se deban ter en conta.
- Unha casilla de verificación que indica se se trata dunha raza monstruosa ou non. Desta maneira pódense clasificar segundo este criterio a simple vista.
- A localización do monstro tanto no espazo físico no que o sitúa o autor.

¹⁰² Ibid., 816–21.

¹⁰³ Dispoñible no anexo final, no que se realizarán unha serie de cambios respecto á orixinal. Por un lado, elimínase a casilla de verificación de raza monstruosa, por ser unha información que xa se aporta na descrición do monstro; e por outro lado, na fonte só se inclúe o seu nome e autor, pois xa se describiron as diferentes fontes anteriormente neste traballo.

- Por último, un campo dedicado á fonte na que aparece o monstro. Este campo está anexado a outra pequena base de datos que recolle tódalas fontes e as súas características: nome, datos bibliográficos, cronoloxía e outros datos relevantes.

A partir da base de datos e ao mesmo tempo recollendo toda a información contextual que nos aportan as narrativas de viaxes configúrase a tese, que segue a estrutura dunha ruta: o espazo é a característica que clasifica e ordena os monstros. Cada lugar reúne certos seres fantásticos, o estudo das súas semellanzas ou diferenzas definen o que foron as diferentes visións que cada viaxeiro aportou ao marabilloso de Asia.

2. O monstro na Idade Media

Antes de sumerxirnos nesta temática, debemos ter en consideración que a palabra “monstro” na Idade Media engloba as formas que son diferentes á do home -como apunta Kappler na súa obra- ás que tamén se engadirían as dos animais e os híbridos de ambos corpos que puideran aparecer. En definitiva, os monstros son o resultado da organización non habitual dos elementos de composición destes corpos e pode haber moitas maneiras de crealos.¹⁰⁴ Polo tanto, cando me refiro ao monstro como colectivo, inclúense tódalas formas monstruosas que se poden presentar nas fontes e as características comúns que as unen.

Neste capítulo sobre o monstro no mundo medieval, comézase por destacar a Antigüidade como tempo no que se crean moitos dos monstros que despois se transmitirán ao Medioevo. Coa aparición do cristianismo, a Igrexa reflexionou sobre cal era o lugar que ocupaban na Creación estes seres e tratou de clasificalos e situalos respecto ao home medieval. Ademais, para acabar de comprender qué lugar ocupa o ser monstruoso, debemos coñecer tamén o significado do marabilloso. O monstro forma parte do marabilloso, un termo que engloba todo un mundo de fenómenos extraordinarios da Idade Media, e que debemos ter presente en todo momento.

2.1. O peso da Antigüidade

Na Antigüidade moitos dos monstros ou razas prodixiosas, coma, por exemplo, os centauros, eran produto de sacrilexio castigado por Zeus, aínda que tamén se buscaron explicacións racionais para a xénese da monstruosidade.¹⁰⁵ Un dos poucos en facelo é Aristóteles. A noción de monstruosidade, segundo Aristóteles, é moito máis ampla que a dos modernos. De feito, todo neno que non se parece aos seus pais pode xa ser considerado coma un monstro na medida en que por el, a Natureza sobrepasou os seus

¹⁰⁴ Kappler, *Monstruos, Demonios Y Maravillas a Fines de La Edad Media*, 132.

¹⁰⁵ Juan Casas Rigall, “Razas Humanas Portentosas En Las Partidas Remotas Del Mundo (de Benjamín de Tudela a Cristóbal Colón),” in *Maravillas, Peregrinaciones Y Utopías: Literatura de Viajes En El Mundo Románico*, ed. Rafael Beltrán Llavador, Universitat de València, 2002, 257.

límites orixinais. A monstruosidade, ou a desemeallanza, pode ser diversamente modulada, e inclúe tamén anomalías tales como as “mutilacións” ou ben órganos e membros en número excesivo. Sen embargo, a natureza non obra por azar, non fai nada sen un fin, non se equivoca, aínda que algúns dos seus produtos sexan contrarios á norma, á “xeneralidade dos casos”.¹⁰⁶ As excepcións que chamamos *monstros* por comodidade lingüística non constitúen en ningún caso unha posta en cuestión da orde universal.¹⁰⁷

A monstruosidade continúa a ter a mesma explicación na Antiga Roma e é por iso que a palabra *monstra* en latín significaba manifestación da vontade divina. No período clásico eran vistos coma unha alteración da orde natural, seres enfermos, e no período cristiano pasarán a ser un signo do poder de Deus sobre a natureza e do uso que el lle daba con fins didácticos.¹⁰⁸ Os autores antigos que recoñeceron a existencia de razas monstruosas foron Pomponio Mela (*Chorographia*)¹⁰⁹ e, sobre todo, Plinio (*Naturalis historia*)¹¹⁰ ambos no século I d.C, e cuxas obras terán gran influencia no Medievo.¹¹¹ A obra de Plinio está composta por unha xigantesca compilación acerca de vinte mil obxectos, e desta enciclopedia proveñen a maior parte dos monstros medievais. Plinio, cuxos relatos estaban en débeda cos primeiros escritores gregos, foi á súa vez adaptado por Solino no século III na súa *Collectanea*.¹¹² Máis tarde, estas narracións sobre razas monstruosas escritas por Ctesias, Plinio e Solino refixéronse no século X nun texto anglosaxón coñecido hoxe como *Wonders of the East*.¹¹³

2.2. O pensamento cristián acerca do monstro e as razas monstruosas

A reacción xudeucristiá cara estes seres portentosos virá marcada, nun primeiro momento, polo Antigo Testamento. De acordo coa Xénese (1, 20-22), entre os peixes

¹⁰⁶ Aristóteles, *Generation of Animals*, ed. A.L. Peck. Massachusetts: Harvard University Press, 1953. IV, I (317-394); IV, III-IV (pp. 401-447).

¹⁰⁷ Kappler, *Monstruos, Demonios Y Maravillas a Fines de La Edad Media*, 237–38.

¹⁰⁸ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 109.

¹⁰⁹ Pomponio Mela, *Corografía*, ed. Carmen Guzmán Arias. Murcia: Universidad de Murcia, 1989.

¹¹⁰ Plinio, *Natural History*, ed. H. Rackhan. Cambridge, Massachusetts: Harvard University Press, 1979.

¹¹¹ Os monstros que estes autores describen xa se sitúan nestes momentos en Asia, como se analizará posteriormente. Casas Rigall, “Razas Humanas Portentosas En Las Partidas Remotas Del Mundo (de Benjamín de Tudela a Cristóbal Colón),” 254.

¹¹² Solino, *Colección de Hechos Memorables o El Erudito*, ed. Francisco J. Fernández Nieto. Madrid: Gredos, 2001; Lecouteux, *Les Monstres Dans La Pensée Médiévale Européenne*, 23.

¹¹³ Catálogo de marabillas e criaturas fantásticas que se atopan no “Oriente” e que se recollen en dous manuscritos anglosaxóns, o Cotton Vitellius A.xv e o Cotton Tiberios B.v. Susan M. Kim and Asa Simon Mittman, “Ungefægelicu Deor: Truth and the Wonders of the East,” *Different Visions: A Journal of New Perspectives on Medieval Art*, no. 2 (2010): 1; Alixe Bowey, *Monstruos Y Grutescos En Los Manuscritos Medievales*, Madrid: Ediciones AyN, 2006, 7–8.

creados por Deus atópanse xigantes mariños (*cete grandia*)¹¹⁴; o capítulo 11 do Levítico establece a distinción entre os animais puros e impuros e admite así a existencia de monstros nos límites da razón¹¹⁵; e ademais, en diversas pasaxes veterotestamentarias faise alusión a razas de xigantes, tanto antediluvianas (Xénese 6, 4)¹¹⁶ como postdiluvianas (Números 13,33).¹¹⁷

A Igrexa non tardou en enfrontarse co problema que supoñía a existencia de monstros e costoulle definir claramente a súa posición ante estas criaturas. É Santo Agostiño na *Cidade de Deus* un dos primeiros en cuestionarse acerca deste tema¹¹⁸. Para el, existen criaturas excepcionais que entraban no plan divino, aínda que os homes ignoraran se a súa natureza era humana ou animal. Os monstros son diferentes en relación ao prototipo humano, desiguais, pero trátase de minimizar a gravidade desta desemeallanza: monstros e seres humanos, aínda que diferentes, teñen a súa orixe no primeiro home.¹¹⁹

Como conclusión, Santo Agostiño di que só podía haber tres solucións a este dilema: ou as informacións sobre razas monstruosas non tiñan fundamento, ou se éstas existían non eran humanas, e se eran humanas, tiñan que descender de Adán e poderían ser evanxelizadas.¹²⁰ Despois de Adán, o seu descendente maldito foi Caín, aínda que a súa estirpe non tería sobrevivido ao Diluvio, polo que serán a estirpe dos descendentes de Cam, o fillo de Noé, a xeradora de razas monstruosas. Á morte do seu pai, os tres fillos de Noé - Jafet, Sem e Cam - repartíronse os tres continentes coñecidos. Europa correspondeulle a Jafet, África para Cam e Asia para Sem, aínda que ás veces invertíronse estas dúas asociacións e outorgouse África a Sem e Asia a Cam. En todo caso, o mal fillo de Noé nunca se relaciona con Europa.¹²¹

Outro pensador que reflexionou sobre estes seres durante o Medievo foi Isidoro de Sevilla (570-636), nas *Etimoloxías*. No capítulo titulado “Os monstros”, Isidoro

¹¹⁴ *Biblia de Jerusalén*. Bilbao: Desclée de Brouwer, 2017, 14.

¹¹⁵ *Ibid.*, 132–33.

¹¹⁶ *Ibid.*, 20.

¹¹⁷ *Biblia de Jerusalén*. Bilbao: Desclée de Brouwer, 2017, 117 ; Casas Rigall, “Razas Humanas Portentosas En Las Partidas Remotas Del Mundo (de Benjamín de Tudela a Cristóbal Colón),” 254.

¹¹⁸ San Agustín, *Obras de San Agustín, XVI Y XVII, “La Ciudad de Dios,”* ed. Victorino Capanaga. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 1977. O pensamento de Santo Agostiño sobre as razas monstruosas recóllese no cap. VIII do libro XVI (245-249).

¹¹⁹ Rubio Tovar, “Monstruos Y Seres Fantásticos En La Literatura Y Pensamiento Medieval,” 129–31.

¹²⁰ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 92.

¹²¹ *Ibid.*, 259.

reprende a definición de Varrón¹²² e corríxeo: “Os monstros, di Varrón, son aqueles que naceron contra a natureza, pero eles non naceron contra a natureza xa que foron feitos por vontade divina [...]. O monstro non vai en contra da natureza se non simplemente de aquilo que nós chamamos natureza.” (*Etim.* XI, 3, 1sq.).¹²³ Reafirma así a idea de que os monstros forman parte da natureza, e como tal do plan divino.¹²⁴

Polo tanto, é preciso pensar na monstruosidade en termos de *harmonía* e de *relacións*, pois reencontramos na Idade Media a idea xa vista en Aristóteles de que nada ocorre por azar, que Deus (ou a Natureza) non poden equivocarse.¹²⁵ Sen embargo, o monstro medieval suscita cuestións que a época non consegue resolver totalmente.

A definición de monstro cambia ben pouco ata o século XVI, as súas representacións evolucionan sensiblemente, pero o esencial das modificacións conduce á interpretación do papel que o monstro representa no universo. A Idade Media vese atenzada entre a necesidade de explicar a “desorde” que supón o monstro e a de crer no postulado segundo o cal a Natureza, obra de Dios, é perfecta, e polo mesmo ordenada de acordo con un sistema imperturbable. Aínda aceptando o dito por Aristóteles e por Santo Agostiño, subsiste o paradoxo, pois en efecto, o monstro é, dunha ou outra forma, froito do pecado. Nace despois da caída, da unión dos “fillos de Deus” coas “fillas dos homes”, e despois do Diluvio o monstro provén do fillo maldito de Noé, de Cam, cuxa descendencia parece ter sido tamén atractiva para os “inimigos infernais”. Sen dúbida, o monstro é tolerado por Deus, a menos que fora enviado como castigo por “algúns malvados”, pero non pertencería ao Edén.¹²⁶

Despois de coñecer estas definicións dos monstros na Idade Media, vemos cómo os pensadores non crean un concepto do monstro a partir das súas características físicas, se non do lugar que ocupan no pensamento medieval e nas cuestións que ocasiona en relación á natureza e despois a Deus.

¹²² M. Terencio Varrón (116-27 a.C.) foi un filósofo, filólogo, gramático, poeta e historiador romano. José Oroz Reta, “M. Terencio Varrón Reatino Primer Humanista Romano. En El Bimilenario de Su Muerte,” *Helmantica* XXV (1974): 497–510.

¹²³ San Isidoro de Sevilla, *Etimologías, Vol. I y II*, ed. Manuel C. Diaz y Diaz. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 1982. Tomo II, XI, 3 (47-55)

¹²⁴ Lecouteux, *Les Monstres Dans La Pensée Médiévale Européenne*, 10.

¹²⁵ Kappler, *Monstruos, Demonios Y Maravillas a Fines de La Edad Media*, 239.

¹²⁶ *Ibid.*, 288.

2.3. Os monstros e o seu universo: o marabilloso

Ao falar do monstro na literatura ou a arte empréganse os termos de “máxico”, “fantástico”, “sobrenatural” ou “marabilloso” coma se foran sinónimos, palabras case intercambiables. Parece que por estes termos entendemos un conxunto de sucesos que non podemos explicar de forma racional, pois superan os principios da realidade. Nun contexto literario as formas do marabilloso maniféstanse de varias maneiras: feitos prodixiosos, obxectos, personaxes, mundos máxicos e atmosferas misteriosas que no seu conxunto, ou por separado, producen un sentimento de asombro ou estrañeza no lector. A aparición destes elementos na nosa realidade provoca a sensación de estar ante un universo con leis propias, ilimitado e descoñecido.¹²⁷ O *marabilloso* expresaba o asombro e presentábase ante a mirada, pois “mirabilia”, con raíz “mir” (*miror, mirari*) implica algo visual. Ademais, non se trata dunha categoría abstracta, se non dun universo variado, pois ordénase todo un mundo imaxinario arredor deste sentido, o da vista, e arredor dunha serie de imaxes e metáforas.¹²⁸ A lista de marabillas era infinita, sempre aberta á imaxinación, e tiñan por base concepcións relixiosas e espirituais onde imperaba a idea de milagre, de intervención divina. O fabuloso, o demoníaco, o marabilloso ou a maxia eran realidades do cotián medieval, que pasaron do plano psicolóxico a plasmarse nas columnas e paredes das catedrais, a formar parte ademais dunha realidade visual e tanxible.¹²⁹ Unha das súas principais funcións sería a de compensar a trivialidade e a regularidade cotiás, por iso os mirabilia tenden a organizarse nunha especie de universo ao revés. Os principais temas son: a abundancia de comida, a nudez, a liberdade sexual e o ocio, que representarían tópicos totalmente contrarios á cotidianidade medieval.¹³⁰

Sen embargo, este panorama fantástico non existía na Idade Media co mesmo significado que lle damos hoxe. A perspectiva dos homes daquela época dista moito da nosa á hora de comprender as *realidades* (ou aparencias, para eles) fronte ao *outro mundo* – moito máis rico e profundo-, a pesar da súa aparencia de irrealidade. O divorcio que existe na nosa época entre a historia e a fantasía non se deu nos mesmos termos na cultura medieval.¹³¹ Para eles o monstro manifestábase tanto de maneira simbólica como literal, o que se denomina como “universo simbólico” non exclúe no pensamento medieval que

¹²⁷ Rubio Tovar, “Monstruos Y Seres Fantásticos En La Literatura Y Pensamiento Medieval,” 124.

¹²⁸ Ibid., 124–25.

¹²⁹ Amorim, “Viagem E Mirabilia: Monstros, Espantos E Prodígios,” 146.

¹³⁰ Le Goff, *Lo Marabilloso Y Lo Cotidiano En El Occidente Medieval*, 16–17.

¹³¹ Rubio Tovar, “Monstruos Y Seres Fantásticos En La Literatura Y Pensamiento Medieval,” 125.

se concreticen estes seres maravillosos nos monstros e razas monstruosas que vivían nos lugares remotos da terra. Este desprazamento da realidade fantástica a lugares remotos e inalcanzables aseguraba a propia existencia do monstro, xa que non se podía averiguar empíricamente se estaban alí ou non.¹³² Certos tipos de lugares parecían favorables a estes fenómenos polo seu especial illamento, coma os fins da terra, os desertos, as montañas e as illas.¹³³

Polo tanto nos libros de viaxe refléxase a búsqueda nos camiños de testemuñas das ancestrais lendas que durante séculos moldearan ao home do Medievo. A medida que aumentaban os límites do mundo coñecido, medrábase en coñecementos, e tamén en admiración. Con cada avance, axustábase un mito, adaptábase. A chegada aos locais onde antes se situaba a lenda, a marabilla, o monstro, facía que a historia desaparecera para ese sitio, pero recobrábase para outro espazo.¹³⁴

¹³² Williams, *Deformed Discourse: The Function of the Monster in Mediaeval Thought and Literature*, 11–14.

¹³³ Jean Verdon, *Travel in the Middle Ages*, Notre Dame: University of Nothe Dame, 2003, 282–83.

¹³⁴ Amorim, “Viagem E Mirabilia: Monstros, Espantos E Prodígios,” 154.

3. Oriente e o Medievo

3.1. Asia na visión do mundo

Unha das nocións xeográficas medievais herdadas do mundo antigo foi a articulación do mundo en tres partes: Asia, Europa e África. Esta tripartición coincidía, como xa vimos, cos tres fillos de Noé e a repartición da Terra despois do Diluvio. Cando se organizan os continentes sobre a superficie do mapa, os *mappaemundi* medievais tenden a dispoñer Oriente ou Asia na parte superior, para, seguindo a disposición xerárquica medieval, dar preeminencia ao continente no que de acordo co Xénese (II, 8), se ubica o Paraíso terreal, pois ao longo do Medievo mantívose a tradición teolóxica de que este existía na Terra. Era habitual a representación dos catro ríos que emanaban do Paraíso –Tigris, Éufrates, Fisón e Geón-, que serían ríos extraparadisíacos (Xén. 2:8-15)¹³⁵, pois traspasaban a fronteira do Paraíso e regaban a ecúmene.¹³⁶ Tamén, segundo a Biblia, se situaban en Asia os pobos de Gog e Magog. Gog, príncipe do país de Magog, aparece nos libros de Ezequiel (Ez. 38:1-9) e no Apocalipse (Ap. 20:7-8) como gobernante dun reino de Asia Menor. Este reino será convocado por Satanás para facer a guerra e exterminar os pobos no Día do Xuízo Final.¹³⁷ Nos mapas, Gog e Magog personificábanse coma dous xigantes situados nalgunha parte do norte ou nordeste de Asia.¹³⁸

A cartografía medieval, ao igual que nos relatos de viaxes que tratamos, caracterízase por unha dobre dimensión espazo-temporal, pois nos seus mapas plásmase a imaxe física do mundo, pero tamén a súa historia global. Teñen cabida acontecementos da historia bíblica, antiga e medieval, habitualmente interpretados baixo unha óptica cristianizada. Polo tanto, acontecementos anacrónicos teñen cabida de forma simultánea. Cobrarán especial protagonismo aquelas historias con importantes referencias xeográficas, coma a Arca de Noé, que varou no monte Ararat; a Torre de Babel; ou os

¹³⁵ *Biblia de Jerusalén*. Bilbao: Desclée de Brouwer, 2017, 15–16.

¹³⁶ Sandra Sáenz-López Pérez, “El Mundo En La Edad Media a Través de Sus Mapas: Ciencia, Historia Y Religión,” in *El Románico Y Sus Mundos Imaginados* (Aguilar de Campoo, 2014), 34.

¹³⁷ *Biblia de Jerusalén*. Bilbao: Desclée de Brouwer, 2017, 1836.

¹³⁸ David Woodward, “Medieval Mappaemundi,” in *The History of Cartography, Volume One. Cartography in Prehistoric, Ancient, and Medieval Europe and the Mediterranean* (University of Chicago Press, 1987), 332–33.

graneiros de Xosé, que eran identificados coas pirámides exipcias de Giza.¹³⁹ Todos estes aparecerán nas fontes a tratar, referenciados ou con monstros asociados.

Outra teoría da xeografía medieval, herdada do mundo clásico, que debemos ter en mente é o *mappaemundi* macrobiano ou mapa zonal. Segundo este, a Terra divídese en catro partes separadas por dous océanos que dividen os hemisferios en norte, sur, este e oeste. Dous deses continentes constitúen o hemisferio coñecido. Este estaba dividido en cinco zonas climáticas paralelas en latitude: as dúas zonas polares eran frías e inhabitables, e a zona ecuatorial non se podía cruzar polo calor extremo. As zonas temperadas que se atopaban nestas dúas eran as habitables e a zona temperada sur, segundo os gregos, estaba habitada polos Antípodas, unha raza que gravaría as súas pegadas ao contrario que as nosas.¹⁴⁰ A importancia desta representación do mundo reside en que as razas monstruosas estaban situadas nos extremos do mundo pero tamén moitas veces nos trópicos, na zona ecuatorial. Os trópicos eran o contrario da normalidade que suporían as zonas temperadas. O clima que experimentaban os europeos ao entrar nestas terras sería outro símbolo máis desa alteridade, e influiría nas xentes, habitualmente monstruosas, que alí se situaban.¹⁴¹

3.2. O redescubrimento do Oriente

Os gregos foron os primeiros occidentais en relatar as súas viaxes ao continente asiático, que tiñan lugar habitualmente por mediación dos persas. O seu destino foi a India, unha rexión asociada xa co monstruoso, pois nese momento era o extremo máis afastado do mundo. Viaxeiros como Ctesias ou Megástenes, asociados á corte persa, escribiron os primeiros relatos sobre estes territorios, nos que o elemento marabilloso destaca xa coma unha das súas características. Sen embargo, a expedición de Alexandre Magno (329-326 a.C.) foi a que máis textos inspirou e a que confirmará a imaxe marabillosa desta terra.¹⁴² Coa morte do conquistador macedonio, comezarán a definirse dúas áreas: a grecorromana e bizantina (Occidente) e a parto-sasánida (Oriente).

¹³⁹ Sáenz-López Pérez, “El Mundo En La Edad Media a Través de Sus Mapas: Ciencia, Historia Y Religión,” 37.

¹⁴⁰ Woodward, “Medieval Mappaemundi,” 300.; Sáenz-López Pérez, “El Mundo En La Edad Media a Través de Sus Mapas: Ciencia, Historia Y Religión,” 35.

¹⁴¹ Irina Metzler, “Perceptions of Hot Climate in Medieval Cosmography and Travel Literature,” *Reading Medieval Studies* 23 (1997): 74.

¹⁴² Estes libros de viaxes crean unha imaxe sobre a India que explico máis detalladamente no capítulo dedicado a este territorio.

Durante moito tempo, incluído o resto da Antigüidade, coa intervención dos árabes en Arabia e o mar Vermello, e a dos partos e sasánidas en Irán, o Mediterráneo recibiu todos os produtos orientais que precisou, cuxa procedencia exacta os comerciantes ocultaron a toda costa. Non obstante, pouco despois, a partir do 636 d.C., Oriente e Occidente pasaron a ser dous mundos irreconciliables co nacemento do Imperio Islámico. A unidade cultural e mercantil mediterránea quedou rota e o Oriente quedou plasmado como un recordo nos relatos bíblicos e nas lendas de Alexandre.¹⁴³

Seguidamente, nos primeiros séculos medievais, principalmente desde o século VII ata o X, é posible observar as viaxes realizadas polos monxes cristiáns co fin de predicar a palabra do Evanxelio, como tamén as exploracións dos pobos escandinavos e viquingos, que respondían a movementos migratorios de comercio, saqueo, conquista e colonizacións. Agora ben, a gran expansión das viaxes vaise dar a partir do século XII en diante, animada polo fortalecemento das estruturas políticas, relixiosas e comerciais.¹⁴⁴

As Cruzadas e o comercio no Mediterráneo permitiron aos europeos coñecer mellor o Próximo Oriente a pesar das incompreensións culturais e relixiosas que os separaban dos gregos, e sobre todo, dos musulmáns.¹⁴⁵ Os vínculos comerciais entre a Europa occidental e outras rexións non desapareceran nunca de todo, pois os mercados europeos máis importantes seguían estando en Italia - Venecia establecera un comercio ultramarino con Alexandría e Constantinopla xa desde o século IX. Sen embargo, é neste momento cando o comercio europeo aumenta considerablemente.

Os Estados cruzados favoreceron o establecemento de portos comerciais destacables cos italianos como mercadores, como Beirut, Antioquía, Trípoli ou Tiro, impulsados polo crecemento do comercio internacional dos séculos XII e XIII. Sen embargo, isto non fixo que os centros máis importantes do comercio europeo con Oriente deixaran de ser Alexandría e Constantinopla, onde chegara a haber grandes asentamentos comerciais occidentais. Este feito indícanos que o principal aporte do movemento cruzado foi poñer a Europa en estreita vecindade con outras culturas, promover un gran

¹⁴³ Joaquín M. Córdoba Zoilo, “La Atracción Por Oriente,” en *Viajes Y Viajeros En La Europa Medieval*, Feliciano Novoa Portela, F. Javier Villalba Ruiz de Toledo (eds.). Madrid: Lunwerg Editores y CSIC, 2007, 77–79.

¹⁴⁴ Pablo Castro Hernández, “La Idea Del Viaje En La Edad Media. Una Aproximación Al Espíritu Del Viajero Y La Búsqueda de Nuevos Mundos,” *Historias Del Orbis Terrarum* 5, 2013, 70.

¹⁴⁵ Miguel Ángel Ladero Quesada, “Mundo Real Y Mundos Imaginarios. John Mandeville,” in *Viajes Y Viajeros En La Europa Medieval*, Feliciano Novoa Portela and F. Javier Villalba Ruiz de Toledo (eds.). Madrid: Lunwerg Editores y CSIC, 2007, 55.

movemento de desprazamentos cara estas terras, que podían ser de peregrinos - sendo a cidade de Acre un dos principais puntos de chegada -, comerciantes ou soldados. Así mesmo, contribuíu a tomar conciencia do mundo musulmán no Próximo Oriente e da existencia de terras máis alá, que pronto se aventurarían a descubrir.¹⁴⁶

A este cúmulo de circunstancias sumouse, a partir do ano 1165, a noticia da existencia, nalgún lugar das Indias, dun suposto reino do Preste Xoán, poboado por cristiáns descendentes dos que evanxelizara santo Tomás. Éste presentábase como un territorio de extraordinaria magnificencia, riqueza, orde e paz, que tal vez podería ser un aliado eficaz nas loitas contra o Islam e a consolidación do dominio sobre os Santos Lugares. E por último, o acontecemento que abre as portas de Asia á curiosidade europea foi a expansión e conquista protagonizada polos mongois baixo o mando de Gengis Khan e os seus inmediatos sucesores. O asentamento do imperio mongol fai que se establezan unha serie de condicións de seguridade suficientes para viaxar desde as costas orientais do Mediterráneo ata China.¹⁴⁷

Neste momento, comezan as misións do século XIII a Asia, moitas delas instigadas polo papa Inocencio IV como parte dunha estratexia defensiva para coñecer aos mongois da fronteira leste de Europa, e que produciron un importante conxunto de tratados etnográficos sobre os mongois asiáticos. Estes escritos contribuíron a ese soño de poder converter Asia e ao mítico rei cristián, Preste Xoán, ou aliarse con el contra o seu inimigo común, os musulmáns do Próximo Oriente.¹⁴⁸ Paralelamente, comerciantes de diferentes reinos europeos competiron por vantaxes, monopolios e mercancías, que compraban nos bazares de Oriente para revendelas por toda a cristiandade. Asia fascinaba tamén polos seus mercados e produtos, e esta é unha das razóns polas que moitos estaban interesados nos libros de viaxes, pois posuían a información coa que podían acceder sobre este novo mundo.¹⁴⁹

Como vemos, intercambiáronse embaixadas, organizáronse misións de franciscanos e dominicos e comezou a actividade de mercadores occidentais. Como consecuencia puxéronse por escrito itinerarios, memorias de viaxe, descrições de terras e pobos da África Oriental, India, Extremo Oriente, Asia Central e China e plasmáronse, xa ven entrado o século XIV, en mapas e tratados. Nestes testemuños podemos ver como

¹⁴⁶ Phillips, *La Expansión Medieval de Europa*, 43–77.

¹⁴⁷ Ladero Quesada, “Mundo Real Y Mundos Imaginarios. John Mandeville.”

¹⁴⁸ Khanmohamadi, *In Light of Another's Word. European Ethnography in the Middle Ages*, 57.

¹⁴⁹ Córdoba Zoilo, “La Atracción Por Oriente,” 88.

se foi modificando a imaxe do mundo e a importancia que tivo para o futuro esta primeira etapa de descubrimentos.¹⁵⁰

¹⁵⁰ Ladero Quesada, "Mundo Real Y Mundos Imaginarios. John Mandeville," 55.

4. Oriente, terra de monstros: o imaxinario dun espazo, un espazo de imaxinación

Para tentar descubrir cal puido ser a influencia no pensamento medieval destes seres fabulosos, decidiuse construír un itinerario a partir daqueles que seguen os viaxeiros dos textos a estudar. A idea é situarnos na súa mente e tentar “viaxar” con eles a través dos diferentes espazos nos que se atopaban cos monstros, e así analizar as características destes seres en cada rexión, creando conxuntos entre eles, sen olvidarnos de aportar unha visión global. Desde Europa, a primeira parada deste percorrido será o leste de África, seguido polo Próximo Oriente, a India e o océano Índico - incluíndo o reino do Preste Xoán -, Asia Central, China e a Tartaria. O noso roteiro irá sempre hacia o leste, primeiro desvíase ao sur ata chegar á India, e despois continúa pola Asia Central ata chegar ata China e a Tartaria, os espazos máis orientais aos que viaxaron os autores destes relatos.

4.1. África


O interior de África era apenas coñecido, razón pola que atraeu diferentes mitos durante séculos. Autores como Pomponio Mela no seu *De situ orbis* sitúa monstros en África que outros autores localizaban en Asia e Plinio na *Naturalis historia* resalta que India e Etiopía eran especialmente abundantes en marabillas, que nesta terra sempre aparecía algo novo, e sitúa aquí a certas razas monstruosas coma os *blemmiae*, os sátiros, os hermafroditas ou os pigmeos¹⁵¹. Isidoro de Sevilla e Solino son outros dos autores que falan de monstros neste territorio. En conxunto estas pasaxes son as que inspiraron a tradición iconográfica dalgúns mapamundi medievais que ilustraban o sur de África con estes seres.¹⁵² A aparición deste territorio nas viaxes a Asia parece polo tanto inevitable, por un lado porque o camiño dos viaxeiros acostuma pasar por alí cando se dirixían aos territorios orientais, e por outro por ser tamén un territorio mítico coñecido como tal na Idade Media. Ademais, nos mapas, era habitual que fose o Nilo o que separara África de Asia, polo que as fronteiras eran moito máis permeables.¹⁵³

¹⁵¹ Plinio, *Natural History*, ed. H. Rackham. Cambridge, Massachusetts: Harvard University Press, 1979. VII, I-III. 511-529. As mencións que seguen de Plinio tamén pertencen ao Libro VII da “Historia Natural”.

¹⁵² Cher Van Duzer, “Hic Sunt Dracones: The Geography and Cartography of Monsters,” in *The Ashgate Research Companion to Monsters and the Monstrous*, ed. Ana Simon Mittman and Peter J. Dendle, Routledge: Ashgate, 2012, 396–401.

¹⁵³ Woodward, “Medieval Mappaemundi,” 296.

Neste capítulo, os relatos que describen estas terras serán os de Mandeville, que fala de monstros de orixe antiga, e o de Pero Tafur, que atopa un monstro creado a partir dun animal real. Seguidamente, no **Mapa 1**, podemos localizar estes monstros.



Mapa 1. Leste de África

Exipto

Exipto na Antiga Grecia comeza sendo un país de marabillas no que os seus habitantes eran idealizados, ao igual que ocorría con outras terras descoñecidas. Sen embargo, isto cambia co establecemento da dinastía ptolemaica, pois os gobernantes pasan a ser grecomacedonios e á súa corte aflúen poetas e intelectuais, de maneira que segundo se coñecía máis o país, ese carácter de terra fabulosa foise deteriorando.¹⁵⁴

Mandeville é o primeiro en falarnos de Exipto no seu relato, no que fai unha descrición da rexión e engade nestas varias referencias bíblicas, coma a aparición dos supostos graneiros que o Faraón construíu por consello de Xosé para enfrontarse a anos de gran escaseza (*Xénese*, 41), a maceira que Adán mordeu ou unha fonte que fixo Xesucristo cando era neno e ía xogar alí con outros nenos.¹⁵⁵ Os elementos marabillosos

¹⁵⁴ F. Javier Gómez Espelosín, Antonio Pérez Largacha, and Margarita Vallejo Girvés, *Tierras Fabulosas de La Antigüedad*, Servicio de Publicaciones. Universidad de Alcalá, 1994, 181–92.

¹⁵⁵ MA, 49-51

non son demasiado abundantes pero si nos atopamos cunha raza monstruosa: o sátiro. Nesta descrición, o sátiro é un monstro con tronco de home e da cintura para abaixo de cabra, con dous cornos na fronte e que vivía no deserto. A propia criatura cando fala sitúase a si mesma dentro da creación de Deus, quitándolle calquera aspecto despectivo ou demoníaco que se lle puidera atribuír, como ocorría na Antigüidade.¹⁵⁶ Na súa orixe grega, os sátiros viven nos bosques e covas das periferias, lugares salvaxes que van en contra das leis do home, aínda que o sátiro non se consideraba perigoso. A súa aparencia combina os peores elementos de dúas especies: o cabalo e o home, ao igual que o centauro, só que a diferenza reside en que este último recolle as mellores características. No texto non se utiliza a nomenclatura de “sátiro”, e aínda que se trata dun híbrido de home e cabra, debemos saber que desde principios do século IV a. C., no mundo grego xorden sátiros imberbes xunto aos barbados convencionais, acórtase a súa cola -que chega a confundirse coa dunha cabra- e medran na súa fronte dous diminutos cornos. Na Idade Media esta é a imaxe que se adopta do sátiro para simbolizar a bestialidade do vicio, aínda que neste caso, o autor adopte esta iconografía, non é esa a lección moral que se quere dar.¹⁵⁷

A construción física do sátiro, en comparación coa dos centauros, é moi diferente aínda que os dous sexan híbridos de home e cabalo: mentres que o centauro une as formas destes dous seres case completas, o sátiro reúne elementos dos dous para formar un corpo novo. Ten un tronco humano erguido con pernas humanas ou pernas e cola equinas, brazos e cabeza humanos e orellas tamén equinas. Este aspecto físico do sátiro vai da man da distorsión deliberada dos seus resgos faciais, pelo largo ou calvo e un esaxerado falo, elementos que poñen a esta criatura, ao igual que o centauro, en contraposición ao ideal grego.¹⁵⁸ Nas primeiras referencias da literatura grega ao sátiro, descríbeseles como “sen valor” ou “inútiles para traballar” e relaciónaselles co fracaso. Ademais caracterízanse polos seus persistentes intentos de rapto, a súa lascivia cara unha muller, home ou animal, a súa debilidade co viño e por ser un cruce entre animal e home.¹⁵⁹ No caso a analizar, queda a un lado ese sátiro que representaba todo o obsceno e o oposto aos valores do mundo grego, e tamén do medieval. Esta criatura semella inofensiva e entra dentro da

¹⁵⁶ MA, 49

¹⁵⁷ Miguel Ángel Elvira Barba, *Arte Y Mito: Manual de Iconografía Clásica*, Madrid: Silex Ediciones, 2008, 279–80.

¹⁵⁸ Liane Posthumus, “Hybrid Monsters in the Classical World”, University of Stellenbosch, 2011, 60–61.

¹⁵⁹ *Ibid.*, 57–60.

creación de Deus, como el mesmo afirma; non se lle exclúe, seguindo o pensamento cristián.

Outra marabilla propia de Exipto e de larga tradición é a existencia da Ave Fénix. Mandeville sitúaa en Heliópolis, “a cidade do sol”, nun templo que se fixo imitando ao de Xerusalén. O sacerdote do templo ten por escrito as datas nas que a ave se vai inmolar ao templo, cada 500 anos, que son os anos que vive. É o propio sacerdote o que pon especias e herbas sobre o altar para que a ave se queime alí. O primeiro día o home atopa un ovo, o segundo o paxaro formado, e o terceiro a ave xa marcha voando. A ave compárase con Deus, ao igual que noutras fontes coma o Bestiario¹⁶⁰, porque resucita ao terceiro día. Fisicamente non sería maior que unha aguía e tería na cabeza unha cresta de plumas máis grande que a dun pavo real, co pescozo amarelo brillante, o pico azul, as ás de cor púrpura e a cola con raias transversais amarelas e vermellas. Ademais, brilla cando é bañado polo Sol.¹⁶¹

En relación a este ser fabuloso, as referencias clásicas do Fénix dannos razóns para asumir que o mito arredor deste paxaro se ten orixinado en Exipto ou polo menos que ten unha influencia exipcia importante cando se comeza a desenvolver. Heródoto di que a súa información sobre o Fénix estaba baseada en informes dos sacerdotes da cidade de Heliópolis. Esta cidade xoga un importante papel nas tradicións sobre a morte e resurrección do paxaro: o novo Fénix leva ao seu predecesor morto aquí para renderlle os últimos honores no templo do sol ou o vello fénix sométese aquí á súa morte e resurrección.¹⁶² A esencia deste mito é que cando morre o paxaro, renova a súa vida. Este proceso varía nas referencias das literaturas clásica e na paleocristiá, pero pódense reducir a dúas versións. En ambas, cando o vello Fénix sente que vai morrer comeza a recoller plantas aromáticas coas que fai un niño e alí descomponse. Neste, nace un novo Fénix, normalmente con forma de verme. Despois, este paxaro parte cara Heliópolis, en Exipto, deixando os restos do seu predecesor no altar do deus do Sol.¹⁶³ No fisiólogo grego, combínase a India e Heliópolis como lugares nos que estaba o Fénix. Este pasa polo Líbano no seu camiño á India a recoller herbas aromáticas para a pira, e despois vai a Heliópolis.¹⁶⁴ En canto á súa aparencia física, a relación entre o Fénix e o Sol exprésase

¹⁶⁰ Ignacio Malaxecheverría, ed., *Bestiario Medieval*, Madrid: Siruela, 2008, 173–77.

¹⁶¹ MA, 49-50

¹⁶² R. van den Broek, *The Myth of the Phoenix: According to Classical and Early Christian Traditions*, Leiden: E. J. Brill, 1972, 14.

¹⁶³ Ibid., 146.

¹⁶⁴ Ibid., 148.

tamén na aparencia física do paxaro, concretamente na cabeza do fénix: un nimbo con ou sen raios.¹⁶⁵

Por último, Pero Tafur tamén se detén en Exipto durante a súa viaxe. A súa descrición deste territorio céntrase na xeografía e nos costumes pero alude, ao igual que Mandeville, á Biblia, ao dicir que o Nilo era un dos ríos do Paraíso. Ademais, fálanos da *cocatriz*, unhas bestas que se crían fóra da auga, cando están dentro da auga ninguén as pode alcanzar xa que son moi perigosas e teñen forma de lagarto.¹⁶⁶ Claramente, trátase do crocodilo. Nos bestiarios medievais fálase deste coma un animal que devora homes, pasa gran tempo coa boca aberta, está de noite na auga e de día na terra, e utilízanse estas características para ensinar leccións morais cristiás.¹⁶⁷ Neste caso non se trata dun simple animal, se non dunha besta especialmente mortífera, polo que o seu carácter monstruoso queda patente nesta descrición de Tafur.

Etiopía

Para os gregos, esta terra estaba a medio camiño entre a realidade e o mito. De feito, a imaxe de Etiopía na Antigüidade constituíu un dos principais referentes do seu pensamento mítico e utópico. A idea prevalecente no imaxinario helénico foi a dunha terra fabulosa situada nun dos confíns do orbe, con abundancia e prosperidade nas súas terras e cunha particular relación co Sol, que estaba na base de todas esas cualidades. Esta estreita relación foi a súa característica máis destacada e a responsable das confusións existentes á hora de situar sobre un mapa estas terras, xa que oscilaban entre o Oriente propiamente dito e chegaban a confundirse coa India e o sur.¹⁶⁸ Co cristianismo, desmitifícanse algunhas das características deste pobo, pois o coñecemento del é maior, pero paralelamente a imaxe mítica dos etíopes permanece.

Mandeville é o único autor que nos fala desta terra e escolle representala de maneira fabulosa. Descríbea coa mesma característica identitaria que utilizaban os gregos: o calor extremo, tanto que provocaba que os ríos tiveran a auga turbia e algo salgada. Pero ademais, engade unha raza monstruosa á descrición: residen alí homes que só teñen un pé, e este é tan grande que lle fai sombra a todo o corpo cando o poñen cara arriba.¹⁶⁹ Estes homes proveñen das obras antigas, coma a de Ctesias de Cnido, na súa

¹⁶⁵ Ibid., 233.

¹⁶⁶ PT, 76-79

¹⁶⁷ Malaxecheverría, *Bestiario Medieval*, 231-35.

¹⁶⁸ Gómez Espelosín, Pérez Largacha, and Vallejo Girvés, *Tierras Fabulosas de La Antigüedad*, 197.

¹⁶⁹ MA, 88

Indika, que foi o primeiro en falar desta raza de homes que el chama esciápodes (“pe que fai sombra”). Caracterízanse por ter só unha perna pero moita habilidade nesta para saltar.¹⁷⁰ Plinio engade que pasan os días deitados protexendo a cabeza do sol co seu gran e único pé.¹⁷¹

4.2. Próximo Oriente


Na Antigüidade, Arabia era unha terra coñecida polas especias que alí se atopaban, pero non era unha terra idílica, pois os seus habitantes debían afrontar serios perigos para acceder a estes valiosos produtos.¹⁷² Sen embargo, ao contrario que na maioría dos territorios, déixase a un lado as informacións da Antigüidade: non é esta a imaxe que se quere crear. Tanto o relato de Mandeville coma o da viaxe do Infante Don Pedro recorreron a lugares míticos da Biblia para axudar a estruturar e engadir marabillas ó seu periplo, deixando a un lado a Arabia caravaneira e principalmente dedicada ao comercio. Ambos comezan a súa andadura polo Próximo Oriente cunha parada en Babilonia. Despois o Infante continúa a súa viaxe pola Serra de Armenia e a Cidade de Saba, ambos lugares bíblicos, mentres que Mandeville se achega a este territorio coa súa visita ao reino de Cadelis, probablemente imaxinario. Tamén Marco Polo dará conta dun monstro na súa visita ao Yemen na viaxe de retorno.

Este capítulo destaca pola combinación entre lugares bíblicos con monstros procedentes da Grecia Clásica, monstros propios da Idade Media e tamén creados a partir de animais. Todos estes tipos de marabillas combínanse entre sí para dar lugar a unha paisaxe bíblica -deixando a un lado o sur de Arabia- repleta de monstros doutras orixes, o que nos recorda esa característica medieval de combinar lugares con acontecementos que nunca coexistiron, nin sequera nun plano marabilloso. Estes lugares represéntanse a continuación no **Mapa 2**.

¹⁷⁰ D. Felton, “Rejecting and Embracing the Monstrous in Ancient Greece and Rome,” in *The Ashgate Research Companion to Monsters and the Monstrous*, ed. Ana Simon Mittman and Peter J. Dendle, Routledge: Ashgate, 2012, 125.

¹⁷¹ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 18.

¹⁷² Gómez Espelosín, Pérez Largacha, and Vallejo Girvés, *Tierras Fabulosas de La Antigüedad*, 206.



Mapa 2. Próximo Oriente

Babilonia

Babilonia na Biblia é a cidade que establece de forma arrogante unha orde mundial contraria á de Deus, éste enfádase e utilízaa como proba da súa incontestable supremacía. A Torre de Babel, en concreto, foi construída en contra dos desexos de Deus, que ordenou á humanidade que se espallase e en cambio decidiron construír unha cidade na que estar todos xuntos.¹⁷³ Polo tanto, é unha cidade que Deus castiga e ese castigo queda plasmado na Biblia e no relato de Mandeville.

Para este autor, Babilonia situaríase nos grandes desertos de Arabia, de camiño ao reino de Caldea, e nesta cidade atoparíase a Torre de Babel. De orixe bíblica, esta torre é construída polos pobos xurdidos despois do Diluvio. Estes tiñan a mesma linguaxe e comezan a construír unha cidade, e con ela unha torre que pretendían que tivera a cúspide no ceo, pero Yahvé decide confundir as súas linguaxes, a torre queda inacabada e os pobos espállanse polo mundo. Na realidade, corresponderíase cunha das elevadas torres con

¹⁷³ Ryan Lyle Quey, “A Biblical Theology of Babylon”, The Master’s Seminary, 2016, 10–14.

pisos que se construían en Mesopotamia como símbolo da montaña sagrada e altar da divindade (*Xénese*, 11: 1-9)¹⁷⁴

Cando Mandeville chega a ela, di que foi fundada polo rei *vembroc*, que se correspondería con Nembroc: neto de Cam (o fillo de Noé) descríbese como bravo cazador que comezou o seu reino con Babel, Érec e Acad (*Xénese* 10: 8-10). En canto á propia torre, descríbea como moi deserta e “y ha dragones serpientes e otras bestias enuenenadas ailli cerca la tor”.¹⁷⁵ O dragón na Idade Media dise que é a maior das serpes e que nace en Etiopía ou na India, en lugares onde o calor é perpetuo. Esta característica non difire do ambiente no que o atopamos nesta ocasión: o deserto. Outra fonte do mundo persa fálanos do dragón como “un animal de corpo enorme, aspecto terrible, cunha boca ancha e moitos dentes, ollos chameantes e de gran lonxitude”. Polo tanto, vólvese a resaltar esta relación do dragón coa serpe contando que o dragón era unha serpe que co tempo cambiou de forma, o que parece que é unha idea estendida en diferentes culturas.¹⁷⁶ Poderíase dicir que neste caso a función de dragóns e serpes é a mesma: alonxar ao home dese lugar, que representa o poder de Deus, xa que pola vanidade dos homes e por contradecir os mandatos do Señor foi abandonada. Por outro lado, este tópico da terra custodiada por dragóns e serpes foi un elemento que na Idade Media se tomou da Antiga Roma, e que aparece noutros libros de viaxes coma a viaxe de San Brandán, no que animais de connotacións fantásticas impiden a presenza do home nunhas illas.¹⁷⁷

O Infante Don Pedro comeza a súa visita en Babilonia cunha reunión co Gran Babilón, o gobernante desta terra, o que indica que neste caso existiría un pobo civilizado, todo o contrario ao que di Mandeville, e tamén en comparación non hai rastro aquí de ningunha cita bíblica. Despois, diríxese cara Terra Santa e neste traxecto, nunha cidade imaxinaria chamada “Urrian”, atópase co pobo dos centauros. Na descrición destes, o que máis destaca é que son un pobo sen lei.¹⁷⁸

Na mitoloxía grega, o centauro é un híbrido que combina o corpo dun cabalo cun torso humano. Na literatura e na arte esta criatura aparece como motivo decorativo ou narrativo, de forma individual ou en grupos.¹⁷⁹ Relégaselle ao salvaxismo nos límites da

¹⁷⁴ *Biblia de Jerusalén*. Bilbao: Desclée de Brouwer, 2017, 25–26.

¹⁷⁵ MA, 47.

¹⁷⁶ As fontes nomeadas son o Bestiario de Cambridge e o *Nuzhatu-l-Qulūb* cuxas descrições son recollidas en Malaxecheverría, *Bestiario Medieval*, 223–24.

¹⁷⁷ Gómez Espelosín, Pérez Largacha, and Vallejo Girvés, *Tierras Fabulosas de La Antigüedad*, 325.

¹⁷⁸ IN, 14

¹⁷⁹ Posthumus, “Hybrid Monsters in the Classical World,” 49.

civilización, vagaban polas ladeiras do Monte Pelion, rexións montañosas nas que non existía lei, inhabitables para os humanos.¹⁸⁰ Comían carne crúa e dise que non teñen *nous*, “coñecemento, razón”, eran salvaxes de por si e transgredían as normas da civilización.¹⁸¹ Cando entran en contacto con esta, as súas naturezas caóticas apodéranse deles e coas súas accións remarcan a diferenza entre home e animal. Sendo veciños de Pholos, atácanos cando olen o viño que este abría para os seus invitados, e a mesma reacción teñen cando Heracles para a descansar na súa cova e colle unha xerra de viño, provocando unha batalla. Aínda estando en grupo, non quere dicir que sexan organizados, actúan de maneira egoísta e os resultados son caóticos. Nunha sociedade civilizada, a cultura e as leis ditan o comportamento das persoas, pero eles carecen de ambas.¹⁸² Na Idade Media, a figura do centauro segue sendo coñecida e estando presente en diferentes textos.¹⁸³

É tamén o Infante Don Pedro o que nos fala doutro pobo salvaxe nos arredores, os *alarabes*, que se caracterizan por non ter pobo nin morada coñecida, comer herbas e carnes crúas, andar nús e non ter razón.¹⁸⁴ Este “home salvaxe” aparece continuamente nos libros de viaxe e as descrições son moi similares á que acabamos de ver. Acostumamos identificalos polas seguintes características: non teñen vivenda ou viven en covas ou montañas, carecen de organización social ou relixión, e aliméntanse de herbas ou de carne non cociñada. Tampouco coñecen a razón, como se resalta no texto, ao igual que os centauros. En canto ao seu físico, é habitual que os homes sexan peludos e, moitas veces teñan rabo, e estean nús ou con moi pouca roupa.¹⁸⁵ Ademais, tamén se lles atribúe habitualmente que sexan seres antropófagos e feroces.¹⁸⁶

Serra de Armenia

A serra de Armenia é a seguinte parada do Infante Don Pedro. O autor di que alí está a arca de Noé, probablemente referíndose ao Monte Ararat, no que supostamente varou a arca cando as augas retrocederon (*Xén.* 8: 1-5).¹⁸⁷ Este sería o lugar no que se concentrarían unha serie de animais ponzoñosos coma dragóns, serpes e escorpións que

¹⁸⁰ Ibid., 54.

¹⁸¹ Jan N. Bremmer, “Greek Demons of the Wilderness: The Case of the Centaurs,” in *Wilderness Mythologies*, Berlin, New York: De Gruyter, 2012, 29.

¹⁸² Posthumus, “Hybrid Monsters in the Classical World,” 57–58.

¹⁸³ Malaxecheverría, *Bestiario Medieval*, 188.

¹⁸⁴ IN, 14

¹⁸⁵ Kappler, *Monstruos, Demonios Y Maravillas a Fines de La Edad Media*, 178–81.

¹⁸⁶ Ibid., 186.

¹⁸⁷ Marco Polo é outro autor que nomea os montes de Armenia onde se atopa a Arca de Noé. (MP, cap. xiii, 5r.)

contaminan as augas. Os demais animais tentan beber destas augas pero non poden, ata que chega o unicornio e purifica a auga, e entón xa poden beber todos.¹⁸⁸

O unicornio, segundo o *Fisiólogo*¹⁸⁹ é un animal pequeno, coma unha cabra, que ten un corno no medio da cabeza. Nos lugares que vive hai un gran lago, onde tódolos animais acoden a beber, pero a serpe verte o seu veneno antes de que se reúnan. Entón o unicornio chega, fai a sinal da cruz co corno, e é cando os animais beben porque o veneno se fixo inofensivo. Esta versión do unicornio é a que traslada o autor ata Armenia, e destaca a este animal como símbolo de pureza e bendicido por Deus.

Ao igual que no caso da Torre de Babel, recórrase outra vez aos dragóns e serpes como animais malignos e “ponzoñosos”, advertencia do perigo e do mal. Sen embargo, é o unicornio o que adquire protagonismo neste relato coma o protector, a diferenza doutras descrições da Idade Media sobre este animal, que podía tamén simbolizar o mal e o perigo.

Cidade de Saba

A cidade de Saba, seguinte parada no camiño do Infante Don Pedro, alude á raíña de Saba, gobernante mítica que na Biblia visita ao rei Salomón, chegando con camelos que portaban perfumes, ouro e pedras preciosas, e pono a proba con enigmas para comprobar se era tan sabio como dicían. Ao ver que era verdade o que contaban sobre el decide enviarlle gran cantidade destas riquezas. (1 R: 10, 1-13).¹⁹⁰ No Atlas Catalán, un mapamundi do ano 1375, o reino de Saba aparece situado no sur da provincia de Arabia co nome de “Arabbia Sabba” e a imaxe da raíña é tan grande e espléndida coma a de outros gobernantes do mapa. O texto que acompaña alaba o incenso e mirra da provincia así como a súa abundancia de ouro, prata e pedras preciosas. Outros autores tiñan recollido a súa existencia en mapas ao longo da Idade Media.¹⁹¹

É nesta cidade, que só se relaciona co reino bíblico polo nome, onde o protagonista atopa a aqueles que teñen corpos de homes e caras de cans, aos que chama “rusticanes”.¹⁹² Neste caso, a descrição do texto non nos aporta nada máis, pero pódense identificar

¹⁸⁸ IN, 16-17.

¹⁸⁹ Malaxecheverría, *Bestiario Medieval*, 194–95.

¹⁹⁰ O reino de Sabá ocupaba o sudoeste da Península Arábica, aínda que probablemente fora a rexente dunha das colonias sabeas establecidas no norte. *Biblia de Jerusalén*, 396.

¹⁹¹ Ingrid Baumgärtner, “Biblical, Mythical, and Foreign Women in the Texts and Pictures on Medieval World Maps,” in *The Hereford World Map: Medieval World Maps and Their Context*, ed. Paul D.A. Harvey (London: British Library, 2006), 315.

¹⁹² IN, 21

coma os cinocéfalos. Os *Cynocephaloi* (“Cabeza de can”) son unha raza monstruosa que aparece por primeira vez nomeada por Herodoto pero é Ctesias de Cnido, na súa obra *Indika*¹⁹³ o que os describe como homes con cabeza de can que viven nas montañas da India e se comunican por ladridos. Vístense só con peles de animais, viven en covas, son cazadores rápidos e utilizan espadas, frechas e xavelinas. No ciclo de Alexandre, os cinocéfalos tamén teñen grandes dentes e botan lume pola boca.¹⁹⁴

Yemen

No sur do Yemen, aparecen os carneiros sen orellas cos que se atopa Marco Polo na súa viaxe de regreso a Europa. Estes carneiros descríbense como pequenos, sen orellas e sen buracos no lugar destas, se non con dous cornos pequenos.¹⁹⁵ Podería tratarse dun tipo de carneiros que teñen catro cornos, e os dous cornos inferiores taparían unhas orellas case invisibles.¹⁹⁶ Sen embargo, non aparecen probas de que puidera existir ese tipo de carneiro nese momento e nese lugar, e tamén se podería tratar de carneiros máis pequenos do habitual con orellas case invisibles. Sitúaos na cidade de *Esterim*, actual Shir, dentro da provincia de *Adem*, que sería desde a Antigüidade ata a actualidade un dos portos máis importantes do Mar Vermello.¹⁹⁷

Reino de “Cadelis”

Tanto Pordenone como Mandeville presentan a unha planta que da melóns, cando se abren teñen dentro un animal do tamaño dun cordeiro pequeno, e cómense ambas cousas.¹⁹⁸ A lenda desta planta non deixa de ter algún fundamento real. Este cordeiro tártaro ou agnus Scythicus, tamén chamado *barometz* ou *borametz* en ruso (que significa “cordeiro”) corresponderíase cunha variedade de meloeiro.¹⁹⁹ Ambos sitúana no reino de “Cadelis” ou “Caldea”, xa que Mandeville toma este relato de Pordenone. Este reino, no texto de Pordenone, situaríase na rexión que rodea o Volga, coñecida tamén como Edil, Adil ou Erdil, e que os montes Caspios serían os montes do Cáucaso.²⁰⁰ Mandeville situaríao facendo fronteira con Arabia, e a capital de Cadelis sería *Baldach* (Bagdad).²⁰¹

¹⁹³ Sobre Ctesias de Cnido ampliarase información no apartado adicado á India.

¹⁹⁴ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 15.

¹⁹⁵ MP, capítulo xlvj, fol. 75,v.

¹⁹⁶ Proposta de Yule na súa edición de Marco Polo. Polo, *Libro de Las Maravillas Del Mundo*, 324.

¹⁹⁷ Ibid., 322–23.

¹⁹⁸ PO, 497-498; MA, Parte F, 123

¹⁹⁹ Kappler, *Monstruos, Demonios Y Maravillas a Fines de La Edad Media*, 155.

²⁰⁰ Fray Odorico de Pordenone, *Los Viajes a Oriente de Odorico de Pordenone*, ed. Eugenia Popeanga, Bucuresti: Cartea Universitara, 2007, 145.

²⁰¹ MA, 47-48

Outros viaxeiros do século XVII tamén localizarán esta planta en Rusia e máis concretamente entre o Don e o Volga.²⁰² Sen embargo, os primeiros estudos científicos sobre o tema tamén teñen lugar neste momento e atribúen o cordeiro vexetal a un fento que medraría no sur da China. Outro investigador, Henry Lee, afirmaría que se trataba da planta do algodón e que o barometz sería só unha fábula relacionada con ela.²⁰³ Deixando a un lado as posibles explicacións científicas, esta planta fabulosa é unha das máis curiosas dos libros de viaxes por combinar o mundo vexetal co animal.

4.3. A India

Os primeiros en proporcionar informacións da India foron viaxeiros gregos de Xonia, coma é o caso de Escílax de Carianda, almirante xonio ao servizo do rei persa Darío que formou parte dunha expedición polo Indo. A obra de Escílax non se conservou, pero por algunhas referencias de autores posteriores, coma as de Hecateo de Mileto, debeu incluír na súa obra unha serie de pobos fantásticos coma os esciápodes ou os macrocéfalos. Máis tarde Heródoto, no seu relato, proporciona unha imaxe da India como terra na que se sitúan os recursos máis preciados –os animais máis grandes, ouro- pero na que as súas xentes se caracterizan por unha barbarie extrema: comen peixe e carne crús, devoraban aos enfermos e vestían con xuncos. Outro autor a destacar é Ctesias de Cnido, un médico grego que viviu largo tempo na corte persa a finais do século V a.C., recolleu informacións e noticias que lle chegaban a través de intermediarios ou viaxeiros persas na súa obra, hoxe perdida. As informacións parciais que nos chegan dela a través dun autor grego posterior fálannos dunha imaxe desta terra esencialmente fabulosa, cunha vexetación e fauna sorprendente - como a marticora ou gusanos xigantescos - e habitada por pobos singulares - pigmeos e cinocéfalos. Aínda así, non é un mundo totalmente utópico, se non que os homes tamén se atopan con moitos perigos.²⁰⁴ Estes son motivos que, como veremos, se trasladarán aos libros de viaxes medievais case intactos.

Coas conquistas de Alexandre Magno, séguense mantendo as descrições dun territorio fabuloso pero ademais inténtanse idealizar as súas xentes, froito de certo tinte filosófico dos novos tempos que tendía a trasladar a estas latitudes afastadas os esquemas ideais de conducta baseados na temperanza e austeridade. Este é o caso de Onesícrito,

²⁰² Os relatos doutros viaxeiros son os do varón Sigmund de Herberstein, que fixo unha viaxe a Rusia (1511-1526) e Oleauius, autor de un *Voyage de Moscovie*, aparecido en 1636. Recollido en Kappler, *Monstruos, Demonios Y Maravillas a Fines de La Edad Media*, 155.

²⁰³ Alice F. Tryon, “The Vegetable Lamb of Tartary,” *American Fern Journal* 47, nº 1 (1957): 1–7.

²⁰⁴ Gómez Espelósín, Pérez Largacha, and Vallejo Girvés, *Tierras Fabulosas de La Antigüedad*, 198–200.

piloto da nave real, que falaba dunha India totalmente idealizada caracterizada pola prodigalidade da natureza e a sabiduría dos habitantes. Megástenes, embaixador seleúcida de comezos do século III a.C., na súa obra *Indica* fala dun territorio idealizado recollendo tamén os elementos fantásticos de Ctesias.²⁰⁵

Ademais destes relatos, adquirirán moita importancia as crónicas da campaña de Alexandre do 329-326 a.C. O *Romance de Alexandre* é unha colección das fazañas míticas desta personaxe, probablemente compilado no século III a.C. que inclúe descrições de moitos monstros da India, e o mesmo modelo segue a *Carta de Alexandre a Aristóteles sobre as marabillas da India*.²⁰⁶ Estes textos forman, na Idade Media, un corpus importante, coñecido, moi difundido e fortemente popular se nos guiamos polos nomes dos manuscritos, as traducións e as adaptacións.²⁰⁷ Para os medievais, as triunfais campañas de Alexandre a través de Europa, Oriente Medio e Asia combinan a fascinación da historia, o romance e os libros de viaxes. Os lectores sentíanse impresionados non só polos éxitos militares de Alexandre contra os exércitos inimigos, se non tamén polas xentes estrañas e monstruosas que ía atopando e matando durante as campañas.²⁰⁸ Estes primeiros textos histórico-xeográficos da Antigüidade grega sentarán un precedente na imaxe do Oriente integrándose, co paso do tempo, no imaxinario do Occidente Medieval.²⁰⁹

Nas fontes medievais que nos ocupan, describen unha India de razas monstruosas, que poden inspirarse na realidade, pero tamén de animais míticos que proveñen do mundo antigo. En canto ás súas localizacións, son case sempre confusas, de maneira que se crea un imaxinario da India como gran territorio.

Mandeville é un dos viaxeiros que chega ata a India, e conta das súas xentes que tenden por natureza a non moverse xamais da súa propia terra²¹⁰ e ademais, os que viven preto do río Indo teñen unha cor horrible, entre verde e amarelo, “como si ouiessen el mal amariello o jauniza”.²¹¹ Esta cor amarela ou “jauniza” corresponderíase co que hoxe chamamos ictericia, un síntoma que aparece con varias enfermidades debido a erros hepáticos que fan que se produza a acumulación de pigmentos biliars no sangue e que a

²⁰⁵ Ibid., 201–3.

²⁰⁶ Van Duzer, “Hic Sunt Dracones: The Geography and Cartography of Monsters,” 405–6.

²⁰⁷ Lecouteux, *Les Monstres Dans La Pensée Médiévale Européenne*, 31.

²⁰⁸ Bowey, *Monstruos Y Grutescos En Los Manuscritos Medievales*, 16.

²⁰⁹ Crivat-Vasile, “Mirabilis Oriens: Fuentes Y Transmisión,” 472.

²¹⁰ Pinto, *Los Viajes de Sir John Mandeville*, 198.

²¹¹ MA, 90

pel, mucosas e a membrana esclerótica do globo ocular se volvan amarelas.²¹² En canto ao causante desta patoloxía, probablemente fose a malaria, máis concretamente a unha variedade chamada febre de augas negras, que provoca ictericia.²¹³ A malaria estaba asentada no subcontinente indio desde a Antigüidade, polo que non sería difícil que esta xente que Mandeville atopa fosen en realidade afectados por esta enfermidade.²¹⁴

O Libro do Conosçimento tamén se detén nesta terra, en concreto no reino “Dilinj”, no que os homes son moi pequenos, como de dous palmos, e loitan coas grullas.²¹⁵ Estes homes son os pigmeos, pobo mítico da Antiga Grecia que se caracterizaba por ser ananos. Na literatura grega, vivían nos extremos do mundo, alimentábanse a base de pequenos animais, practicaban unha agricultura básica, e estaban sempre en perigo polos ataques das grullas, os seus inimigos acérrimos. A súa guerra contra estes animais recibía o nome de Geranomaquia, e aparece documentada na iconografía grega desde as primeiras décadas do século VI a.C. Como pobo mítico e non civilizado que son, non coñecen a vida urbana e cando cazan ou loitan utilizan armas primitivas e rústicas.²¹⁶

Véneto describe ás xentes da India como xente honesta, libre de crueldade e bestialidade, mansos e piadosos, e tamén como mercadores moi ricos.²¹⁷ Estes convivirían cunha especie de híbrido ou home, non queda claro no relato, que se atopa o autor nunha viaxe por un río. Navegando, divisan moitas lareiras e os que están no barco din “icipe icipe” ao referirse a eles. Din que son de forma humana, ou peixes ou monstros. De día están sempre na auga e non hai diferencias entre os homes e as femias, pero de noite saen da auga, apañan leña, e fan lume rascando unha pedra contra a outra na beira do río. Os peixes ven esta luz e acércanse, e os homes cázanos.²¹⁸ A orixe deste monstro pode ser os *Icthiophagi* (“os que comen peixes”). Éste era un pobo que diferentes autores antigos recollen na súa obra e que se caracterizan por este tipo de alimentación e por vivir arredor

²¹² Santiago Segura Munguía, *Diccionario Etimológico de Medicina*, Bilbao: Universidad de Deusto, 2004, 281.

²¹³ Frederick L. Dunn, “Malaria,” in *The Cambridge World History of Human Disease*, ed. Kenneth F. Kiple, Cambridge University Press, 1993, 855–62.

²¹⁴ Hakim Mohammed Said, “Diseases of the Premodern Period in South Asia,” in *The Cambridge World History of Human Disease*, ed. Kenneth F. Kiple, Cambridge University Press, 1993, 413–17.

²¹⁵ CO, 16v, Col. B

²¹⁶ Maurizio Harari, “A Short History of Pygmies in Greece and Italy,” in *Greek Identity in the Western Mediterranean: Papers in Honour of Brian Shefton*, ed. Kathryn Lomas, Leiden: Brill, 2004, 164–66.

²¹⁷ NV, 87v

²¹⁸ NV, 86v

do río, e tamén se representan suxeitando un peixe.²¹⁹ A expresión “icipe” que os mariñeiros din ao velos podería ser porque os identifican con estes ictiófagos. Tamén se englobarían dentro dos homes salvaxes pola súa forma de cazar e de facer lume.

Segue sendo este autor, Nicolao Véneto, o que amplia a descrición monstruosa da India con animais monstruosos. Uns deles son serpes que teñen sete cabezas ordenadas ao longo do corpo, moran nas árbores, son de lixeiro voar e máis venenosas que tódalas outras, xa que só co bafo matan aos homes.²²⁰ Estas serpes son outra versión da hidra de Lerna, monstro da mitoloxía grega que Heracles ten que vencer nun dos seus doce traballos. Vivía nun pantano, era tan venenoso que o seu bafo era mortal e tiña nove cabezas, unha delas inmortal.²²¹ Entre estas dúas versións apreciamos pequenas diferencias, coma o hábitat ou o número de cabezas, pero a inspiración na hidra grega parece indiscutible.

Tamén volve aparecer, por primeira vez na India, a Ave Fénix, á que Veneto lle chama “semenda”. Desta ave di que o seu peteiro parece estar feito coma se se xuntasen frautas con buracos. Cando se achega o tempo da súa morte forma o seu niño con leña seca, canta con tódalas frautas do peteiro, despois bate as ás ata que acende a leña, nacal se deixa queimar, e das cinsas nace un bicho, e deste unha ave.²²² Nesta versión a Ave Fénix recolle as herbas aromáticas na India, como xa apuntaba o fisiólogo grego²²³, pero ademais tamén se descompón neste lugar. Non aparece Heliópolis en absoluto, como vimos na versión anterior, que situaba ao Fénix en Exipto. Como diferenza, tamén debemos resaltar a descrición do bico do paxaro coma unha multitude de frautas, e o feito de que este cante antes de inmolarsse a si mesmo.

Por último, aparece unha árbore marabillosa chamada “árbore da vergoña”. A súa principal característica é que cando algún home se achega a ela, encolle as ramas e cando o home marcha, volve a estendelas. Véneto tamén conta que non produce ningún froitoe que ten unha altura de tres codos,²²⁴ o que correspondería con algo máis dun metro. Aínda que a descrición non encaixa en tódolos detalles, podería tratarse da “Planta Sensitiva” (*Mimosa pudica*). A principal característica desta planta é que cando alguen a tocapecha

²¹⁹ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 17.

²²⁰ NV, 86r

²²¹ Oskar Seyffert, *Diccionario de Mitología Griega Y Romana*, Buenos Aires: Ediciones Obelisco, 1999, 162.

²²² NV, 92v- 93r

²²³ Malaxecheverría, *Bestiario Medieval*, 173-75.

²²⁴ NV, 91v

rapidamente as súas follas como mecanismo de defensa, que se volven a abrir despois duns minutos. É nativa do América Central e do Sur, aínda que tamén podería darse en climas temperados. Componse de follas e flores redondas rosadas e pode chegar a alcanzar uns 30 cms.²²⁵ As dúas descricións son diferentes tanto no tamaño da planta coma en que Véneto describe unha árbore e esta planta é un arbusto. De todas formas, a natureza podería ter inspirado a descrición deste autor.

4.3.1. O reino do Preste Xoán: a outra India

Na formación da lenda do Preste Xoán pode distinguirse un visible proceso evolutivo que quedou reflexado na literatura anterior e posterior á célebre *Carta do Preste Xoán*, a principal responsable da popularidade que alcanza a personaxe no Occidente medieval. As mencións a este personaxe anteriores á Carta falan dun “Presbiter Ioannes” que é rei e sacerdote dun reino do Oriente e os seus proxectos para liberar Terra Santa. O seu territorio estenderíase polas “tres Indias: desde a India ulterior polo deserto ata o orto e polo oeste ata Babilonia a deserta, xunto a Torre de Babel.”²²⁶ En 1165, estes rumores que xa levaban anos circulando plásmanse na *Carta do Preste Xoán*, a responsable do auxe da lenda e da súa divulgación.²²⁷

O documento amosa a un Preste Xoán imperioso, que se conduce con altivez ante os mandatarios europeos. Este monarca asiático declárase sacerdote cristián e representante da verdadeira fe en Oriente; é un home rico e poderoso, dirixente dun vasto imperio colmado de marabillas e inmensas riquezas. Tamén anuncia a súa intención de sumarse á Cruzada. Seguidamente, o núcleo da carta está dedicado por enteiro á descrición dos seus fabulosos dominios, que abundan en todo tipo de marabillas, coma o río do Paraíso, a Fonte da Eterna Xuventude, o Mar Areoso ou as Dez Tribus perdidas de Israel. Ademais, o mito complementábase coa pureza do seu reino: non existen vicios, nin pobreza nin pecado.²²⁸

²²⁵ The Editors of Encyclopaedia Britannica, “Sensitive Plant,” *Encyclopedia Britannica*, 2017, <https://www.britannica.com/plant/sensitive-plant>.

²²⁶ Para os occidentais, da África oriental á China, distínguense tres sectores: as tres Indias. A India Maior comprendería a maior parte da India actual, esta enmarcaríase entre unha India Menor que se estende desde o norte da costa de Coromandel (sudeste da India) e engloba as penínsulas do sudeste asiático, e unha India Meridiana que comprendería a Etiopía e outras rexións litorais do sudoeste asiático. Jacques Le Goff, “L’Occident Médiéval et L’océan Indien: Un Horizon Onirique,” in *Pour Un Autre Moyen Age. Temps, Travail et Culture En Occident: 18 Essais*, Gallimard, 1977, 294–313.

²²⁷ Ana Belén Chimeno del Campo, *El Preste Juan En Los Libros de Viajes de La Literatura Española Medieval*, Madrid: Fundación Universitaria Española, 2011, 44–51.

²²⁸ *Ibid.*, 51–54.

A lenda difúndese con rapidez por Occidente e o desexo de achegamento dos europeos ao soberano asiático materialízase con cartas de resposta e rumores de que aparecería para axudar aos cruzados. Sen embargo, despois de que os tártaros ameazasen Europa, a curiosidade por coñecer a este pobo fai que se comecen a enviar embaixadas para tentar conseguir unha alianza. É neste momento cando, a medida que Asia vai sendo descuberta polos exploradores europeos, as tentativas de atopar ao Preste Xoán no leste do continente resultan inútiles e a súa figura comeza a perder interese para os occidentais.²²⁹

As fontes a tratar neste traballo sitúanse no auxe da lenda, e polo tanto na gran maioría delas fanse referencias ao Preste, aínda que acostuman ser curtas e sen incluír elementos fantásticos²³⁰. Sen embargo, no *Libro das Marabillas* de Mandeville e no *Livro do Infante Don Pedro* retrátase o reino do Preste Xoán como un territorio marabilloso con multitude de monstros que si se deben analizar e incluír como parte da viaxe fabulosa que realizaron estes viaxeiros. Ambas fontes conteñen moitos elementos prodixiosos e extraordinarios, polo que a inclusión desta personaxe marabillosa nos seus escritos parecía ineludible.

No caso de Mandeville, o viaxeiro elabora unha das máis amplas e minuciosas descrições do reino do Preste Xoán desde a difusión da epístola do século XII. Para isto, rescata os episodios máis significativos do entorno desta personaxe, actualízalos e enriqueceos con información recollida de libros de viaxes precedentes e novos datos xeográficos e históricos.²³¹ O máis destacable nesta nova versión é que a tendencia de Mandeville ao fabuloso, que observamos en todo o relato, culmina convertendo o imperio do Preste Xoán no espazo ideal para todo tipo de prodixios, o reino por excelencia das marabillas do Oriente.²³² Segundo este autor, o reino do Preste Xoán ocuparía o territorio da India, en concreto da Alta India, e estaría dividido en illas²³³ formadas polo transcurso dos ríos que nacen no Paraíso, e que discorren por estas terras.²³⁴ Esta concepción fragmentada do territorio relaciónase coa singularidade atribuída ás illas desde a

²²⁹ Ibid., 66–69.

²³⁰ No relato de Pero Tafur fálanse de que no Sinaí que escollen patriarca para enviarlle ao Preste (Tafur, *Andanças E Viajes*, 1999, 94.) e Jeronimo de Santo Estevam nomea un porto que estaría no seu territorio (Fernandes, *O Livro de Marco Paulo, O Livro de Nicolao Veneto, Carta de Jeronimo de Santo Estevam*, 96r.).

²³¹ Chimento del Campo, *El Preste Juan En Los Libros de Viajes de La Literatura Española Medieval*, 172.

²³² Ibid., 193.

²³³ O emperador ten baixo a súa autoridade setenta e dúas provincias, cada unha co seu propio rei, vasallos do Preste. MA, 125

²³⁴ Pinto, *Los Viajes de Sir John Mandeville*, 283.

Antigüidade, pois eran os lugares propicios para a recreación da natureza fantástica.²³⁵ Outra barreira engadida ao illamento deste reino é o dunhas “rocas imán” que provocarían que os barcos se desfíxeran irremediabilmente nas costas.²³⁶ Desta maneira converxen os principais resgos da xeografía imaxinaria, destinados a dificultar o acceso e garantir a autonomía deste universo lendario.²³⁷

No caso do Infante Don Pedro acudiría a este reino despois da visita da Meca, último dos enclaves reais da obra. Os protagonistas do relato inician unha ruta de transición entre o mundo coñecido e o reino deste rei-sacerdote. Este intervalo xeográfico esténdese ao longo de tres provincias fabulosas tributarias do Preste Xoán, dúas habitadas por razas monstruosas: a terra das amazonas (en Sonterra) e a dos xigantes (en Luca).²³⁸ No final do texto inclúese unha carta que supostamente o Preste envía a Poniente, describindo o reino. Neste, habitan diferentes seres fantásticos: grifóns, xentes cun só ollo, co pé redondo, pigmeos e centauros. Dos grifóns, pigmeos e centauros xa se escribiu anteriormente; e sobre as xentes cun só ollo -que comparten esta característica cos centauros e poderían estar relacionados- e os homes de pé redondo -que se di que son bos labradores- non temos máis datos que os relacionen con outras razas monstruosas. Estes monstros aparecen enumerados para adornar o texto e demostrar a acumulación de marabillas no reino do Preste, pois parecen ser a súa maior riqueza.²³⁹

Máis tarde, nos inicios do século XIV abrírase unha vía alternativa para o mito e comezan a cobrar forza os rumores que afirmaban que o Preste se encontraba en realidade en África, continente aínda inexplorado.²⁴⁰ Nesta etapa tardía englobase a obra de Francisco Alvares, *Verdadeira informação das terras do Preste João*, que evidencia unha nova concepción da lenda medieval, e na que o Preste e o seu reino deixarán de ser un ideal para materializarse nun gobernante que pode ser xulgado, e os seus súbditos tamén se someten a crítica, pois distan moito de levar unha vida virtuosa.²⁴¹

A continuación inclúo unha serie de apartados dos diferentes lugares marabillosos deste reino dos que falan as dúas obras citadas: a de Jean de Mandeville e a do Infante

²³⁵ Chimeno del Campo, *El Preste Juan En Los Libros de Viajes de La Literatura Española Medieval*, 181.

²³⁶ Probablemente esta característica estea tomada da descrición das illas do Océano Índico na Antigüidade, da que se falará neste traballo, no apartado correspondente a este espazo.

²³⁷ Chimeno del Campo, *El Preste Juan En Los Libros de Viajes de La Literatura Española Medieval*, 193.

²³⁸ *Ibid.*, 286.

²³⁹ *IN*, 28

²⁴⁰ Chimeno del Campo, *El Preste Juan En Los Libros de Viajes de La Literatura Española Medieval*, 69.

²⁴¹ *Ibid.*, 80.

Don Pedro. En primeiro lugar, describo aqueles paisaxes ou provincias que se situarían dentro do continente, nun espazo non insular, que son principalmente as que describe a obra do Infante. Despois, preséntanse as diferentes illas das que nos fala Jean de Mandeville. Observaremos que neste caso as marabillas son de orixe grega ou recóllense nas obras das expedicións de Alexandre que circularon durante toda a Idade Media. Isto probablemente se deba ao presente que estaba o imaxinario grego sobre esta terra, que era bastante descoñecida para os europeos, e tamén por ser un reino explicitamente marabilloso.

O Mar Areoso

Mandeville destaca como lugar fantástico o Mar Areoso, que non ten unha gota de auga pero que flúe coma se fose un mar calquera, e máis alá, un deserto no que medran unhas pequenas árbores que volven á terra cando cae o sol.²⁴² Neste deserto, atópanse uns homes salvaxes de moi mal aspecto, con cornos, que non falan, se non que gruñen coma porcos.²⁴³ Estes poderían estar relacionados cos *Gegetones* ou *Cornuti* dos que fala Plinio.²⁴⁴

Un animal fabuloso do reino: os odouches

Mandeville tamén nos fala dun monstro dentro deste reino marabilloso, os “odouches”. Son coma grandes cabalos, teñen a cabeza negra e tres longos cornos na fronte cortantes coma unha espada, o corpo de cor parda e é un animal moi feroz e cruel, xa que persegue e mata ao elefante.²⁴⁵ Esta descrición exacta é a que aparece na “Letra de Alexandre a Aristóteles” para definir o *Odontotyrannus*. Este animal, cuxo hábitat é o río, é tan perigoso que mata a vinte catro dos soldados de Alexandre e fere ao dobre deles antes de poder cazalo.²⁴⁶

O reino das amazonas

O primeiro reino fabuloso vasalo do Preste Xoán no libro do Infante Don Pedro é o reino das amazonas. Está habitado por mulleres cristiás e estrutúrase segundo os títulos

²⁴² Outras paisaxes e mitos aparecen nesta descrición do reino do Preste Xoán, coma a do Vello da Montaña, que enganaba a viaxeiros para que se tornaran asasinados a cambio do Paraíso, ou coma o Val Perigoso, que estaba cheo de demóns. Omito estas marabillas por non conter monstros específicos, aínda que seguen sendo de interese para a descrición do reino marabilloso en conxunto. MA, p. 125-129.

²⁴³ MA, 125

²⁴⁴ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 16–17.

²⁴⁵ MA, 130

²⁴⁶ Richard Stoneman, *The Legends of Alexander the Great*, London: I.B. Tauris, 2012, 9.

nobiliárquicos europeos: hai unha raíña, condesas, duquesas, etc. como tamén hai labradoras. Só están con homes durante tres meses do ano. Os homes entran na provincia, escollen a que máis lles guste e están con esa muller na súa casa, non poden estar con outra, se non sería adulterio. Cando teñen descendencia, se é varón, márcanlle cinco cruces de lume cun ferro en lembranza das cinco pragas de Xesucristo, mentres que ás mulleres quéímanlle o peito esquerdo para que manexen mellor o arco, a dereita consérvase para amamantar.²⁴⁷

No mundo grego, de onde xurde este mito, as amazonas son un pobo mítico de mulleres que se gobernan a si mesmas, cazan e van á guerra. De feito o seu carácter guerreiro é tan identitario que dicían que se cortaban o peito dereito para que isto non lles impedira manexar a xavelina, e o esquerdo deixábano para dar de mamar. Ademais, elas tiñan o control sobre o matrimonio e a reprodución, e as fillas eran valoradas mentres que os fillos repudiados, e vivían nos límites do mundo coñecido. Debemos ter presente que representaban o mundo grego ao revés. Na sociedade grega, a muller permanecía no interior da casa e era repudiada, mentres que na sociedade amazónica sucede todo o contrario.²⁴⁸ Neste caso, as amazonas son cristiás sen posibles inclinacións heréticas, excepto ritos pouco convencionais, coma o de marcar aos homes con cinco cruces. Tamén deixan a un lado a comunidade típica grega para pasar a rexirse pola organización dun reino medieval europeo: xa non son unha comunidade guerreira, se non agrícola cunha parte da poboación que se dedica á guerra. Isto tamén denota poder e estatus dentro dos reinos do poderoso Preste. Aínda así, perden a liberdade para escoller compañeiro sexual xa que neste caso o home decide cal é a muller que máis lle gusta. En canto ás demais costumes, consérvanse as mesmas con respecto a outras descrições que veremos: homes e mulleres reúnen para procrear, crianza separada de fillos e fillas coma no mito grego e o peito esquerdo cortado para poder dedicarse á guerra.

A cidade dos xigantes

A seguinte cidade que visitan o Infante Don Pedro e os seus acompañantes é Luca, a cidade dos xigantes. Son moi altos, “de nueve codos en alto” e moi lonxevos.²⁴⁹ Do pasado destes pobo de xigantes dise que Deus lles encargou que só se dedicasen a labrar

²⁴⁷ IN, 24-25

²⁴⁸ Wm. Blake Tyrrell, *Amazons. A Study in Athenian Mithmaking*, Baltimore and London: The John Hopkins University Press, 1984, 41–61.

²⁴⁹ IN, 25

as terras, xa que no pasado quixeran facer a torre de Babel e subir por ela ao ceo.²⁵⁰ Outra vez atopamos mencionado o castigo á arrogancia dos homes que simboliza a torre de Babel.

No mundo grego, os Xigantes son fillos monstruosos de Gaia. Estas criaturas non eran só enormes e brutas se non que ademais tiñan pernas que acababan en colas de serpes. Os Xigantes desafiaron aos deuses olímpicos para lograr a supremacía, o que da lugar a un conflito chamado a Xigantomaquia. Neste conflito, os Xigantes loitaron lanzando enormes pedras e árbores arrancadas, mentres que os deuses olímpicos usaron armas que representan unha cultura avanzada, como frechas e espadas. Representase outra vez a loita do salvaxismo contra a civilización, que vemos representada noutros seres de orixe grega.²⁵¹ Estes xigantes parecen ser moi diferentes dos gregos: viven nunha cidade, conseguen labrar a terra e tamén conseguiron construír unha torre, o que os afasta deses xigantes salvaxes e antropófagos que non sabían nin construír casas. Ademais, son cristiáns e sométense á vontade de Deus, aínda que só despois de telo desafiado.

As illas dos xigantes

Os xigantes actúan como outro pobo salvaxe que ocupa unha illa no relato de Mandeville. Son extremadamente altos, cóbrense con peles de animais e só comen carne crúa e leite. Non teñen casas e prefiren a carne humana sobre outras. Noutra illa veciña, tamén se di que viven xigantes aínda máis grandes e que teñen ovellas coma bois, que dan lá pero é áspera. O autor afirma que “outros viron” moitas veces a estes xigantes no mar coller homes dos barcos, volver a terra con dous en cada man e comelos polo camiño crús e vivos.²⁵² Estes xigantes non teñen nada que ver cos que se describe no relato do Infante, pois son salvaxes, e incluso terroríficos, e moito máis similares a aqueles do mito grego e aos cíclopes da Odisea: viven nunha illa, en covas, son antropófagos, e teñen ovellas.

A illa das mulleres con pedras preciosas dentro dos ollos

É Mandeville outra vez o que nos fala dunha illa que se sitúa cara o norte, onde habitan unhas mulleres con pedras preciosas nos ollos. Dise que son de natureza mala e cruel e que se miran a un home con furia, mátanlo ao momento, como fai o basilisco. O basilisco é un animal maligno que tamén é coñecido por ser o rei das serpes e que posúe

²⁵⁰ IN, 29

²⁵¹ Felton, “Rejecting and Embracing the Monstrous in Ancient Greece and Rome,” 111.

²⁵² MA, 129

este poder do que se fala na mirada.²⁵³ Este mito ten relación cos poemas do ciclo de Alexandre, nos que se fala de serpes con cara de muller e con pedras preciosas no centro da fronte.²⁵⁴

A illa na que as mulleres teñen serpes no corpo

Nesta illa que se describe como moi bonita, boa, grande e densamente poboada, Mandeville relata a costume que se ten de que a noiva, na primeira noite de vodas, durma con outro home para que lle quite a virxindade, servizo que se retribúe ben e que ten grande valor. Cando se lles pregunta a estas xentes porqué manteñen esta costume eles respóndenlles que antigamente algúns morrían ao desvirgar a mulleres que tiñan serpes no corpo, e por iso se seguía sempre este procedemento, para non correr riscos. Polo tanto, os homes consideran que esta é unha actividade perigosa.²⁵⁵ Estas mulleres con serpes no corpo son unha variación do mito da “vagina dentata”: unha vagina con dentes que é a encarnación da sexualidade en forma de monstro. A súa mordida, asentada no órgano sexual feminino e dirixida ao órgano sexual masculino, transforma o sexo, que é sinónimo de pracer e vulnerabilidade, nun asunto perigoso, sanguento e mortal.²⁵⁶ A idea de que os órganos reprodutivos femininos experimentan necesidades e actúan no seu propio favor para satisfacerse xa a vemos en textos filosóficos e médicos gregos nos que Platón fala dun animal que anhela concibir un fillo e o tratado de Hipócrates afirma que a matriz podía moverse por todo o corpo.²⁵⁷

Illa da árbore do Sol e a Lúa

Nunha illa cuberta por un deserto, segundo Mandeville, é onde se atoparían as árbores do Sol e da Lúa, as que lle vaticinaron a Alexandre Magno a súa morte. Os froitos e o bálsamo destas árbores fan que a xente que os tome viva catrocentos ou cincocentos anos. O acceso a estes é moi difícil xa que nestes desertos hai gran cantidade de animais salvaxes, enormes dragóns e serpes que matan e devoran a todo o que se achegue.²⁵⁸ Neste caso, o deserto convértese no lugar propicio para o desenvolvemento da vida vexetal. Mandeville recorre aquí a elementos da lenda do rei macedonio, estreitando os lazos entre

²⁵³ Malaxecheverría, *Bestiario Medieval*, 205–9.

²⁵⁴ Pinto, *Los Viajes de Sir John Mandeville*, 294.

²⁵⁵ MA, 129-130

²⁵⁶ Sarah Alison Miller, “Monstrous Sexuality: Variations of the Vagina Dentata,” in *The Ashgate Research Companion to Monsters and the Monstrous*, ed. Ana Simon Mittman and Peter J. Dendle, Routledge: Ashgate, 2012, 312.

²⁵⁷ *Ibid.*, 314.

²⁵⁸ MA, 133

a India do Preste e os mitos do ciclo alexandrino, aínda que neste caso, a Fonte da Eterna Xuventude é o que poderíamos atopar na obra do conquistador grego. Sen embargo, son os froitos destas árbores os que conceden o don da lonxevidade, motivo inédito que aparece na obra de Pseudo-Calístenes.²⁵⁹ Por outro lado, recompilando o visto ata agora na obra de Mandeville, o motivo do deserto volve representar unha vez máis a inexistencia da civilización e o perigo. Tamén se volve a ver como a custodia destas árbores maravillosas é levada a cabo por outros seres perigosos que fan que o acceso á lonxevidade non sexa alcanzable para calquera.

Na mesma illa onde se atopan as árbores do Sol e da Lúa, tamén reside unhas xentes que teñen toda a pel cuberta dun pelo áspero, excepto a cara e as palmas das mans. Móvense tan ben no mar como na terra e comen carne e pescado crús.²⁶⁰ Estas xentes peludas aparecen a miúdo en Plinio e tamén nas lendas de Alexandre.²⁶¹ Ademais, como xa se vén falando ao longo de todo o traballo, as xentes salvaxes son un motivo recorrente para tódolos textos.

A illa dos ulidores de mazás

Noutra illa atopamos unhas xentes que non traballan nin aran a terra, xa que non comen absolutamente nada. Son pequenos coma os ananos, pero non tanto coma os pigmeos. Viven do cheiro das mazás silvestres, e cando viaxan lévanas consigo, pois se se lles privara delas morrerían. En canto ao razonamento que posúen, son primitivos coma animais.²⁶² Unha vez máis, o autor recorre a Plinio para adornar o seu relato. Esta raza de homes situaríase nas partes máis orientais da India, cerca do Ganxes, segundo o nomeado autor e tamén Megástenes. Caracterizaríanse por non ter boca, ser peludos por todo o corpo e vivir dos olores, especialmente do das mazás, xa que non comen nin beben, tal como di Mandeville.²⁶³

4.4. O océano Índico e o seu espazo insular

O océano Índico é un lugar con gran concentración de marabillas nas súas illas. A tradición de situar monstros aquí provén da Antigüidade, en concreto da obra de Tolomeo (séc. II d.C.). No undécimo mapa de Asia deste autor²⁶⁴ concéntranse unha serie de illas

²⁵⁹ Chimeno del Campo, *El Preste Juan En Los Libros de Viajes de La Literatura Española Medieval*, 201.

²⁶⁰ MA, 133

²⁶¹ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 15–16.

²⁶² MA, 133

²⁶³ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 11.


²⁶⁴ Libro 7 de Tolomeo, capítulos 2 e 3

con gran cantidade de monstros. Unhas destas illas son ás que el chama *Maniolae*, que son magnéticas e atraen calquera barco con cravos - motivo que como xa vimos serepita nas illas do Preste Xoán - e que están habitadas por caníbales chamados *Manioli*. Outras son as illas *Barussae*, *Sindae* e *Sabadicae*, que están habitadas por antropófagos, e por outro lado descríbese a poboación das *Satyrorum Insulae* como aqueles que teñen colas.²⁶⁵ Tanto os caníbales coma os homes con cola aparecerán tamén nestes relatos medievais do Índico, que puideron facilmente terse inspirado ou ter coñecido a obra de Tolomeo. Para Le Goff, os homes da Idade Media proxectaron no océano Índico un mundo “anti-Mediterráneo”, un horizonte onírico que representaría o contrario da civilización e da racionalización.²⁶⁶

Neste subcapítulo agrupo os monstros segundo as illas nas que se sitúan, que poden ser tanto reais como imaxinarias. Os diferentes apartados estrutúranse segundo a orde de aparición e a frecuencia coa que as illas son nomeadas polos autores, aparecendo primeiro as que máis se visitan. Polo tanto os lugares a presentar serán Sumatra, Andamán, Nicobar, “Ormuz”, Xava, “Chana”, “Tracoda”, Ceilán, as illas imaxinarias de Mandeville, as illas Macho e Femia e a illa de Madagascar. A continuación, na páxina seguinte, refléxase este panorama no **Mapa 3**, ao que tamén se lle engadiu os monstros que se viron no capítulo inmediatamente anterior, o da India.

²⁶⁵ Van Duzer, “Hic Sunt Dracones: The Geography and Cartography of Monsters,” 421–22.

²⁶⁶ Le Goff, “L’Occident Médiéval et L’océan Indien: Un Horizon Onirique.”



Mapa 3. A India e o Océano Índico

Sumatra

Na illa de Sumatra, no que Marco Polo di que é o reino de Basman, atópase cun unicornio. Ademais da descrición que xa vimos anteriormente, no fisiólogo de Cambridge descríbese ao *monoceros* (do grego “un só corno”) como un monstro cun corno de asombroso esplendor que perfora facilmente contra todo o que carga.²⁶⁷ Esta sería a acepción que o autor podería ter presente para aquel monstro do que nos fala, xa que o describe como moi grande, con cabelos como de búfalos, pes semellantes aos dos elefantes e cabeza de xabarín. O seu aspecto complétase cun corno moi grande e unha lingua espiñosa, coa que fere a animais e homes.²⁶⁸ En realidade trátase dun rinoceronte, non dun unicornio. En concreto serían os rinocerontes de Sumatra, a especie máis pequena do sureste asiático, que teñen dous cornos, un na fronte e outro no nariz.²⁶⁹ A confusión é similar á que Mandeville tivo cando confundiu os centauros cos hipopótamos: estes viaxeiros aplican unha idea que eles teñen na cabeza, un concepto de monstro, aos animais que van atopando e que poden encaixar.

²⁶⁷ *Bestiario Medieval*, Ignacio Malaxecheverría, (ed.), Madrid: Siruela, 2008, 194–199.

²⁶⁸ MP, Capítulo xv, Livro terceiro, Fol 62 v- 63r

²⁶⁹ Polo, *Libro de Las Maravillas Del Mundo*, 282.

Por outro lado, na mesma illa tamén residirían certas razas monstruosas. Véneto coñece aos *Panotios*, que se caracterizan, sobre todo, por ter grandes orellas, nas que levan ouro colgado, e tamén son crueis e de ásperos costumes,²⁷⁰ o que xa varía da descrición habitual destes homes. A obra de Plinio tamén recollía xa este tipo de raza monstruosa.

Pordenone describe a uns homes que andan nús pola gran calor que fai nesta terra, e que ademais comen carnes humanas de forma habitual, de tal maneira que moitos mercadores que chegan a estas terras levan nenos para vendelos, onde despois se matan e se comen.²⁷¹ Véneto parece volver contar a mesma historia ao falarnos dunha xente antropófaga que vive en guerra continua cos seus veciños na mesma illa. Ademais, di que teñen as cabezas humanas como tesouro: despois de apresar os seus inimigos decapítanos, comen as cabezas e gárdanas para usalas como moeda.²⁷² Ambas historias parecen retratar o mesmo tipo de antropófago despiadado: un compra nenos para comelos e outro dedícase á guerra para comer os cranios dos seus inimigos. Polo tanto, é probable que a historia de Véneto sexa outra versión ampliada da de Pordenone, aínda que tamén se tería inspirado nos antropófagos que presenta Plinio na súa obra. Este autor sitúaos en Escitia ou África e di que beben de cranios humanos e levan cabezas humanas e coiros cabeludos nos seus peitos. Tradicións posteriores afirmarían que comen aos seus pais cando se fan vellos.²⁷³

Nesta illa tamén quedaría espazo para outro tipo de home salvaxe, un home con cola que non vive nas cidades, se non nos montes.²⁷⁴ Mandeville describe estes homes que aínda que non amosan conductas salvaxes tan marcadas, déixase claro que tampouco pertencen á civilización debido aos seus hábitos e tamén á cola que os fai ter unha parte animal, en concreto de can.

Illas Andamán e Nicobar

Na illa Andamán, Marco Polo ten un encontro con cinocéfalos. Son salvaxes, crueis e comen arroz, leite e carnes, incluída carne humana. Tamén son moi feos, con dentes e ollos coma cans.²⁷⁵ En comparación cos cinocéfalos que nos presenta o Libro do Conosçimento²⁷⁶, estes aínda se caracterizan por ser máis crueis, pois tamén son

²⁷⁰ NV, 82r

²⁷¹ PO, 462-463

²⁷² NV, 82r-82v

²⁷³ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 10.

²⁷⁴ MP, Livro terceiro, cap. xviii

²⁷⁵ MP, Livro terceiro, cap. xxi

²⁷⁶ No último apartado deste capítulo, a Tartaria.

antropófagos: teñen máis de monstro que de homes. Na mesma illa, Pordenone fala de homes que comen aos seus familiares²⁷⁷ e Véneto esténdese nesta descrición dicindo que ademais son bárbaros e crueis, xa que se alguén chega alí caen no seu poder e son despeizados para comer.²⁷⁸

Na illa de Nicobar viven, tamén, os cinocéfalos, segundo Mandeville. Estes teñen, tanto homes e mulleres, cabeza de can. Son xentes razoables e de bo entendemento, aínda que van nús, tapando só o seu membro secreto. Son grandes e bos combatentes, e se apresan a alguén en batalla cómeno.²⁷⁹ Seguen sendo antropófagos e teñen unha parte dun animal, pero neste caso tamén se lle atribúen características favorables como seren bos combatentes e con razoamento, o que fai que se afasten máis do resto dos homes salvaxes.

Para Marco Polo, o pobo da illa de Nicobar non ten rei e vive moi bestialmente, os homes e mulleres andan nús, sen cubrir ningunha parte do corpo, e son idólatras.²⁸⁰ A nudez, a falta de organización política e a idolatría volven ser características deste home salvaxe que se repite unha e outra vez.

Illa de Ormuz

Na illa de Ormuz, que sitúan os autores nos arredores da India, contan Pordenone e Mandeville que o calor é tan intenso que os testículos dos homes despréndense do corpo e caen ata media perna, de maneira que os homes, se queren vivir, fan unha pomada para untarse con ela e así untados levan os testículos recollidos nuns saquiños, que se ciñen de redor do corpo.²⁸¹ Neste caso a súa característica peculiar vén dada polo clima do lugar, que outra vez demostra ser un factor para a creación de monstros. Segundo Gil, estes serían os efectos da *Filaria Bancrofti*, a chamada elefantiasis²⁸². Este síndrome caracterízase polo aumento enorme dalgunhas partes do corpo, especialmente das extremidades inferiores e dos órganos xenitais externos, que pode producirse por diversas enfermidades inflamatorias ou polos parásitos dos países cálidos do grupo da filaria.²⁸³

²⁷⁷ PO, 98

²⁷⁸ NV, 82r.

²⁷⁹ MA, 99

²⁸⁰ MP, Livro terceiro, cap. xx.

²⁸¹ PO, 442; MA, 90

²⁸² PO, 442-443.

²⁸³ “Elefantiasis,” *Real Academia Española*, 2014, dle.rae.es/?id=EWBgGkb.

Illa de Xava

Na illa de Xava atopamos unha árbore marabillosa especialmente peculiar. Trátase dunha planta que fai que unha persoa non poida ser ferida por ferro, e son dous os autores que nos falan dela: Odorico de Pordenone e Nicolao Véneto. No caso de Pordenone, atópase unhas cañas nas que hai unhas pedras, e quen leva estas pedras sobre si non pode ser ferido nin morto con ferro. Os habitantes desta comarca lévanas sobre o seu corpo e collen aos seus fillos, fanlle unha incisión no brazo, e introducen unha desas pedras. Isto fai que os homes desta illa sexan aguerridos en combate e grandes corsarios no mar.²⁸⁴ Véneto cambia un pouco a versión ao falar dunha árbore que no medio ten unha vara de ferro moi delgada e tan longa coma o tronco da árbore. Calquera que leve un anaco dese ferro en contacto coa carne, ten a virtude de non poder ser ferido con ferro.²⁸⁵ Máis tarde, outros viaxeiros volven nomear esta planta ou aos homes de Xava como grandes feiticeiros que eran invulnerables ao ferro. Semella que a existencia desta árbore asentárase no imaxinario dos viaxeiros que visitarán a illa, e volverá aos habitantes dela guerreiros temibles.²⁸⁶

Illa de “Chana”

Na illa de “Chana”, probablemente invención de Mandeville, o único que nos fala dela, existen ratos tan grandes coma cans, e teñen que ser cazados por mastíns, xa que os gatos non son capaces.²⁸⁷ Neste caso o monstro crearíase ao aumentar de tamaño esaxeradamente un animal. Podería darse o caso de que nesta illa, que non se conseguiu localizar, houbera ratos especialmente grandes, aínda que non tanto como se di no texto, ou que simplemente todo fose unha licenza que se toma o autor para engadir máis elementos fabulosos ao relato.

Illa de “Tracoda”

É tamén Mandeville o que inclúe no seu texto a illa de “Tracoda”, probablemente da súa invención, na que volve habitar outra raza salvaxe. Trátase de xentes bestiais, non razoables e que viven en cavernas que fan na terra xa que non saben facer casas. Comen carne de serpe e pouco máis, non falan e só asubían coma as serpes. Tampouco coñecen

²⁸⁴ PO, p. 468- 469

²⁸⁵ NV, 92v

²⁸⁶ D. Barbosa falará de que non morren por ferro mentres que T. Pires e J. de Barros nomearán un obxecto engarzado no brazo con poderes curativos. Ver Fray Odorico de Pordenone, “Viaje,” 468–69.

²⁸⁷ MA, Parte D, 91

ningunha cura e estiman por encima de todo unha pedra preciosa de moitas cores.²⁸⁸ Este tipo de homes parecen semellarse aos *Trogloditas*, dos que Plinio nos fala, aínda que segundo este viven nos desertos de Etiopía, en covas, e non posúen fala.²⁸⁹

Illa de Ceilán

En Ceilán, os gansos teñen dúas cabezas, segundo Mandeville²⁹⁰. No caso dos ratos de “Chana”, previamente mencionados, convértense en monstros por ser dun tamaño esaxeradamente grande, e no dos gansos, por multiplicidade dunha parte do seu corpo: a cabeza. Deixando de lado a discusión sobre a súa posible existencia, tampouco parecen proceder dalgún mito anterior, probablemente volvan ser invencións do autor para facer o texto interesante.

As illas de Mandeville

Mandeville introdúcenos unha serie de illas imaxinarias, que serían un total de cincuenta e catro, dicindo que son do dominio do rei das illas Andamán, e que todas elas están habitadas por xentes de moi diversas condicións. Esta estrutura parece recordarnos á viaxe de Ulises na Odisea, na que vai atopando diferentes razas monstruosas e marabillas, tamén cada unha nunha illa diferente, e incluso algunhas das que Mandeville presenta son as mesmas que no relato grego.

En cada illa habita unha raza monstruosa de orixe antiga²⁹¹, en concreto a maioría recollidas por Plinio²⁹², e que enumero a continuación:

- **Os cíclopes:** Descríbense como xigantes que teñen un ollo no medio da fronte e só comen carne e pescado sen pan.²⁹³ De orixe grega, aparecen por primeira vez mencionados na *Teogonía* de Hesíodo. Di deles que eran coma deuses e que os seus traballos amosaban forza e poder de invención. Son eles os que crean o raio para Zeus, o casco de invisibilidade de Hades e o tridente de Poseidón, e pola súa condición de ferreiros algúns chegan a decir que foron os primeiros en facer armas con bronce. Debido á forza física que requiren estas actividades, tamén son considerados xigantes.

²⁸⁸ MA, 99

²⁸⁹ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 19.

²⁹⁰ MA, Parte D. 100

²⁹¹ Pinto, *Los Viajes de Sir John Mandeville*, 225–26.

²⁹² No libro VII da “Historia Natural”, como xa se dixo anteriormente. Plinio, *Natural History*, ed. H. Rackhan. Cambridge, Massachusetts: Harvard University Press, 1979.

²⁹³ MA, 103

Na Odisea de Homero é cando vemos unha descrición máis pormenorizada e aos cíclopes como grupo. Cando Ulises chega á súa illa, observa como a natureza lles aporta todo o que necesitan, non teñen que traballar a terra, pero isto só proba a ollos dos gregos a ausencia dunha comunidade grega normal. Non teñen institucións políticas nin leis, son caníbales ou comen carne sen cocinar, e viven en covas, polo que son salvaxes, non son unha civilización. En canto ao seu característico ollo único, só aparece na descrición de Homero, e existen representacións destes de todo tipo, incluso con varios ollos.²⁹⁴

- **Blemia:** Trátase de xentes de mala natureza que non teñen cabeza, os ollos situados no lombo e a boca coma unha ferradura no medio dos peitos.²⁹⁵ Estes correspóndense coa raza *Blemiae* recollida na obra de Plinio, e que este sitúa nos desertos de Libia.²⁹⁶

- **Epiphagi:** Son unha variedade da raza anterior, só que o que destaca deles é que teñen os ollos nos ombros²⁹⁷, e nisto coinciden tanto Plinio como Mandeville.²⁹⁸ Segundo Friedman, tanto esta raza coma a anterior serían inmigrantes etíopes de raza negra cuxa tribo era chamada os *Blemiae* e que atacaron asentamentos cristianos no norte de África entre o século III e V d.C. A ausencia de pescozo e a presenza dunha cara no peito suxeriría que utilizaban escudos ornamentais ou unha armadura.²⁹⁹

- **Os de cara plana:** A súa cara é plana, sen nariz e sen boca, pero teñen dous pequenos buratos en lugar de ollos e a boca plana sen labios.³⁰⁰ Semella que esta raza monstruosa que Mandeville nos presenta é unha variación dentro das razas monstruosas de Plinio, pero que puido ter, como inspiración, aos *Sciritae* que son homes sen nariz e coa cara plana, pequenos de estatura, segundo Megástenes.³⁰¹

- **Amyctyrae:** Homes cuxa lingua, ou labio superior segundo a edición, lles tapa toda a cara cando se poñen ao sol.³⁰² Trataríase dunha raza pliniana chamada *Amyctyrae*. Esta raza ten un labio inferior, ás veces superior, que sobresaie tanto que pode servir de

²⁹⁴ Jan Bremmer, "Odysseus versus the Cyclops," in *Myth and Symbol I*, ed. S. des Bouvrie, Athens: The Norwegian Institute, 2002, 139–41.

²⁹⁵ MA, 103

²⁹⁶ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 12.

²⁹⁷ MA, 103

²⁹⁸ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 15.

²⁹⁹ *Ibid.*, 25.

³⁰⁰ MA, 103

³⁰¹ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 18.

³⁰² MA, 103-104

parasol. Ademais, comen carne crúa.³⁰³ Tamén recordan aos esciápodes, que utilizan un pé extremadamente grande tamén para protexerse do sol, o que nos recorda outra vez esa relación entre o clima extremadamente cálido e as razas monstruosas. Friedman propón que esta raza podería basearse na costume de estirar os labios da tribo dos Ubangi.³⁰⁴

- **Os que beben por unha caña:** Son pequenos, e teñen un burato en lugar de boca. Comen e beben a través dunha caña, e comunícanse por asubíos ou signos.³⁰⁵ Practicamente a mesma descrición aparece en Plinio, que os sitúa en Etiopía.³⁰⁶ Estaraza podería estar inspirada pola forma que tiñan os bárbaros de beber a cerveza, e que os gregos criticaban: cunha palla que atravesaba uns grans de cebada para chegar ao licor de abaixo.³⁰⁷

- **Panotii (“todo orellas”):** Para Plinio sería unha raza que ten unhas orellas que lles chegan ata os pés e serven como mantas. Son moi tímidos, e cando ven aos viaxeiros despregan as súas orellas e voan coma se foran ás.³⁰⁸ A descrición de Mandeville só fala das orellas.³⁰⁹

- **Hippopodes:** Plinio di que teñen pezuñas de cabalo no lugar de pes e viven cerca do Báltico. Mandeville engade ademais que comen bestas salvaxes.³¹⁰ Segundo Friedman, esta raza pliniana podería tratarse dunha tribo que existe no val do Zambezi na que sería característico sufrir do síndrome de pinzas de cangrexo (*ectrodactilia*) que faría que o pé se dividira en dous grandes dedos en lugar de cinco.³¹¹

- **Artibatirae:** Xentes que camiñan con pes e mans e aparecen representados como bestas en Plinio,³¹² Mandeville engade que andan polas árbores coma simios.

- **Andróxino con dobre sexualidade:** Xentes que son homes e mulleres á vez, teñen membros dos dous sexos e tamén un peito nun lado, e no outro non. Utilizan un

³⁰³ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 9.

³⁰⁴ Ibid., 24.

³⁰⁵ MA, p. 104

³⁰⁶ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 19

³⁰⁷ Ibid., 25.

³⁰⁸ Ibid., 18.

³⁰⁹ MA, p. 104

³¹⁰ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 16.

³¹¹ Ibid., 24.

³¹² Ibid., 11.

sexo ou o outro segundo queiran e poden enxendrar ou concibir criaturas.³¹³ Tamén teñen orixes plinianas, el sitúaos en África.³¹⁴

• **Os que andan sobre xeonllos:** Van sempre sobre xeonllos e teñen oito dedos en cada pé.³¹⁵ Estes homes que andan sobre os xeonllos non parecen ter un equivalente directo cunha raza pliniana aínda que a característica de ter oito dedos en cada pé puido ter sido extraída dos *Pandae*, raza monstruosa que viven nas montañas da India e que, entre outras cousas, teñen oito dedos en cada man e o mesmo en cada pé.³¹⁶

Respecto a este conxunto de razas monstruosas todas extraídas do mesmo autor, evidencian como Mandeville coñecía a obra de Plinio e decidiu incluílas na súa obra, sen intentar aplicar algún tipo de realismo, xa que se trata de simples descrições unhas seguidas de outras.

As illas Macho e Femia

No seu paso polo Mar Arábigo, Marco Polo fálanos de dúas illas, unha para homes e outra para mulleres.³¹⁷ Nunha destas illas, viven os homes, e noutra as mulleres. Os homes van á illa das mulleres e viven con elas tres días e tres meses continuos, cada un na casa da súa propia muller. Despois volven á illa masculina, onde están o resto do ano. As mulleres crían e teñen consigo os nenos ata os catorce anos, e despois envíanos cos pais, sen embargo as fillas quedan con elas. Son os homes, pescadores, os que manteñen ás mulleres, e elas só teñen que coidar das fillas e de certos froitos da illa. Os homes desta illa non teñen rei, pero coñecen ao bispo por señor, e teñen a súa propia linguaxe.³¹⁸ Véneto volve escribir sobre as mesmas illas, só que engade que homes e mulleres non poden vivir xuntos porque morrerían, e amplía o tempo que poden pasar xuntos ata seis meses.³¹⁹

As habitantes da Illa das Mulleres non son guerreiras, se non unha poboación de mulleres cos seus equivalentes na veciña Illa dos Homes. Cada un dos grupos ten unha aparente necesidade biolóxica de permanecer separados excepto por un breve período

³¹³ MA, p. 104

³¹⁴ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 10.

³¹⁵ MA, 104.

³¹⁶ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 18.

³¹⁷ Semellan ser as dúas illas Kuria Muria, na bahía do mesmo nome do Mar Arábigo, fronte ás costas de Omán e ao este de Dhofar. (Polo, *Libro de Las Maravillas Del Mundo*, 313.)

³¹⁸ MP, Livro terceiro, cap. XXXVII.

³¹⁹ NV, 87r.

anual de copulación sen preocupacións.³²⁰ Tamén destaca a cristianización destas xentes e como se fan ver coma un pobo non diferente ao resto, só con esa particularidade. Non se pretende dicir que viven en pecado ou remarcar a súa bestialidade, ao contrario que noutras descrições. Este mito podería estar baseado tanto no das amazonas como en lendas propias do leste que Marco tería escoitado durante a súa viaxe.³²¹ En definitiva, estas mulleres relacionadas coas amazonas manteñen unha relación de subordinación ou, canto menos dependencia, dos homes. A diferenza do mito, non teñen moito que ver coas mulleres libres e independentes que viamos en Grecia.

Illa de Madagascar

Outro animal mítico do que Marco Polo nos fala, aínda que desta vez situado na illa de Madagascar, moito máis preto do continente africano, é dunha ave de gran tamaño semellante á agúa, só que máis grande, e que os locais lle chaman “ruth”. Os que viron estes paxaros afirman que teñen moita forza, tanta que levantan elefantes no aire, déixano caer e despois van comelos. O propio Polo conta que cando escoitou isto pensou que eran grifóns, pero que estes teñen unha parte de ave e outra de besta, e as aves das que lle falan non teñen parte de besta.³²²

Segundo a descrição que fai Marco Polo, non se trata de grifos se non do paxaro Rock ou Rujj, como el mesmo di que lle chaman os locais, “ruth”. O Rujj é unha ave grande e poderosa procedente da mitoloxía india. A súa orixe podería estar no paxaro Garuda, que se representa coma unha agúa xigante e antropomorfa. A través do mundo persa, pasará ao ámbito árabe, onde alcanza un enorme desenvolvemento. Desde este momento aparece en diferentes relatos³²³ un ave que é capaz de levantar en voo animais como tartarugas enormes ou elefantes. Así mesmo, fálase del en obras de carácter científico, como a cosmografía de Al-Dimašqī, onde o describen como de gran tamaño,

³²⁰ Kim M. Phillips, “Warriors, Amazons and Isles of Women: Medieval Travel Writing and Constructions of Asian Fемinities,” in *Intersections of Gender, Religion and Ethnicity in the Middle Ages*, ed. Cordelia Beattie and Kirsten A. Fenton, Gran Bretaña: Palgrave Macmillan, 2011, 195.

³²¹ *Ibid.*, 199.

³²² MP, Capítulo xl, Livro terceiro, Fol. 72r – 72v

³²³ Entre outros Abū Ḥāmid al-Garnāṭī (m. 565/1169-70) no seu *Tuḥfat al-Albāb (El regalo de los espíritus)*, Ibn Baṭṭūṭa (m. 779/1377) na *Riḥla* e especialmente as “Mil e unha noites” (desde o século III/IX), e os encontros de Simbad o Mariño con esta ave. Sandra Sáenz-López Pérez, “El Vuelo de Oriente a Occidente Del Mítico Pájaro Rujj Y Las Transformaciones de Su Leyenda,” *Anales de Historia Del Arte Volumen Ex* (2010): 327–29.

os seus ovos parecen cúpulas, as súas plumas son utilizadas como barrís para conter auga e habita en Oriente, na costa, en illas de Asia, ou tamén no leste de África.³²⁴

A lenda do Rujj transmitirase a Occidente en libros de viaxe a Asia, como é este o caso, aínda que intentan asimilalo a un animal mítico máis coñecido para eles: o grifón. Non obstante, o Rujj non foi tan só asimilado co grifón, se non que tamén cambia as súas características. A fusión destes dous animais míticos fai que os grifóns pasen a localizarse en Oriente e a voar levantando polos aires grandes presas, cando en orixe aos grifóns incluso se lles negaba a capacidade de voar.³²⁵

4.5. Asia Central


A Asia Central é un territorio recorrido por case tódolos viaxeiros que se dirixen a Oriente, xa que a Antiga Rota da Seda por terra pasaba por aquí³²⁶, aínda que poucos se deteñen a describilo. Neste caso, son dous os autores que o fan, Mandeville e Clavijo, aínda que describen lugares bastante diferentes. Mandeville recorre reinos da Antigüidade, o reino das Amazonas e a Bactria antiga, e describe monstros míticos tamén do mundo clásico, mentres que a viaxe de Clavijo pasa polos reinos que se asentaban alí nese momento: Tanguiquina e Samarcanda, e describe a unhas amazonas cristianas e a unha raza monstruosa probablemente inspirada na realidade.

Este capítulo estará ordenado segundo estes lugares, primeiro os de Mandeville e despois os de Clavijo para seguir unha orde cronolóxica. Na páxina seguinte, no **Mapa 4**, vemos onde poderían estar ubicados estes monstros.

³²⁴ Ibid., 328.

³²⁵ Ibid., 334–36.

³²⁶ Zumthor, *La Medida Del Mundo*, 234.



Mapa 4. Asia Central

A Amazonia

As amazonas son as primeiras das que Mandeville nos fala, en concreto da súa terra: a Amazonia, a terra das mulleres, que estaría situada máis alá de Terra Santa. Os homes non poderían vivir nesta terra, polo que só habería mulleres, e estas non queren que os eles fosen os seus señores. Nun tempo pasado, gobernaba un rei e os homes estaban casados coas mulleres, pero estes foron á guerra e a gran maioría morreron. Vendo isto, a reina e outras nobres matarían a tódolos que non foran á guerra para que todas fosen viúvas. Despois disto, se as mulleres teñen un neno envíanolo co seu pai cando sabe andar e comer por si solo, ou mántano. Se teñen unha nena, quítanlle as tetas ou polo menos a dereita, para levar o escudo. Resalta Mandeville que son boas guerreiras, sabias e valentes.³²⁷ O país das Amazonas estaría situado na centro do continente, e o autor pon en relación cos mitos bíblicos, pois nos arredores estaría a terra de Job, onde se conseguiría o maná, ou o reino de Caldea, onde tería nacido Abraham. Semella que o autor retoma estes reinos de mitos pasados para volverlles a dar vida. Ademais, o reino situaríase nunha península con dous entrantes de terra, e fóra estarían os homes cos que

³²⁷ MA, 86.

se deitarían as amazonas cando quixeran.³²⁸ Polo tanto, a península fai aquí a función de illa, como lugar característico dos monstros no relato de Mandeville³²⁹.

Neste caso observamos moitas das características das amazonas do mundo grego: a crianza só das nenas, aínda que pode que maten ou non aos nenos; a amputación do peito; a liberdade sexual; o seu carácter guerreiro e o sistema monárquico. Sorprende por outro lado os bos adxectivos que se lle atribúen e ata unha especie de admiración do autor cara estas mulleres. No relato de Mandeville, aínda que son capaces de moderar a súa sexualidade, non aspiran ao ideal de virxindade cristián nin limitan o sexo só á procreación. E, como guerreiras independentes, rexeitaron aos descendentes masculinos, que poderían ter substituído aos homes perdidos.³³⁰ Polo tanto, parece este un modelo que vai totalmente en contra do que representaba a muller na sociedade medieval da época.

A Bactria

O mesmo Mandeville recorre á tradición clásica, unha vez máis, para denominar o territorio dos grifóns. Segundo el trátase da *Bakeria*, o que os gregos coñecían pola Bactria, antiga rexión situada na Asia Central que pertencía ao territorio de Escitia,³³¹ onde se di que “ay mucha mala gent e muy cruel”³³². Afirmo o autor que é neste lugar onde hai máis grifóns que en ningunha outra parte. Estes compóñense por unha metade superior de aguiá e unha metade inferior de león, e caracterízanse por ter moita forza e seren moi grandes, tanto que cazan cabalos grandes ou dous bois xuntos e lévanos aos seus niños.³³³ Esta descrición coincide coas que aparecen deste monstro desde tradicións moi antigas. O grifón, efectivamente, coñécese por ser un león coas ás e a cabeza dunha aguiá. As súas orixes son discutidas pero existen testemuños en Elam e Exipto desde o tardío cuarto milenio a.C. e en Siria desde o temperán segundo milenio a.C, despois atópase amplamente no antigo Próximo Oriente, ata entrar no repertorio artístico grego e romano, e máis tarde na iconografía xudeu-cristiá.³³⁴ No mundo medieval atopámonos con diferentes descricións. O grifón no *Physiologus* grego é a ave máis grande que existe, que habita no afastado Oriente e voa en parella. No *Bestiario* de Cambridge xa se fala dun

³²⁸ MA, 85-86.

³²⁹ Isto verase sobre todo no apartado do Océano Índico.

³³⁰ Lampert-Weissig, *Medieval Literature and Postcolonial Studies*, 100.

³³¹ Agora está dividida entre Afganistán, Uzbekistán e Tayikistan. Pinto, *Los Viajes de Sir John Mandeville*, 282.

³³² MA, 124.

³³³ MA, Parte F, 124.

³³⁴ Nicolas Wyatt, “Grasping the Griffin: Identifying and Characterizing the Griffin in Egyptian and West Semitic Tradition,” *Journal of Ancient Egyptian Interconnections* 1:1 (2009): 29.

cuadrúpede con alas: corpo de león e alas e cara de agüa. Dise que habita en zonas de hiperbórea e que ataca aos cabalos. No “De natura rerum” de Cantimpré engádesse que habitan na Sythia³³⁵ asiática e que custodian pedras preciosas.³³⁶ Polo tanto o texto de Mandeville coincide coas informacións que xa circulaban pola Idade Media, só que o autor destaca a terrible forza coa que contaba este animal, rasgo que se pode relacionar co paxaro Rock³³⁷, e cabe preguntarse se podería haber unha transferencia de informacións.

Neste territorio tamén é onde nos fala dos hipopótamos, que confunde cos centauros, dicindo que os hipopótamos son medio home e media besta, e que comen xente.³³⁸ O autor, comparando o mito coa realidade, consegue ver as características deste monstro aquí, aínda que non se diga o nome do “centauro” propiamente. Un caso similar será a visión dun unicornio de Marco Polo. Mandeville describe a rexión dos grifóns e hipopótamos como, por un dos lados, rodeada dun deserto moi perigoso, con dragóns serpes e outros animais, e polo outro lado, polo país no que están os pobos de Gog e Magog, que volverán para conquistar o mundo.

Tanguiquina

Clavijo pasa pola Tanguiquina no seu camiño a Samarcanda. Sorpresivamente, xa que o autor apenas inclúe detalles fabulosos no texto, sitúa aquí un río que sae do Paraíso e tamén unha batalla de Alexandre, incluída nos relatos da súa expedición por Asia.³³⁹

Sen embargo, o máis rechamante desta descrición é que aparecen “moitos homes xuntos que son moi feos por pasar moito tempo ao sol, tanto que parecía que saían do inferno”.³⁴⁰ A relación que se establece neste momento entre os homes que pasaban moito tempo ao sol e o inferno fálanos outra vez da prevalencia da teoría sobre o clima: o calor e pasar moito tempo exposto a el é o que cambiaría o aspecto físico destes homes, achegándoos a un físico máis monstruoso ou diabólico que humano, reunindo as características dunha raza monstruosa máis.

³³⁵Esta Sythia coincidiría coa rexión norte do Mar Negro, segundo a información de Herodoto. VV. AA., *Literature of Travel and Exploration. An Encyclopedia*, ed. Jennifer Speake, New York: Routledge, 2003, 105.

³³⁶*Bestiario Medieval*, Ignacio Malaxecheverría, (ed.), Madrid: Siruela, 2008, 138–143.

³³⁷Do que escribiu Marco Polo e situouno en Madagascar, como vimos anteriormente.

³³⁸MA, Parte F, 124.

³³⁹CLA, 238-239

³⁴⁰CLA, 238

Samarcanda

Cando chega a Samarcanda, o embaixador asómbrase ante a riqueza dos seus mercados: a cantidade de especias, pedras preciosas e telas superaban a todo o que tiña visto antes. Nas proximidades da cidade, vivían as amazonas. Segundo a descrición do autor, non teñen costume de estar con homes, salvo nunha época do ano, cando van a terras e lugares próximos onde os homes as convidan, e alí escollen o home co que queren estar. Con eles comen e beben, para despois volver ás súas terras. Se teñen fillas, téñenas con elas, e se teñen fillos envíanos cos pais. Tamén son cristiás nestorianas e dunha das liñaxes que estivo na guerra de Troia.³⁴¹ As amazonas que nos presenta este viaxeiro conservan a liberdade sexual, poden estar co home que queiran, e tamén seguen repudiando aos fillos, aínda que no caso grego eran asasinados. Aparecen cristianizadas e relaciónaselles coa guerra de Troia, xa que na *Ilíada* Príamo recórdaas de guerras pasadas ou incluso chegan a aparecer para axudarlle, dependendo da versión que se manexe.³⁴²

4.6. A China

No caso da China, non se recollen datos tan abundantes nin se crea un marabilloso tan potente arredor dela no mundo antigo, coma é o caso da India. Sen embargo, si que houbo sempre conexións con esta terra por medio da Ruta da Seda, e coñecía-se por ser a produtora deste valioso produto. Foron os romanos os que comezaron a perfilar os resgos dos seus habitantes. Para eles eran chamados os “seres”, vivían na costa da India, no extremo oriental do mundo; recollían a seda das súas árbores portadores de lá; e eran un pobo xusto e pacífico, que eran felices na súa terra de deleite. Autores romanos como Pomponio Mela falará da rexión de “Seras”; Ptolomeo denomínaos coma os “sines” e divídeos en dúas nacións distintas, pero sobre todo serán coñecidos por ser o “pobo da seda” e por estar idealizados, ao igual que outros pobos de Oriente.³⁴³

Non tódolos viaxeiros chegan a nomear este territorio, e os monstros e razas monstruosas que presentan non se describen como malvados ou perversos, como si se poden presentar noutros lugares. Neste caso, parecen curiosidades e descricións que non pretenden xulgar ou cualificar como bo ou malo, se non simplemente, diferente e extraño.

³⁴¹ CLA, 317-318

³⁴² Blake Tyrrell, *Amazons. A Study in Athenian Mithmaking*, 41.

³⁴³ Jean-Michel Poinssotte, “Les Romains et La Chine. Réalités et Mythes,” *Mélanges d’Archéologie et d’Histoire de l’École Française de Rome* 91 (1979): 463–75.

A maioría dos seres monstruosos non se localizan nun lugar concreto, os que sí se asocian a algunha provincia ou cidade están no leste de China, aínda que as descrições non acostuman ser nada precisas, probablemente denotando o descoñecemento deste territorio.

Na provincia de Carayam, actual Yunnan, no sur da China, volve aparecer a *cocatriz*, que noutras edicións da obra sitúan na actual Dali.³⁴⁴ É Marco Polo o que nos fala dunhas grandes serpes, con pernas preto da cabeza, carecen de pés, no seu lugar teñen garras, e teñen a cabeza e os ollos moi grandes. A boca pode engulir un home e os dentes tamén son de gran tamaño, e por isto homes e animais lle temen.³⁴⁵ Neste caso, as similitudes coa *cocatriz* de Pero Tafur, que situaba en Exipto, son evidentes. Os dous describen a un animal moi perigoso, sobre todo para o ser humano, aínda que Marco Polo fala máis dun animal que dun monstro.

Outro animal con rasgos maravillosos que aparece nesta zona, en concreto, segundo Marco Polo na cidade de Quelifu, actual Jianhu³⁴⁶, é a galiña con pelo negro. Son galiñas que non teñen plumas, se non pelos coma gatos, todos de cor negra.³⁴⁷ Odorico de Pordenone tamén advirte da presenza dunhas galiñas peculiares na cidade de Fucho³⁴⁸, onde atopa galiñas con lá, só que desta vez son brancas coma a neve e que carecen de ás³⁴⁹. Unha descripción moi similar de galiñas con lá³⁵⁰ é a que Mandeville relata sobre este tipo de galiñas en *Mancy*³⁵¹, un reino que se correspondería coa China meridional. Tódolos autores sitúan este animal no sudeste de China e parece ter unha explicación real. Esta especie de galiña correspóndese coa *Gallus lanatus*, que se caracteriza por ter o corpo cuberto de plumas brancas moi finas, tamén poden ser negras, de maneira que semellan pelo ou seda. A pel téñena negra, aínda que a carne é branca tamén. Viven en diferentes partes de Asia, sobre todo en Xapón e na China.³⁵² Esta galiña coñécese na actualidade como “galiña sedosa”.

³⁴⁴ Polo, *Libro de Las Maravillas Del Mundo*, 230.

³⁴⁵ MP, Capítulo xl, Livro segundo, Fol. 45r

³⁴⁶ Polo, *Libro de Las Maravillas Del Mundo*, 268.

³⁴⁷ MP, Livro segundo, F. 57, r. Capítulo lxviiij.

³⁴⁸ Descoñécese cal pode ser esta cidade pero sabemos que o seu seguinte destino é a cidade que el chama Cansay, actual Hangzhou, polo que o lugar concreto debe situarse entre estas dúas localizacións. PO, p. 481.

³⁴⁹ PO, Capítulo vigésimo segundo, 479

³⁵⁰ MA, 104.

³⁵¹ Pinto, *Los Viajes de Sir John Mandeville*, 228.

³⁵² George Shaw and James Francis Stephens, *General Zoology or Systematic Natural History by G. Shaw [Continued by J.F. Stephens]*, 1819, 212–13.

Por outro lado, unha das razas monstruosas da China son os pigmeos. Odorico de Pordenone e Jean de Mandeville son os que nos falan deles, nunhas descrições moi similares, e sitúanos na actual Nanjing. Pordenone afirma que miden tres brazadas, fan cousas con algodón, e que son todos fermosos e razoables.³⁵³ Mandeville, nunha descripción máis detallada, fala tamén de homes de pequena estatura, belos, que se casan ao medio ano de idade e non viven máis de seis ou sete anos. Son obreiros que traballan moi ben a seda e o algodón, aínda que non cultivan as terras nin teñen viñas. Están en guerra coas aves, que os collen e os comen. Tamén son razoables pero con malicia.³⁵⁴ Probablemente Mandeville se teña inspirado no relato de Pordenone para introducirmos a estes pigmeos, sen embargo as descrições presentan diferencias a ter en conta. O fraile describe a un pobo de xente pequena pero non deixa claro que sexan os pigmeos, Mandeville amplía esta descripción incluíndo a súa guerra mítica coas grullas, e polo tanto asociándoos directamente co mito grego.

Por último, desta vez da man do Libro do Conosçimento, preséntanse uns homes de moi grande vida, que viven máis de douscentos anos, con estrañas memorias e profundas ciencias. Esta descripción deles faise nun contexto idílico: son os primeiros homes que tiveron lei, ciencias e saberes e os máis nobres, e todo se debe a que viven no clima temperado.³⁵⁵ Como xa se citou anteriormente, o clima temperado era no que se situaba o Occidente Medieval, mentres que os climas cálidos eran aqueles onde estaban as razas monstruosas, pois vivían en climas extremos. Ademais esta descripción do Libro do Conosçimento estaría en estreita relación con aquela que tiñan xa os romanos dun pobo xusto e pacífico e tamén co que conta Plinio sobre os chinos, que vivirían ata os 140 anos.³⁵⁶


Os monstros citados recóllense no seguinte mapa (**Mapa 5**), onde podemos observar que se concentran principalmente na costa fronte a un interior case baleiro.

³⁵³ PO, 485

³⁵⁴ MA, p. 106

³⁵⁵ CO, p. 175

³⁵⁶ Plinio, *Natural History*, ed. H. Rackhan. Cambridge, Massachusetts: Harvard University Press, 1979. VII, II, 525.



Mapa 5. A China

4.7. A Tartaria

A Tartaria é o nome que se lle atribuíu ao territorio do Imperio Mongol. Orixinalmente, os mongois eran unha soa tribo nómada que vivía na zona do lago Baikal, estreitamente relacionados con outras tribos, coma os tártaros.³⁵⁷ Estes pobos das estepas convértense nunha potencia mundial baixo o mandato de Chingis Kan, o “Señor universal”, a finais do século XII. Non era a primeira vez que estes nómadas se xuntaban arredor dun líder forte, pero foi neste momento cando o Imperio sobreviviu ao seu fundador, pois agora o pobo tiña unha conciencia clara do seu destino: a conquista do mundo. A dominación mongol foi cruel e despiadada, pero unha vez superada esta destrución e morte estableceu as bases dunha administración férrea e eficaz que deu cohesión a toda Asia, permitiu un novo florecer da economía e da cultura, e abriu camiños entre Oriente e Occidente.³⁵⁸

³⁵⁷ Os europeos denominan aos mongois “tártaros”, é posible que tomaran o nome dunha das tribos para referirse a todos. Phillips, *La Expansión Medieval de Europa*, 85.

³⁵⁸ Gil, *En Demanda Del Gran Kan. Viajes a Mongolia En El Siglo XIII*, 25–26.

No 1241 os mongois deciden atacar Europa nunha incursión rápida na que derrotaron a tropas aliadas dos polacos na batalla de Liegnitz e chegan a sitiar e tomar Gran, a sede primada de Hungría. A reacción inicial de Europa a estes ataques foi a de horror e desesperación, estimulados por experiencias de carnicerías: contábase que mataban aos nenos nas súas cunas e despedazaban a xoves e vellos. As noticias espalláronse por Europa e comeza a identificarse este pobo con aqueles que encerrara Alexandre detrás da Porta de Ferro, aqueles que romperían o seu cativerio cando se achegara o Apocalipse.³⁵⁹ Este mito é o que aparece no Romance de Alexandre: o conquistador chega a unha terra do norte devastada por bárbaros, incluídos os caníbales Gog e Magog, e protexeu o resto da terra construindo un muro entre dúas montañas para conter os invasores ata o final da Historia.³⁶⁰ Sen embargo, non resultaron ser os pobos de Gog e Magog, pois o anuncio da morte do seu Khan Ogodai (11 de decembro de 1241) puxo fin ao ataque: os comandantes decidiron emprender o regreso para participar na elección do seu novo líder.³⁶¹

Estas noticias que chegaban de todas partes eran demasiado inquietantes para non facer nada ao respecto. O papa Inocencio IV decide no 1245 despachar unha serie de embaixadas aos tártaros, confiadas ós frailes mendicantes, para tantear o ánimo dos invasores, coñecer as súas intencións e proporlles a conversión á fe cristiá. As informacións que reportaron estas embaixadas foron diversas, pero a maioría anunciaban aos mongois como un pobo de costumes salvaxes, pagáns e coma os inimigos da Cristiandade, aínda que dependendo dos autores os informes foron máis ou menos favorables.³⁶² No caso dos libros de viaxes de Carpine e Guillerme de Rubruck empregáronse para describir aos mongois que se atopaban criterios que serven para clasificar aos individuos entre humanos e non humanos no pensamento de Plinio, Solino e Isidoro³⁶³, o que se pode ler coma un posible traspaso desta raza monstruosa de home salvaxe aos mongois, ao igual que aqueles que se foron describindo ao longo das fontes que se tratan no presente traballo.

O Libro do Conosçimento é o único nas nosas fontes que sitúa algún ser monstruoso na Tartaria. Os tártaros son descritos, precisamente, coma o pobo de Gog e

³⁵⁹ Ibid., 47–53.

³⁶⁰ Van Duzer, “Hic Sunt Dracones: The Geography and Cartography of Monsters,” 406.

³⁶¹ Gil, *En Demanda Del Gran Kan. Viajes a Mongolia En El Siglo XIII*, 48.

³⁶² Ibid., 69–118.

³⁶³ Khanmohamadi, *In Light of Another's Word. European Ethnography in the Middle Ages*, 22.

Magog. Afírmase que son pagáns e moi bos loitadores tanto a pe como a cabalo, razón pola que Alexandre Magno non os puido conquistar pero encerrounos tras unhas grandes portas, e estiveron gran tempo reclusos ata que conseguiron saír e conquistaron gran parte do mundo. Seguindo con esta descrición de home salvaxe e pagán, nas terras de *Alberzibi*, ao norte, das que di que son ermas e están deshabitadas, habitan homes que comen a carne e o pescado crús, teñen as caras largas coma cans, pero son brancos, e chámanse cinocéfalos. O propio autor di ser testemuño da súa existencia.³⁶⁴ Outra vez se volve falar dos cinocéfalos, intimamente relacionados co home salvaxe, e que podemos á súa vez relacionar cos tártaros e coa súa natureza non civilizada.

³⁶⁴ CO, 175

5. Monstros e marabillas: o papel dos libros de viaxe na imaxe do Oriente

5.1. A alteridade

Nos libros de viaxe, podemos apreciar un proceso caracterizado non só polo desprazamento, se non tamén por unha serie de encontros que enriquecen o sentido da viaxe en si.³⁶⁵ O viaxeiro ao longo do seu periplo atópase con elementos marabillosos continuamente, pois o marabilloso inclúe todo o que apenas se atopa no seu lugar de orixe e que se asocia coas terras por descubrir, como grandes mercados con telas, pedras preciosas e especias en abundancia, desertos que parecen non ter fin, animais dos que non tiñan oído falar, os ríos do Paraíso, edificios imponentes, ou costumes e comidas das xentes que se van atopando. Todos estes elementos forman parte do mundo que os protagonistas dos relatos descubren, e o monstro parece ser o máximo expoñente, o marabilloso por excelencia.

Desta forma, un sistema de representacións do “diferente” comezou a marcarse no referencial dos occidentais, nun proceso que non é novo, pois esas categorías xa se atopaban no seu universo mítico.³⁶⁶ Esta alteridade vai da man da exterioridade: fóra dos límites coñecidos é onde atopamos o diferente, o contrario a nós, e as terras descoñecidas acostuman ser lugares privilexiados pola súa elevada densidade de fenómenos extraordinarios, sempre situados en rexións de acceso difícil, polo afastadas que están, polo seu illamento ou pola súa dureza. Os pobos que residían nestes lugares, de aparencia pouco comprensible, convértense nos Outros por excelencia. O “alá” nega o “aquí”, e a alteridade remite a espazos descoñecidos, novos. O viaxeiro medieval ve e rexistra a diferenza, non a semellanza: o extraordinario, o sorprendente, dimensións dun espazo inimaxinable.³⁶⁷

Neste sistema do diferente, o home salvaxe vai representar o contrario do home medieval, acabando de compoñerse neste momento unha “etnografía do home salvaxe”: vive no bosque antes que na cidade, en tamaño pode ser xigante ou de tamaño anano coma

³⁶⁵ Pablo Castro Hernández, “Los Viajes Y Lo Maravilloso. Una Lectura a Los Relatos de Viajes Y La Construcción Imaginaria de Las Criaturas Y Lugares de Oriente (Ss. XIII-XIV),” *Revista Electrónica Historias Del Orbis Terrarum*, 2011, 125.

³⁶⁶ Amorim, “Viagem E Mirabilia: Monstros, Espantos E Prodígios,” 139.

³⁶⁷ Zumthor, *La Medida Del Mundo*, 249–54.

o pigmeo, peludo, dedícase á caza e recolección e come a carne crúa dos animais, non coñece a agricultura ou a metalurxia, ten gran forza física, amante da guerra, dado á sexualidade carnal, de escasa intelixencia, falta de fala humana, incapaz de coñecer a Deus porque é irracional, e ligado ao semidivino ou ó semisatánico.³⁶⁸

Para o home medieval, este ser encarnará cualidades prohibidas e impensables de ver no seu entorno, como a antropofaxia, a falta de fala ou a preeminencia do pracer carnal, que tanto era repudiado pola Igrexa como institución. A diferenza entre o home e o home salvaxe, un monstro, vén marcada polo comportamento e non tanto polo físico, aínda que tamén era diferente (peludo, máis pequeno, máis grande...). Podemos relacionar este home oposto cos “Antípodas” dos que falaban os gregos, que cumprían a mesma función na súa sociedade, e tamén co gran número de razas salvaxes (sobre todo nomeadas por Plinio) que se volven representar nos relatos medievais de viaxes. Este home salvaxe medieval semella ser, polo tanto, unha evolución destas razas monstruosas gregas, só que agora as descrições son máis extensas e a súa fama aumenta debido a que os libros de viaxe están sempre a falar deles, case todos conteñen algún tipo de home salvaxe nas súas páxinas. A partir deste momento, estes pobos salvaxes formarán parte do imaxinario medieval coma o seu oposto, non tanto coma o seu inferior, e recoñeceranse como tal cando se encontren en calquera outra parte do mundo.³⁶⁹

O hábitat por excelencia deste home salvaxe será a illa, pois destaca como o espazo ideal para albergar todo tipo de marabillas. O océano Índico e as illas que aquí se sitúan convértense no perfecto ambiente para a alteridade: as illas son abundantes e a maioría non están exploradas, só se accede a eles en barco e foron, desde a Antigüidade Grega, fogar de monstros, como se comproba na Odisea. No caso de Mandeville, utiliza a illa para introducir tódalas razas monstruosas que quere, pois así non ten que buscar un espazo real para colocalas, se non que crea un espazo para elas.

Sendo estes seres os perfectos contrarios ao home medieval, na outra cara da moeda sitúanse sociedades tecnolóxicamente a un nivel similar da medieval deste momento³⁷⁰, como eran a China, en mans do Imperio Mongol, ou o reino de Tamorlán. As descrições que os viaxeiros fan destas xentes e principalmente dos seus gobernantes poderían ser as mesmas nun reino europeo. Para Marco Polo, Kublai Khan era o máis

³⁶⁸ Khanmohamadi, *In Light of Another's Word. European Ethnography in the Middle Ages*, 22–23.

³⁶⁹ É significativo que Colón lle escriba aos Reis Católicos que non había homes monstruosos nas Américas, só salvaxes. O home salvaxe convírtese nunha categoría por si mesmo. *Ibid.*, 30.

³⁷⁰ Baschet, *La Civilización Feudal. Europa Del Año Mil a La Colonización de América*, 580.

poderoso señor que tiña existido, intelixente, valiente e incluso caritativo³⁷¹ e para Clavijo a cidade de Tamorlán estaba chea de riquezas, ben abastecida e celebrábanse grandes festas.³⁷² Nestes reinos, as marabillas non son demasiado abundantes, e na maioría dos casos baséanse en animais ou homes reais, que evocan monstros xa coñecidos. Por suposto, non hai homes salvaxes, bárbaros, pois estes reinos recordan a aqueles que xa coñecen, o que non evita que se poida reaccionar con admitación ou con extrañeza. Os viaxeiros exploran o diferente, aínda que nestes casos lles resulte un tanto familiar.

5.2. As razas monstruosas femininas

A raza monstruosa feminina que aparece máis veces e da man de diferentes autores son as amazonas. Cómo xa se viu, trátase dun grupo de mulleres que forman unha sociedade exclusivamente feminina e que proveñen do imaxinario grego. Encarnan tódalas cualidades típicas do home guerreiro e contrarias ao modelo de muller tanto do mundo grego coma do medieval. Polo tanto, prodúcese unha “masculinización” destas mulleres, o que era visto como algo positivo –sucedería todo o contrario se houbera unha “feminización” dos homes–. No Medievo, estaban presentes nos mapas non como reliquias, se non como a personificación dese conflito co “Outro”, co diferente, por iso estaban sempre situadas na periferia do mundo coñecido, onde a orde europea se tornaba do revés.³⁷³

Unha variedade deste mito é o das illas Macho e Femia, nas que os homes e as mulleres viven en illas diferentes, pero a imaxe que proxectan é totalmente diferente. As habitantes destas illas non son guerreiras, son mulleres pacíficas que teñen o seu compañeiro na illa veciña.

Nos relatos analizados, as amazonas son guerreiras independentes que se gobernan a si mesmas e moitas veces teñen liberdade sexual. Pese a estas características contrarias ao pensamento masculino medieval, son vistas con admiración polos autores que escriben sobre elas e o seu xénero feminino non é posto en dúbida, aínda que se englobarían nunha categoría de xénero máis ampla da que sería aceptable en principio

³⁷¹ MP, Livro segundo, Fol. xxviiij- xxxix

³⁷² CLA, 316-318

³⁷³ A raíña de Saba sería outra muller mítica que se situaba nos límites do mundo coñecido, co seu reino situado en Arabia e cheo de incenso, mirra, ouro, prata e pedras preciosas. Baumgärtner, “Biblical, Mythical, and Foreign Women in the Texts and Pictures on Medieval World Maps,” 315.

polos lectores medievais.³⁷⁴ Quizais esta actitude tolerante dos autores se dera porque estas mulleres posuían características femininas convencionalmente desexables, vivían nas marxes do mundo e estaban ligadas a un pasado antigo e pagán.³⁷⁵

Os outros dous casos de mulleres que son razas monstruosas son os que Mandeville presenta: mulleres con ollos de pedras preciosas e as mulleres con serpes no corpo. En ambos casos a idea que se transmite é que son mulleres perigosas para o home. As mulleres con ollos pedras preciosas son “malas e crueis”, pois matan a unha persoa tan só con mirala, mentres que as mulleres con serpes no corpo mataban a algúns homes que as desvirgaban, quizais por non saber facelo ben, dunha maneira concreta, ou quizais eses desafortunados eran escollidos por azar. Sen embargo, ademais de perigosidade, todas estas mulleres denotan poder, pois poden facerlle dano aos homes e, no caso das mulleres con serpes, facer que as normas sociais cambien: o marido perde o privilexio de desvirgar a muller, e debe deixar que outro home o faga.

Aínda con esta perigosidade tan marcada, a única descrición con calificativos negativos ou que xuzgan a moralidade da muller é a da muller que mata coa mirada. As demais son vistas como algo aceptable, simplemente son outras formas de ver e tratar o xénero feminino. Para os homes medievais preocupados polos correctos roles femininos en Europa, estas narrativas supoñían un espazo no que non era necesario denigrar outras versións da feminidade: resultáballes fascinante a imaxe dunha muller cunha espada ou un arco, ou autogobernándose, sempre que fose lonxe deles, e sempre que non ofreceran o seu perigoso exemplo, un modelo real e diferente da feminidade, ás súas mulleres e fillas.³⁷⁶

5.3. O marabilloso en tres séculos de libros de viaxes

As fontes das que parte este traballo abarcan cronolóxicamente tres séculos durante os que os elementos marabillosos non se manifestaron nin da mesma forma nin coa mesma frecuencia.

No século XIV ten lugar a maior parte das viaxes e estamos ante o auxe dos monstros e do fabuloso, que está presente nos relatos todo o tempo en forma de paisaxes, plantas, animais ou persoas. Estase a redescubrir esta terra, amplíanse os coñecementos

³⁷⁴ Phillips, “Warriors, Amazons and Isles of Women: Medieval Travel Writing and Constructions of Asian Feminities,” 194–95.

³⁷⁵ Ibid., 198.

³⁷⁶ Ibid., 198–200.

sobre ela e confírmase definitivamente como espazo marabilloso. A través dos textos aumentará a difusión desta idea entre o público.

Dentro dos libros deste século distinguimos entre os que retratan viaxes reais e os que recollen viaxes imaxinarias, destacando o libro de Mandeville, introducen continuamente monstros que recollen dos autores antigos, da Biblia ou dos libros de viaxes a Asia anteriores.

No século XV prodúcese un cambio, probablemente influído polo derrubamento do Imperio Mongol, no 1368, subindo a dinastía Ming ao poder e replegándose China sobre ela mesma, o que fai que escasos viaxeiros decidan agora adentrarse no continente asiático.³⁷⁷ A maioría dos libros que se escriben neste momento apenas inclúen marabillas e monstros, ou fano de maneira moi tanxencial, quizais polo peso da tradición que se tiña establecido o século pasado. Clavijo viaxa a Asia pero os monstros que atopa son moi escasos e os elementos marabillosos pasan desapercibidos. O caso de Pero Tafur aínda é máis rechamante xa que nin sequera chega a penetrar no continente por medo, simplemente rodéao, e o único monstro que podemos incluír neste traballo é a cocatriz, que está baseado nun animal feroz, pero un animal tanxible ao fin e ao cabo. A sensación que transmiten estes textos é que hai unha perda de interese nese Oriente marabilloso. A excepción é o relato de Nicolao Véneto, que inclúe unha cantidade importante de monstros, razas monstruosas e tamén unha árbore, e que segue a liña dos libros de viaxes do século pasado en canto á abundancia dos elementos fabulosos.

A viaxe do Infante Don Pedro segue uns patróns totalmente diferentes aos anteriores. Trátase dun texto fantástico que se amosa como tal, non intenta dar ás súas descrições unha aparencia de realidade. É un relato escrito para entreter, non para narrar unha viaxe e describir todo tipo de detalles, como sucedía nos séculos anteriores. Os monstros e razas monstruosas que aparecen son retratados dunha maneira amable, nunca como seres perigosos. Sen embargo, os elementos marabillosos que tanto abundan fan que se diferencie doutros textos que se estaban escribindo neste momento, que buscaban narrar só o que vían e tocaban.

A pesar desta evolución e destas diferencias, estes textos poden tratarse en conxunto porque todos están relacionados polos lugares que visitan, e os monstros que

³⁷⁷ Zumthor, *La Medida Del Mundo*, 234–35.

son semellantes ou se repiten. Todos parten dun mesmo ambiente cultural, o do medievo europeo, e todos aportan algún elemento ao espazo marabilloso de Oriente.

5.4. A extraordinaria diversidade dos monstros

Do panorama monstruoso que se forma en Oriente débese destacar en primeiro lugar a variedade das súas orixes. A maior parte dos seres monstruosos proveñen doutros textos. Éstes poden vir da Antigüidade; da Biblia, cuxa influencia vese nos lugares que albergan as marabillas; e tamén de libros de viaxes medievais inmediatamente anteriores ou de obras medievais varias, destacando as cartas sobre a expedición de Alexandre Magno. O peso dos monstros da Antigüidade Grega é o moi importante, xa que aínda que algúns monstros medievais non sexan exactamente iguais que os gregos, sí que son moi semellantes. Isto vese máis no caso das razas monstruosas que nos animais monstruosos, pois case todas están recollidas dalgún texto antigo. Ademais dos que proceden dos textos, os monstros pódense formar pola observación dalgún ser ou suceso extraño que recorda a un monstro coñecido ou por pura invención, sendo estes últimos grupos os menos frecuentes.

En segundo lugar, convén ter en conta que a ampla maioría dos monstros son razas monstruosas, non animais ou árbores. O home salvaxe é o que máis veces é descrito, coas consecuencias que xa descubrimos anteriormente, pero aparecen todo tipo de homes monstruosos que poden destacar por razóns tan diversas como a cor da súa pel, unha costume diferente, unha enfermidade extraña que lle fai ter unha parte do seu corpo sobredimensionada, ou ser híbrido cun animal, entre outras moitas. As hipóteses que propoño para explicar esta tendencia son un menor interese pola natureza fronte a sociedade humana ou que simplemente os animais monstruosos aparecen menos en fontes antigas. Estas razas monstruosas acostuman agruparse en reinos, illas ou en cidades ou lugares concretos: son seres que viven en grupo. Tamén se debe citar como elemento formador ou incitador á aparición destes seres, que aparece ao longo do traballo, é o calor. Seguindo o mapa macrobiano, estas rexións estarían situadas onde o calor é insoportable, e isto faría que se acumularan aquí as razas monstruosas, pois os humanos non poderían vivir nelas.

Tamén se debe resaltar o papel de Mandeville na creación deste conxunto monstruoso. Aproximadamente a metade de tódolos seres son tomados da súa obra, pois é a máis frutífera de todas neste campo, ata o punto que el mesmo crea monstros

esaxerando algunha característica que en principio non tería nada de diferente, coma os ratos que son de tamaño de cans. Aínda así, moitos dos monstros que tanto el coma Nicolao Véneto presentan son refundicións doutras obras, sobre todo da de Odorico de Pordenone.

Outra característica deste grupo de seres fabulosos é a multitude de “graos de alteridade” nos que se poden situar. É dicir, poden ser monstros moi similares a animais ou persoas, ou totalmente diferentes, realmente moi estraños. Atopamos monstros coma a cocatriz, que é un cocodrilo que asombra e da medo polo seu físico, e descríbese coma unha “besta”, pero non ten unha característica especialmente diferente, ou marabillas que poden ser realmente curiosas e estrañas para o lector, coma as árbores monstruosas, das que non hai antecedentes e poden causar especial asombro; os híbridos, que combinan dous corpos; ou animais míticos coma a ave fénix, que se rexenera.

Finalmente, o marabilloso no Oriente caracterízase pola súa diversidade, que se manifesta en cómo son descritos e nas súas orixes, e pola carga de alteridade que todos eles levan implícito e transmiten ós lectores das obras: esta novo continente é un lugar de fabuloso, de marabilla, que se pode manifestar en calquera espazo e de calquera forma.

5.5. Un continente diferente pero coñecido

Aínda que é evidente a importancia da alteridade no Oriente, debemos recordar que provén da Antigüidade, e que agora se potencia. Os lugares máis poboados con monstros, como poden ser a India ou o océano Índico, son precisamente os que xa foron explorados e dos que existen relatos que falan do seu carácter marabilloso. En cambio, naquelas terras que foron menos exploradas ou das que se teñen menos datos, coma é o caso da Asia Central, a China e a Tartaria, os monstros son bastante menos abundantes. Dentro destes, se nos paramos a examinalos, algúns deles proceden de mitos, pero moitos son tamén aqueles que os viaxeiros van atopando ao seu paso. Estas novidades que se introducen son froito destes novos contactos, por iso os monstros son menos estraños. Preséntanse máis ben como curiosidades que os autores relacionan cos monstros que coñecen, ou simplemente indican cal é o rasgo que fai especial a ese ser en concreto. Isto refléxase moi ben cando Marco Polo confunde un rinoceronte cun unicornio. Este é o perfecto exemplo deste choque entre o marabilloso que os autores teñen presente, e unha nova realidade, pola que queda desmentida a existencia do unicornio como Marco Polo o coñecía.

No caso de Exipto e o Próximo Oriente, mistúranse elementos maravillosos da Antigüidade con lugares da Biblia, deixando a un lado os datos reais que xa se tiñan destas terras, que sempre estiveran en continuo contacto con Europa, sobre todo Exipto. No Próximo Oriente é onde se ve esta fusión máis clara, pois é onde se desenvolve gran parte do relato bíblico. Nos lugares nos que tiveron lugar algúns pasaxes da Biblia insértanse monstros habitualmente de orixe na Antigüidade Grega, e todo isto converxe no presente medieval, deixando de lado a Arabia das especias e riquezas que tamén tiña fascinado a outros viaxeiros e comerciantes que pasaran por alí. A utilización destes lugares bíblicos non debe estrañarnos xa que estaban presentes na Idade Media en mapas e tratados xeográficos que deixaban de lado o panorama xeográfico que se asentaba nese momento, o do Imperio Islámico. Os autores toman os lugares ou monstros que queren sen importarlles a orixe, sobre todo no caso de viaxes maravillosas coma a de Mandeville e a do Infante Don Pedro.

Mención aparte merece o reino do Preste Xoán, pois créase un reino enteiro que estaría asentado na India, nunha especie de realidade paralela ou ocupando só unha parte do territorio. Este reino encarna o maravilloso por excelencia, xa que se basea nas cartas que este rei mítico enviaba a Europa e a súa orixe é puramente medieval. Como vimos, pode estar formado por outros reinos vasalos que están compostos por razas monstruosas, ou por illas, que tamén conteñen sempre monstros, e que ademais estarían separadas unhas das outras, o que aumenta ese carácter de alteridade, illamento.


Dunha vez que sabemos que son os territorios máis coñecidos ou máis nomeados na literatura os que albergan máis monstros e marabillas, tamén debemos pararnos a pensar se estas rexións son as que se sitúan máis ó leste, máis alonxadas do centro europeo coma ocorre no mapamundi de Hereford. Neste mapa, un dos máis importantes da Idade Media, a historia do mundo proxéctase no mapa avanzando gradualmente do leste ao oeste, desde o principio dos tempos ata o seu final, tomando o territorio máis oriental coma o Paraíso e coma o máis cheo de monstros e marabillas.³⁷⁸ Este non é o caso destes libros de viaxes, pois precisamente os territorios máis orientales son os que conteñen menos monstros ou nin sequera se nomean, coma é o caso da China, mentres que a India é recorrida por case tódolos autores. No caso da Tartaria, isto tamén podería explicarse porque os freires que viaxaran a estes territorios xa deran a coñecer as xentes que vivían alí, os mongois, e deixaran de lado ou disminuían estas descrições maravillosas. Polo

³⁷⁸ Jerry Brotton, *Historia Del Mundo En 12 Mapas*, Barcelona: Debate, 2014, 122, 145.

tanto é posible que se os viaxeiros posteriores que chegaban ata aquí seguiran as informacións dos que xa exploraran estas terras, aínda que neste traballo só unha fonte fala desta rexión.

No aspecto no que sí se aplica esta lóxica de centro-periferia é na información xeográfica, xa que canto máis se achegan os viaxeiros ao leste menos cidades ou rexións concretas aparecen, todo se reduce a grandes rexións como pode ser a China ou a Tartaria. No caso da China, Marco Polo e Odorico de Pordenone nomean certas cidades, pero apréciase que son as que eles van atopando na súa viaxe real, e que nunca oíran falar deles antes. Se pensamos na Asia Central, aínda que os monstros non son moi abundantes por non haber unha tradición de marabillas asentada, sí que se fala de cidades ou reinos concretos e que son coñecidos para os autores. Neste caso hai unha grande diferenza entre o relato de Clavijo e o de Mandeville, pois o primeiro nomea os lugares reais e do seu tempo que vai atopando, mentres que o segundo recorre á tradición clásica outra vez, achegándonos información xeográfica que coñece pero doutro tempo.

Esta análise da situación dos monstros no mapa e a súa relación coa información cartográfica real ou imaxinaria preséntase no mapa da páxina seguinte (**Mapa 6**).



Mapa 6. Asia como espazo marabilloso

5.6. Un Oriente de contrastes: do medo á admiración

Unha das cuestións sobre os libros de viaxe a Oriente e a literatura desde a Idade Media sobre o territorio de Asia é se se transmite unha imaxe destas novas terras desde unha perspectiva colonialista, se había un pensamento de futura conquista e se estas xentes eran vistas como inferiores ao home europeo.³⁷⁹ Desde o punto de vista do Oriente como espazo marabilloso, estudando os monstros que aquí se sitúan, as reaccións dos viaxeiros pasan pola estrañeza, o medo ou a calificación moral ata a aprobación e a admiración, pero non se fai unha comparación coas normas ou as realidades da Europa medieval, pois enténdese que este é outro mundo, no que os europeos son intrusos ou invitados.

En canto á imaxe que se transmite, a gran maioría dos monstros son pacíficos ou non interactúan co viaxeiro. Os autores asómbrense e describen o que ven con adxectivos positivos ou neutros, resaltando o que fai a cada ser tan fabuloso. No caso dos animais monstruosos, as descricións acostuman ser neutras, ou sobre o seu comportamento con outros da súa especie e se poden chegar a ser perigosos entre eles. En canto ás razas monstruosas, pódense describir tamén de maneira indiferente ou como “nobles salvaxes”. Este concepto do que fala Friedman³⁸⁰ atribúese a aquelas razas monstruosas ou ás sociedades que forman que posúen características admirables para o home europeo. Casos que podemos nomear son as amazonas, admiradas pola súa valentía e fiereza; os homes de grande vida da China, que son moi sabios; ou os pigmeos que describe Pordenone, que son máis traballadores que outros homes.

Non tódolos monstros son sempre descritos da mesma forma, normalmente nos monstros ou razas monstruosas que se repiten as descricións cambian segundo o autor o desexe. Un animal monstruoso mítico é o unicornio, que o Infante Don Pedro sitúa no Próximo Oriente como “bendecido por Deus” mentres que Marco Polo sitúa en Sumatra ao describir un rinoceronte, que resulta ser perigoso para o ser humano. Os xigantes e os cinocéfalos tamén son salvaxes, antropófagos e perigosos ou amables e de bo entendemento, segundo o autor que os describa.

Aínda que podemos atopar monstros perigosos e que dan medo, como poden ser os homes salvaxes antropófagos ou as serpes e dragóns, estes son os menos numerosos. A imaxe de Oriente como un lugar perigoso pode darse, sobre todo, por grandes desertos

³⁷⁹ Este tema foi tratado no estado da arte coa presentación da teoría do Orientalismo de Edward Said e o movemento reaccionario do postorientalismo e postmodernismo.

³⁸⁰ Friedman, *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*, 163–77.

ou marabillas coma o Mar Areoso, no reino do Preste Xoán, pero estes son casos illados e aparentemente coñecidos polos locais, polo que poderían evitarse. En canto ás rexións, as que conteñen máis marabillas veñen a ser as máis perigosas: o reino do Preste Xoán e, sobre todo, o océano Índico, cheo de illas de salvaxes, moitas veces antropófagos. China e o Próximo Oriente, pola súa parte aparecen como rexións atraentes e sen demasiados perigos, mentres que Tartaria é a rexión da que se da a visión negativa máis contundente. Son os pobos de Gog e Magog os que viven aquí e ademais tamén se atopan cinocéfalos salvaxes que viven en terras ermas e deshabitadas.

Se nos preguntamos sobre a integración destes seres, malvados ou non, na súa realidade, débese dicir que os monstros non supoñen un desafío para a súa comprensión, se non que se integran perfectamente no seu relato, non hai grandes diferenzas entre describir unha paisaxe real a unha marabillosa. Polo tanto, seguen o pensamento medieval de que os monstros se integran na Creación, como un ser máis, e así tamén o plasma Mandeville cando o sátiro que se atopa en Exipto afirma estar dentro do plan de Deus.

En conclusión, a imaxe que os viaxeiros transmiten é de curiosidade, de asombro, sen ter obrigatoriamente connotacións positivas ou negativas. Isto non quere dicir que os lectores non xulgasen o que lían e non puideran comparalo coa súa realidade inmediata, pero non hai unha intencionalidade explícita de denigrar ou comparar estas novas terras, se non máis ben ensalzas.

6. Conclusións

Cando se decidiu que os monstros serían o obxecto de estudo desta tese, o temor principal foi que non puidesen ser o suficientemente relevantes como para crear unha imaxe completa de todo un continente, e nada máis lonxe da realidade. Os monstros aportan unha cantidade de información enorme sobre este territorio, que ten tanto ou máis valor que aquela tanxible que nos aporta o resto do relato. As súas características están ligadas ás do espazo, e realmente como historiadores podemos vislumbrar a través deles cal podía ser o pensamento destes viaxeiros medievais e dos seus lectores.

Neste traballo intentouse describir a imaxe marabillosa do Oriente a partir dos diferentes monstros pero dándolles un sentido, relacionándoos coas viaxes, os autores e os lugares, e cal puido ser o impacto destas informacións nos que tiñan acceso a estas obras. Quizais este foi un obxectivo ambicioso e no que non se ten indagado demasiado anteriormente, pois se nos paramos a repasar obras anteriores están máis ben centradas en crear un catálogo de monstros ou en describir o Oriente en conxunto. Sen embargo, esta tese aporta resultados interesantes en canto a percibir como os monstros orientais comparten unhas características comúns e tamén unhas diferenzas segundo onde se sitúen, e estas descúbrennos directamente as impresións que o Oriente xeraba aos europeos neste momento. Un exemplo claro témolo, como vimos previamente, na imaxe da China fronte ao Océano Índico: o primeiro é un territorio pacífico e civilizado fronte a unhas illas cheas de perigos e homes salvaxes. Así vemos como un territorio transmite perigo e o outro curiosidade, e como as descrições normalmente van ligadas ás das xentes e as dos propios territorios, que tamén acostuman ser perigosos ou benignos, segundo o que se queira transmitir.

No conxunto do continente, obsérvase como o marabilloso está en gran parte do territorio explorado, normalmente cerca das rutas que seguían os viaxeiros e que se repiten, e tanto a acumulación destes seres ou a súa ausencia revélanos o nivel de coñecemento dese lugar, o nivel de misticismo que o rodea e, por suposto, en qué medida os diferentes autores tenden a incluír elementos fabulosos. Desta maneira, podemos chegar a vislumbrar o que se coñecía e tamén como o marabilloso se asentou nos lugares que non se tiñan explorado anteriormente.

Na construción do imaxinario do Oriente débese destacar a influencia da corrente do postcolonialismo e o rexeitamento do Orientalismo, tanto neste traballo como en

outros proxectos xa nomeados. Estas novas temáticas e metodoloxías impulsan, polo menos en dous sentidos, os estudos medievais relacionados co marabilloso e aqueles que se preguntan sobre a relación da Europa medieval con outros territorios. Por un lado, o postcolonialismo reivindica a importancia do imaxinario e a súa presenza constante no Medioevo, e por outro, desbótase a idea de que a sociedade medieval europea era un bloque fechado, ignorante, e sobre todo, etnocentrista, para pasar a vela como unha peza máis das conexións entre diferentes territorios. Non poderíamos entender este traballo nin aqueles que tratan estas cuestións recentemente sen ter claras estas ideas, pois só desde esta perspectiva podemos entender o valor dos libros de viaxes como a proba clara destes contactos e as manifestacións do marabilloso como unha parte máis da realidade medieval. Desde os estudos postcoloniais, aínda quedarían no tinteiro preguntas por responder e novas direccións nas que continuar a traballar.

Unha das cuestións a responder é cal é a relación entre estes monstros e tódalas paisaxes marabillosas que aparecen, e qué nova información nos aportaría a inclusión destes espazos fabulosos por sí sós neste traballo. Por falta de tempo, os espazos dos que se falou son aqueles lugares nos que habita o monstro, non aqueles que son marabillosos de por sí, como podían ser desertos sen fin ou cidades especialmente ricas. Neste sentido, tamén se ten relacionado anteriormente o monstro co seu papel nas diferentes narracións e non tanto co espazo de Asia no que se sitúa e qué información nos aporta isto, liña que segue este estudo e que se podería ampliar.

Outra cuestión que queda sen resposta sería cal foi o papel das lendas orientais na construción deste imaxinario, pois saber ata qué punto influíron ou non na narración sería un claro indicador da relación do viaxeiro coas xentes que se atopa no camiño. Sendo máis difícil para un historiador europeo acceder a esta información, a colaboración entre europeos e orientais neste estudo probablemente nos aportaría unha visión moito máis ampla e precisa sobre cales foron as influencias nos imaxinarios en ambos sentidos.

En caso de que se ampliara este estudo a todas as viaxes en conxunto, tanto os elementos marabillosos coma os tanxibles e os encontros con orientais, sería especialmente interesante plantexarse ata qué punto falamos dun espazo diferente, da alteridade, ou dun espazo que deixa de ser unha terra de mitos e que se incorpora neste momento á visión do mundo dos medievais como un territorio máis, un continente no que os seus habitantes son tamén humanos e teñen semellanzas e diferencias cos europeos. Polo tanto, a cuestión sería se Asia representa a alteridade máis radical ou simplemente

un espazo no que habitan outras culturas, que non son tan diferentes cómo se cree nun principio. Nesta liña, outro traballo interesante que queda pendente é aquel que integrara todo o panorama monstruoso dos libros de viaxes medievais europeos a Oriente, pois poderíanse ter unha visión máis ampla dos tópicos que se perpetúan e repiten e tamén comparar as diferentes orixes dos autores.

En canto á influencia destas obras na sociedade, outro campo a estudar sería a repercusión deste marabilloso nos libros de viaxes modernos, cales puideron ser os conceptos que chegaron a transmitirse. O caso máis famoso é o das cartas de Colón, pero iso non impide que noutros textos de viaxes a América ou a Asia non se teña recollido algún destes monstros ou das ideas que representan, como sabemos que é o caso do home salvaxe, estereotipo que se transmite ata o día de hoxe.

7. Índice de mapas³⁸¹

Mapa 1. Leste de África	49
Mapa 2. Próximo Oriente	54
Mapa 3. A India e o Océano Índico	72
Mapa 4. Asia Central.....	82
Mapa 5. A China	88
Mapa 6. Asia como espazo marabilloso.....	100

³⁸¹ Os mapas presentados son de elaboración propia e pretenden representar os monstros e os lugares nos que os sitúan as fontes. Non sempre se poden atopar estes lugares ou simplemente son inventados: nestes casos optouse por representalos segundo as hipóteses que se teñen ou en lugares aleatorios que cumpran as características que o autor indica. Esta é a razón pola que en cada punto se indica o nome do lugar e o monstro, pois no caso contrario podería non quedar claro o espazo que indican as fontes.

8. Bibliografía

Fontes impresas

Aristóteles. *Generation of Animals*. Edited by A.L. (trad.) Peck. Massachusetts: Harvard University Press, 1953.

Biblia de Jerusalén. Bilbao: Desclée de Brouwer, 2017.

Fernandes, Valentim, ed. *O Livro de Marco Paulo, O Livro de Nicolao Veneto, Carta de Jeronimo de Santo Estevam*. Fac-Símile. Lisboa: Biblioteca Nacional, 1922.

Fray Odorico de Pordenone. *Los Viajes a Oriente de Odorico de Pordenone*. Edited by Eugenia Popeanga. Bucuresti: Cartea Universitara, 2007.

———. “Viaje.” In *La India Y El Catay. Textos de La Antigüedad Clásica Y Del Medievo Occidental*, edited by Juan Gil, 433–510. Madrid: Alianza Universidad, 1995.

González de Clavijo, Ruy. *Embajada a Tamorlán*. Edited by Francisco López Estrada. Madrid: Castalia, 1999.

Lacarra, María Jesús, María del Carmen Lacarra Ducay, and Alberto Montaner, eds. *Libro Del Conosçimiento de Todos Los Rregnos et Tierras et Señorios Que Son Por El Mundo, et de Las Señales et Armas Que Han*. Zaragoza: Diputación de Zaragoza, CSIC, 1999.

Mandeville, Jean. *Libro de Las Maravillas Del Mundo*. Edited by Pilar Liria Montañés. Zaragoza: Caja de Ahorros de Zaragoza, Aragón y Rioja, 1979.

Pinto, Ana, ed. *Los Viajes de Sir John Mandeville*. Madrid: Catedra, 2001.

Plinio. *Natural History*. Edited by H. Rackhan. Cambridge, Massachusetts: Harvard University Press, 1979.

Polo, Marco. *Libro de Las Maravillas Del Mundo*. Edited by Manuel Carrera Díaz. Madrid: Cátedra, 2008.

Pomponio Mela. *Corografía*. Edited by Carmen Guzmán Arias. Murcia:

Universidad de Murcia, 1989.

San Agustín. *Obras de San Agustín, XVI Y XII, "La Ciudad de Dios."* Edited by Victorino Capanaga. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 1977.

San Isidoro de Sevilla. *Etimologías, Vol. I Y II.* Edited by Manuel C. Diaz y Diaz. Madrid: Biblioteca de Autores Cristianos, 1982.

Sánchez Lasmarías, Elena. "Edición Del Libro Del Infante Don Pedro de Portugal, de Gómez de Santisteban." *Memorabilia* 11 (2008): 1–30.

Solino. *Colección de Hechos Memorables O El Erudito.* Edited by Francisco J. Fernández Nieto. Madrid: Gredos, 2001.

Tafur, Pero. *Andanças E Viajes.* Edited by Miguel Ángel Pérez Priego. Sevilla: Fundación José Manuel Lara, 2009.

Estudios

Alison Miller, Sarah. "Monstrous Sexuality: Variations of the Vagina Dentata." In *The Ashgate Research Companion to Monsters and the Monstrous*, edited by Ana Simon Mittman and Peter J. Dendle, 311–28. Routledge: Ashgate, 2012.

Amorim, Maria Adelina. "Viagem E Mirabilia: Monstros, Espantos E Prodígios." In *Condicionantes Culturais Da Literatura de Viagens - Estudos E Bibliografias*, edited by Fernando Cristóvão (coord.), 126–81. Coimbra: Almedina, 2002.

Aristóteles. *Generation of Animals.* Edited by A.L. (trad.) Peck. Massachusetts: Harvard University Press, 1953.

Aurell, Jaume. "El Nuevo Medievalismo Y La Interpretación de Los Textos Históricos." *Hispania* LXVI, nº 2 (2006): 809–32.

Baschet, Jérôme. *La Civilización Feudal. Europa Del Año Mil a La Colonización de América.* México: FCE, Embajada de Francia en México, 2009.

Baumgärtner, Ingrid. "Biblical, Mythical, and Foreign Women in the Texts and Pictures

on Medieval World Maps.” In *The Hereford World Map: Medieval World Maps and Their Context*, edited by Paul D.A. Harvey, 305–34. London: British Library, 2006.

Biblia de Jerusalén. Bilbao: Desclée de Brouwer, 2017.

Blake Tyrrell, Wm. *Amazons. A Study in Athenian Mithmaking*. Baltimore and London: The John Hopkins University Press, 1984.

Borm, Jan. “Defining Travel: On the Travel Book, Travel Writing and Terminology.” In *Perspectives on Travel Writing*, edited by Glenn Hopper and Tim Youngs, 13–26. Ashgate: Aldershot, 2004.

Bowey, Alixe. *Monstruos Y Grutescos En Los Manuscritos Medievales*. Madrid: Ediciones AyN, 2006.

Bremmer, Jan. “Odysseus versus the Cyclops.” In *Myth and Symbol I*, edited by S. des Bouvrie, 135–52. Athens: The Norwegian Institute, 2002.

Bremmer, Jan N. “Greek Demons of the Wilderness: The Case of the Centaurs.” In *Wilderness Mythologies*, 25–53. Berlin, New York: De Gruyter, 2012.

Broek, R. van den. *The Myth of the Phoenix: According to Classical and Early Christian Traditions*. Leiden: E. J. Brill, 1972.

Brotton, Jerry. *Historia Del Mundo En 12 Mapas*. Barcelona: Debate, 2014.

Casas Rigall, Juan. “Razas Humanas Portentosas En Las Partidas Remotas Del Mundo (de Benjamín de Tudela a Cristóbal Colón).” In *Maravillas, Peregrinaciones Y Utopías: Literatura de Viajes En El Mundo Románico*, edited by Rafael Beltrán Llavador, 253–90. Universitat de València, 2002.

Castro Hernández, Pablo. “La Idea Del Viaje En La Edad Media. Una Aproximación Al Espíritu Del Viajero Y La Búsqueda de Nuevos Mundos.” *Historias Del Orbis Terrarum* 5 (2013): 64–87.

———. “Los Viajes Y Lo Maravilloso. Una Lectura a Los Relatos de Viajes Y La

- Construcción Imaginaria de Las Criaturas Y Lugares de Oriente (Ss. XIII-XIV).” *Revista Electrónica Historias Del Orbis Terrarum*, 2011, 110–41.
- Chimeno del Campo, Ana Belén. *El Preste Juan En Los Libros de Viajes de La Literatura Española Medieval*. Madrid: Fundación Universitaria Española, 2011.
- Córdoba Zoilo, Joaquín M. “La Atracción Por Oriente.” In *Viajes Y Viajeros En La Europa Medieval*, edited by Feliciano Novoa Portela and F. Javier Villalba Ruiz de Toledo, 77–100. Madrid: Lunwerg Editores y CSIC, 2007.
- Correia, Margarida Sérvulo. *As Viagens Do Infante D. Pedro*. Lisboa: Gradiva, 2000.
- Crivat-Vasile, Anca. “El Viaje de Nicolo Dei Conti En Los Relatos de Pero Tafur Y Poggio Bracciolini.” *Revista de Filología Románica* 13 (1997): 231–52.
- . “Mirabilis Oriens: Fuentes Y Transmisión.” *Revista de Filología Románica* 11–12 (1994).
- Deluz, Christiane. “Mandeville, John (Died 1372?).” *Encyclopedia of the Middle Ages*. James Clarke & Co, 2000.
- . “Marco Polo (1254-1324).” *Encyclopedia of the Middle Ages*. James Clarke & Co, 2000.
- Dunn, Frederick L. “Malaria.” In *The Cambridge World History of Human Disease*, edited by Kenneth F. Kiple, 855–62. Cambridge University Press, 1993.
- “Elefantiasis.” *Real Academia Española*, 2014. <http://dle.rae.es/?id=EWBgGkb>.
- Elvira Barba, Miguel Ángel. *Arte Y Mito: Manual de Iconografía Clásica*. Madrid: Silex Ediciones, 2008.
- Felton, D. “Rejecting and Embracing the Monstrous in Ancient Greece and Rome.” In *The Ashgate Research Companion to Monsters and the Monstrous*, edited by Ana Simon Mittman and Peter J. Dendle, 103–31. Routledge: Ashgate, 2012.
- Fernandes, Valentim, ed. *O Livro de Marco Paulo, O Livro de Nicolao Veneto, Carta de Jeronimo de Santo Estevam*. Fac-Símile. Lisboa: Biblioteca Nacional, 1922.

- Ferreira, Fernanda Durão. *Gomes de Santo Estêvão E O Livro de D. Pedro*. Palmela: Contraponto, 2000.
- Fray Odorico de Pordenone. *Los Viajes a Oriente de Odorico de Pordenone*. Edited by Eugenia Popeanga. Bucuresti: Cartea Universitara, 2007.
- . “Viaje.” In *La India Y El Catay. Textos de La Antigüedad Clásica Y Del Medievo Occidental*, edited by Juan Gil, 433–510. Madrid: Alianza Universidad, 1995.
- Friedman, John Block. *The Monstrous Races in Medieval Art and Thought*. New York: Syracuse University Press, 2000.
- G. Guzman, Gregory. “European Clerical Envoys to the Mongols: Reports of Western Merchants in Eastern Europe and Central Asia, 1231-1255.” *Journal of Medieval History* 22, n° 1 (1996): 53–67.
- Gil, Juan. *En Demanda Del Gran Kan. Viajes a Mongolia En El Siglo XIII*. Madrid: Alianza Editorial, 1990.
- . *La India Y El Catay - Textos de La Antigüedad Clásica Y Del Medievo Occidental*. Madrid: Alianza Editorial, 1995.
- Gómez Espelosín, F. Javier, Antonio Pérez Largacha, and Margarita Vallejo Girvés. *Tierras Fabulosas de La Antigüedad*. Servicio de Publicaciones. Universidad de Alcalá, 1994.
- González de Clavijo, Ruy. *Embajada a Tamorlán*. Edited by Francisco López Estrada. Madrid: Castalia, 1999.
- Harari, Maurizio. “A Short History of Pygmies in Greece and Italy.” In *Greek Identity in the Western Mediterranean: Papers in Honour of Brian Shefton*, edited by Kathryn Lomas, 163–90. Leiden: Brill, 2004.
- Jerome Cohen, Jeffrey, ed. *The Postcolonial Middle Ages*. New York: St. Martin’s Press, 2000.

- Kappler, Claude. *Monstruos, Demonios Y Maravillas a Fines de La Edad Media*. Madrid: Akal, 2004.
- Khanmohamadi, Shirin A. *In Light of Another's Word. European Ethnography in the Middle Ages*. Philadelphia: Pennsylvania Press, 2014.
- Kim, Susan M., and Asa Simon Mittman. "Ungefægelicu Deor: Truth and the Wonders of the East." *Different Visions: A Journal of New Perspectives on Medieval Art*, no. 2 (2010): 1–22.
- Lacarra, María Jesús, María del Carmen Lacarra Ducay, and Alberto Montaner, eds. *Libro Del Conosçimiento de Todos Los Rregnos et Tierras et Señorios Que Son Por El Mundo, et de Las Señales et Armas Que Han*. Zaragoza: Diputación de Zaragoza, CSIC, 1999.
- Ladero Quesada, Miguel Ángel. "Mundo Real Y Mundos Imaginarios. John Mandeville." In *Viajes Y Viajeros En La Europa Medieval*, edited by Feliciano Novoa Portela and F. Javier Villalba Ruiz de Toledo, 55–76. Madrid: Lunweg Editores y CSIC, 2007.
- Lampert-Weissig, Lisa. *Medieval Literature and Postcolonial Studies*. Edinburgh: Edinburgh University Press, 2010.
- Le Goff, Jacques. "L'Occident Médiéval et L'océan Indien: Un Horizon Onirique." In *Pour Un Autre Moyen Age. Temps, Travail et Culture En Occident: 18 Essais*, 294–313. Gallimard, 1977.
- . *Lo Maravilloso Y Lo Cotidiano En El Occidente Medieval*. Barcelona: Gedisa, 2008.
- Lecouteux, Claude. *Au-Delà Du Merveilleux, Essai Sur Les Mentalités Du Moyen Âge*. Paris: Presses de l'Université de Paris-Sorbonne, 1998.
<http://gallica.bnf.fr/ark:/12148/bpt6k33263423/f32.image.r=ghat>.
- . *Les Monstres Dans La Pensée Médiévale Europeéne*. Paris: Presses de l'Université de Paris-Sorbonne, 1993.

- López Estrada, Francisco. "Ruy González de Clavijo. La Embajada a Tamorlán. Relato Del Viaje Hasta Samarcanda Y Regreso (1403-1406)." *Arbor* CLXXX, 711 (2005): 515–35.
- Malaxecheverría, Ignacio, ed. *Bestiario Medieval*. Madrid: Siruela, 2008.
- Mandeville, Jean. *Libro de Las Maravillas Del Mundo*. Edited by Pilar Liria Montañés. Zaragoza: Caja de Ahorros de Zaragoza, Aragón y Rioja, 1979.
- Mejía, Carmen. "El Libro Del Infante Don Pedro de Portugal: Estudio Crítico Y Problemas de Transmisión." *Revista de Filología Románica* 15 (1998): 215–32.
- Metzler, Irina. "Perceptions of Hot Climate in Medieval Cosmography and Travel Literature." *Reading Medieval Studies* 23 (1997): 69–105.
- Mollat, Michel. *Los Exploradores Del Siglo XIII Al XVI: Primeras Miradas Sobre Nuevos Mundos*. México: Fondo de Cultura Económica, 1990.
- Oroz Reta, José. "M. Terencio Varrón Reatino Primer Humanista Romano. En El Bimilenario de Su Muerte." *Helmantica* XXV (1974): 497–510.
- Pérez Priego, Miguel Ángel. "Estudio Literario de Los Libros de Viajes Medievales." *Revista de Filología* 1 (1984): 217–39.
- Phillips, J. R. S. *La Expansión Medieval de Europa*. Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1994.
- Phillips, Kim M. *Before Orientalism. Asian Peoples and Cultures in European Travel Writing, 1245-1510*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press, 2014.
- . "Travel, Writing and the Global Middle Ages." *History Compass* 14/3 (2016): 81–92.
- . "Warriors, Amazons and Isles of Women: Medieval Travel Writing and Constructions of Asian Feminities." In *Intersections of Gender, Religion and Ethnicity in the Middle Ages*, edited by Cordelia Beattie and Kirsten A. Fenton, 183–207. Gran Bretaña: Palgrave Macmillan, 2011.

